




PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 35



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto Lexislativo

1.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia (doc. núm. 7565, 11/PPL-000003)

Publicación do Ditame da Comisión, BOPG nº 135, do 06.05.2021

Punto 2. Comparecencia

2.1 15682 (11/PPP-000055)

Do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 3. Mocións

3.1 15602 (11/MOC-000040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios. (Moción consecuencia da Interpelación nº 8259, publicada no BOPG nº 83, do 27.01.2021, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

3.2 15615 (11/MOC-000041)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria. (Moción consecuencia da Interpelación doc. nº 12718, publicada no BOPG nº 115, do 24.03.2021 e debatida na sesión plenaria celebrada o 27.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

3.3 15659 (11/MOC-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Moción consecuencia da Interpelación nº 3279, publicada no BOPG nº 30, do 14.10.2020, e debatida na sesión plenaria celebrada 27.04.2021)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021



Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 2224 (11/PNP-001472)

Grupos Parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia

Para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

Publicación do acordo, BOPG nº 130, do 28.04.2021

4.2 10805 (11/PNP-001063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

4.3 13710 (11/PNP-001344)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e oito deputados/as máis

Sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

4.4 13980 (11/PNP-001373)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas subvencións convocadas para o ano 2021 para a creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021

4.5 14584 (11/PNP-001433)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto para a cidadanía do proceso de reestruturación e concentración bancaria que se está a producir en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

4.6 14661 (11/PNP-001445)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e trece deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa lexislación orgánica en materia de saúde pública.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021



Punto 5. Interpelacións

5.1 5204 (11/INT-000354)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co uso da lingua galega como lingua vehicular no ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 49, do 19.11.2020

5.2 14298 (11/INT-000823)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021

5.3 14498 (11/INT-000840)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego e coa mellora da empregabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 15674 (11/POPX-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre o plan da Xunta de Galicia para reactivar a economía xerando emprego despois dos datos da Enquisa de poboación activa do primeiro trimestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

6.2 15675 (11/POPX-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as medidas que vai adoptar ante a crise industrial e a perda de emprego que vive Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 13814 (11/POP-001876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre o nivel de eficacia que está a ter a aplicación dos códigos QR para detectar novos grupos de covid-19 e para controlar a capacidade dos locais de hostalaría

Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 13.04.2021



7.2 14576 (11/POP-001973)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da apertura do correspondente expediente para incluír no BIC Torres de Meirás todos os bens mobles que, pola súa vinculación co sitio histórico, deben formar unha unidade e non poden ser desprazados sen autorización.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 130, do 28.04.2021

7.3 15641 (11/PUP-000175)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e sete deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da presenza do galego no mundo dixital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.4 15665 (11/PUP-000177)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a retirada dos bens mobles do Pazo de Meirás pola familia Franco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.5 13740 (11/POP-001865)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis**

Sobre o investimento que vai realizar a Xunta de Galicia no ano 2021 en axudas destinadas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para a posta en marcha de programas específicos de recursos integrais de atención especializada dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 121, do 07.04.2021

7.6 15673 (11/PUP-000178)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as condicións económicas e de traballo do persoal de limpeza de edificios e locais da provincia da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 134, do 05.05.2021

7.7 14290 (11/POP-001936)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre as intencións do Goberno galego de dotar o Hospital da Mariña, en Burela, dunha consulta de cirurxía vascular

Publicación da iniciativa, BOPG nº 126, do 21.04.2021



7.8 14591 (11/POP-001977)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre as razóns para non chamar a vacinar as persoas aseguradas mediante mutuas privadas na orde e momento que lles corresponde en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021

7.9 14562 (11/POP-001971)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai a Consellería do Medio Rural da implicación do sector primario na convocatoria de Manifestación de interese de proxectos autonómicos promovidos por pequenas e medianas empresas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130, do 28.04.2021



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 11.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes (Vega Pérez). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sr. Seco García (S) (Páx. 13.), Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 18.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 22.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sr. Seco García (S) (Páx. 27.), Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 28.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 30.)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 32.)

Votación do texto lexislativo

Votación das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao texto do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia: rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 34.)

Votación das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao texto do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia: rexeitadas por 30 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención. (Páx. 34.)

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia: aprobado por 41 votos a favor, 19 en contra e 12 abstencións. (Páx. 34.)



Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 46.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 50.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 54.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 57.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 64.) *Nesta rolda interveñen o señor Torrado Quintela (S)* (Páx. 64.), *a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 65.), *a señora Amigo Díaz (P)* (Páx.67.) e *o señor conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 70.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 75.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Ortega Otero (S)*. (Páx. 75.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 81.)

A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 85.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 91.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 95.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 98.)

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta moción. (Páx. 99.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 103.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 107.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 110.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros residenciais: *rexeitado por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria: *rexeitada por 32 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das transferencia pendentes: *rexeitado por 19 votos a favor, 36 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 113.)

Proposición non de lei dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: *Sra. Díaz Varela (S)* (Páx. 115.) e *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 118.)

A señora Díaz Varela (S) e a señora Queixas Zas (BNG) interveñen para posicionárense sobre as emendas. (Páx. 121.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 123.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 128.) e *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 132.)



O señor Tellado Filgueira (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 135.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e oito deputados/as máis, sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Ortega Otero (S) (Páx. 140.) e Sr Pazos Couñago (P). (Páx. 143.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 146.)

Suspéndese a sesión ás sete e once minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Imos dar comezo á sesión plenaria.

A ver se nos adaptamos á presencialidade. *(Pausa.)*

¿Non temos o quórum xa? *(Pausa.)*

¡Xa me din que hai quórum!

Bo día.

Damos comezo.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Sen máis, entramos na orde do día.

Como punto 1, texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia

O señor PRESIDENTE: Mantéñense as emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do ditame da Comisión ten a palabra o seu presidente, don Daniel Vega Pérez.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES (Vega Pérez): Grazas, señor presidente.

Bos días a todos, señores parlamentarios.

A proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o 12 de xaneiro de 2021. A Mesa do Parlamento, na reunión do 12 de xaneiro de 2021, admitiuna a trámite e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

A proposición de lei foi tomada en consideración na sesión do Pleno do 26 de xaneiro de 2021. O Grupo Parlamentario Popular formulou cento trinta e sete emendas parciais, o Grupo



Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou setenta e nove emendas e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia formulou duascentas corenta e seis emendas, que foron cualificadas o 8 de marzo do 2021.

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, na sesión do día 11 de marzo de 2021, designou os seguintes ponentes: por parte do Grupo Popular de Galicia, dona María Elena Candia López, titular, e don José Antonio Armada Pérez, suplente; do Grupo do Bloque Nacionalista Galego, Xosé Luís Rivas Cruz, titular, e dona María González Albert, suplente; do Grupo dos Socialistas de Galicia, don Martín Seco García, titular, e María del Carmen Rodríguez Dacosta, suplente.

A sesión constituída da Ponencia tivo lugar o 15 de marzo de 2021. As restantes reunións leváronse a cabo os días 7, 9, 14, 19, 20, 21, 22, 28 e 29 de abril de 2021. Nesta última sesión rematouse o informe.

A Ponencia estudou a proposición de lei xunto coas emendas presentadas e elaborou o seu informe, que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular, agás as transaccións e as pendentes dunha posible transacción en comisión. A Ponencia suxeriu tamén a aceptación dunha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e de trinta e unha emendas por parte do Grupo Socialista de Galicia. Subsumíronse nas correspondentes emendas do Grupo Parlamentario Popular sete emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e unha do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Igualmente, a Ponencia recomendou a aprobación de cincuenta e tres emendas transaccionadas, elaboradas coas correspondentes emendas dos tres grupos parlamentarios. E quedaron pendentes para a Comisión once propostas de transacción.

Retiráronse catro emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na sesión da Comisión do 3 de maio de 2021. E aprobáronse as emendas cuxa aceptación propuxo a Ponencia ás cincuenta e tres emendas transaccionadas, cuxa aceptación tamén recomendou a Ponencia, así como se aprobou unha emenda máis do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e nove emendas transaccionais que foron elaboradas coas correspondentes emendas que quedaron pendentes da Ponencia.

Na sesión da Comisión aprobouse por maioría, co voto favorable do Grupo Parlamentario Popular e a abstención do resto dos grupos parlamentarios, o texto articulado do informe da Ponencia, que incluía as emendas aceptadas e as transaccionadas, coa súa conseguinte transformación no ditame da Comisión.

O ditame da Comisión, que será obxecto de debate e votación nesta sesión plenaria xunto ás emendas mantidas dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, consta dunha exposición de motivos seguida dos cento corenta e nove artigos distribuídos en oito títulos. No título primeiro régúlase a organización administrativa e os demais suxeitos intervenientes na xestión da terra agroforestal. O segundo título ten por obxecto a ordenación de usos e a planificación dos solos agroforestais. No terceiro título establécense os instrumentos de mobilización de terras agroforestais e desenvólvese a es-



trutura e o funcionamento do Banco de Terras de Galicia e o Banco de Explotacións de Galicia. No título cuarto desenvólvense os procedementos de mobilización de terras agroforestais. No título quinto establécense os instrumentos de recuperación de terras agroforestais. No título sexto establécense os procedementos de recuperación de terras agroforestais. No título sétimo regúlanse os instrumentos de fomento e de recuperación de terra agraria. E, por último, no título oitavo establécense normas de control, inspeccións e sancións.

Na súa parte final incorpora sete disposicións adicionais, nove disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e dez disposicións derradeiras.

Todo explicado.

Nada máis, señorías. Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

Comezamos, polo tanto, cos debates.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Quería comezar a miña intervención agradecéndolles persoalmente ao resto dos representantes dos grupos na Ponencia o excelente ambiente que reinou nas múltiples reunións de traballo e as facilidades para chegar a acordos que amosaron todos os que alí estivemos presentes. Quero tamén facer extensivo este agradecemento ao letrado Caride, quen nos acompañou con moita paciente nas nosas longas reunións e nos deu luz xurídica e procedemental neste proceso.

Para o Grupo Socialista esta proposición é unha iniciativa lexislativa moi necesaria, pero que chega con moitos anos de atraso, nos que se foron agravando os problemas ocasionados pola falla de superficie agraria útil, que afecta directamente a viabilidade das nosas explotacións e o abandono do noso mundo rural.

Esta proposición de lei supón un xiro radical sobre as formulacións que mantiveron ata o de agora os gobernos do Partido Popular, polos múltiples atrasos na normativa de ordenación territorial, que afectaron tamén a falla de protección de terras agrarias con respecto a usos urbanísticos desordenados, pola ausencia de iniciativas sobre a mellora das estruturas das



terras agrarias, polo bloqueo e o desenvolvemento das leis que no seu momento fixeran o Goberno de Laxe, como era a Lei de montes veciñais en man común, e do Goberno de Touriño, como é a Lei do Banco de Terras, e por ter rexeitado as múltiples proposicións presentadas polo Grupo Socialista dende a primeira lexislatura de gobernos de Fraga sobre o Banco de Terras, sobre a ordenación e concentración das terras agrarias, sobre o Banco de Exploracións, nuns debates nos que o Partido Popular nunca aceptou ningún tipo de ordenación dos usos da terra, que agora están dispostos a facer. E polos atrasos e a falta de prioridades nos traballos da concentración parcelaria, pois só hai unhas 450.000 hectáreas con concentración parcelaria, que vén sendo un terzo da que debería ter neste momento feita. Un ritmo de traballos por debaixo das 8.500 hectáreas por ano, que están por debaixo dos que se alcanzaban nos comezos destes procesos dende os anos sesenta ata os anos noventa.

Unha vez máis, señorías do Partido Popular, quero pedirllas que deixen de utilizar a fórmula dunha suposta proposición de lei do Partido Popular para traer o que en realidade é un proxecto de lei do Goberno para aprobar novos textos lexislativos. Unha metodoloxía que están utilizando vostedes con demasiada frecuencia. É incomprendible que o fagan así por tratar de acurtar prazos e esquivar os informes preceptivos do Consello Económico e Social, o informe do Consello Agrario, o informe do Consello Forestal, o informe da Asesoría Xurídica do Gabinete de Desenvolvemento Lexislativo.

A forma plantexada polo PP para tramitar a Lei de recuperación de terra agraria como un documento propio e non como un proxecto de lei do Goberno galego supón unha mingua das garantías democráticas do proceso lexislativo, pero, fundamentalmente, das posibilidades de participación social e do rigor técnico e científico dos procesos de intervención pública, xa que non só se obvian os informes xurídicos e dos órganos de participación social, senón que tamén se restrinxen as posibilidades de debate sectorial e cidadán sobre un tema esencial para Galicia.

Nese senso, quero agradecer o traballo das organizacións agrarias de Galicia, como Unións Agrarias e o Sindicato Labrego Galego, ou de entidades profesionais, como os colexios de Enxeñeiros de Montes e Forestais, a Asociación de Enxeñeiros Agrónomos, a Cadea da Madeira ou a Federación Ecoloxista Galega, cuxas contribucións que fixeron para mellorar esta lei e que tivemos que introducir como emendas debido a esta forma de tramitar a lei, que non lles deu outra capacidade de poder facelo.

Dende o Partido Popular presentan unha proposición de lei sen acompañar dun mínimo estudo de impacto, sen unha avaliación previa da situación estrutural da estrutura territorial de Galicia e sen unha análise custo-eficiencia das solucións propostas. Todo se confía, unha vez máis, a uns supostos efectos *cuasi* máxicos do marco lexislativo, que tememos que, como no exercicio de 2015, coa Metaga poden quedar en nada e serán sucedidos por outros ante a evidente falta de vontade política orzamentaria para solventar os problemas do rural galego.

Señores do Partido Popular, isto é a esencia do porqué da nosa abstención pola que imos optar hoxe o noso grupo. Porque non é só escribir os instrumentos que poden mobilizar terra no noso país, é demostrar que o Partido Popular, que foi incapaz de facelo durante moitos



anos, agora ten vontade de facelo e non presenta ningún acompañamento orzamentario, nin uns medios materiais e de persoal para levalos a cabo, nin un cronograma de actuacións para ter credibilidade. Ademais, nunha lei na que deberíamos garantir seguridade xurídica é terrible que traten de evitar os informes dos entes antes enunciados.

Unha das cuestións que maior inseguridade e polémica causaban era aquilo que vostedes utilizaron moito no ano 2009 cando falaban do Banco de Terras do Bipartito e repartían en pasquíns por toda Galicia, que dicían: «Queres quedar sen as túas fincas? Se goberna o PSOE e o BNG pódénche quitar as túas terras e dállelas a outros coa escusa de que non as traballas». ¿Imaxínense se no debate destes días esta proposición de lei fose proposta por nós ou polo BNG? ¿Que dirían vostedes, señores do Partido Popular? Falando de hordas bolxeviques con cornos e rabo que veñen confiscar as propiedades dos galegos e das galegas.

Aproveito este momento para pedirilles que vostedes traten de actuar coa mesma responsabilidade coa que tratamos nós os temas de país, cando nas Illas Baleares pola expropiación temporal do uso de cincuenta e seis vivendas de grandes propietarios, para dedicalas a alugueiro social, foi cualificado polo Partido Popular, do seu líder Pablo Casado, como unha «expropiación chavista». Ou en Valencia, coa lei de 2018 sobre a horta, que foi obxecto de recurso polo seu partido ante o Tribunal Constitucional por confiscatoria e inconstitucional, por prever cesións temporais do uso sen afectar a propiedade dos bens, con xustiprezo e todas as garantías xurídicas e arrendamentos forzosos nos supostos de incumprimento da función social da propiedade.

Na proposición de lei que presentaron inicialmente figuraba que os inmobles en solo rústico ou en solo de núcleo rural dos que non haxa certeza sobre a súa titularidade pasarían a ser titularidade da Agader no prazo dun mes dende a publicación dun anuncio no *DOG*. E non só o uso e o desfrute, senón o dominio e a titularidade do ben; ata o punto de que poderían incluso subastarse, permutarse ou constituírse dereitos reais sobre eles aos cinco anos da atribución da titularidade.

Despois da negociación da Ponencia, esta situación foi modificada por iniciativa do noso grupo co aumento de cinco a dez anos para a atribución da titularidade do ben, que ademais despois dese tempo quedará en propiedade da Agader, é dicir, da administración pública, que non poderá cambiar a titularidade e que só poderá cedérllela aos concellos para os usos que figuran nesta lei. Un troco substancial do que se pretendía nun principio, cumprindo o uso social da terra en desuso que propoñíamos dende o Grupo Socialista.

A realidade é que Galicia ten un grave problema co abandono de terra agraria e que durante estes últimos doce anos de goberno de Núñez Feijóo, a pesar de anuncios e de publicidade e de denominar lexislaturas como a «lexislatura do rural», o abandono medrou de xeito importante. Estes doce anos convertéronse en anos perdidos, pois Galicia perdeu duascientas cincuenta mil hectáreas de superficie agraria útil, abandonáronse máis de trinta e sete mil explotacións agrarias na primeira década deste século e no noso país temos unha superficie agraria útil que apenas supera o vinte por cento do territorio. Esta é unha das porcentaxes máis baixas de España e Europa, xa que no resto do territorio español e en países como Alemaña ou Francia está por riba do corenta por cento. Esta porcentaxe, ademais, lastra o futuro



do noso rural e a nosa actividade agrícola e gandeira, á parte de xerar problemas para unha Galicia na repartición dos fondos da política agraria común.

Dende o noso grupo parlamentario entendemos que é necesario poñer en funcionamento mecanismos e instrumentos para mobilizar terreo agrario e loitar contra o abandono. Pero por moita lei que escribamos dificilmente imos conseguir nada sen o necesario compromiso orzamentario que necesita a súa posta en funcionamento. Polo que dende o Grupo Socialista botamos en falta dende un principio que esta proposta non fose un proxecto de lei que tivese un acompañamento orzamentario que a faga crible. Porque, por exemplo, está moi ben que exista o instrumento das concentracións parcelarias e que estea regulada a súa aplicación, pero dificilmente vale de nada este instrumento sen a decisión política e o financiamento necesario para levalas a cabo. Digo isto porque no día de hoxe seguimos con demasiadas concentracións paralizadas e con moitas parroquias e lugares dos nosos concellos que seguen a esperar pola posibilidade de que se desenrolexen no seu territorio.

Resulta difícil entender a publicidade e o bombo e platillo que fan desta nova lei ou a publicidade que fan das aldeas modelo cando se paralizan e abandonan as concentracións parcelarias dende hai moitos anos e se tiran os cartos en escaparates como o Gaiás de Sergude, que consomen millóns de euros do noso orzamento.

Podemos escribir leis, pero outra cousa é que logo se desenrole o contido das ditas leis. E sinto moito dicirllas, señores do Partido Popular, que a súa credibilidade neste senso é mínima. Cando vexamos cos nosos ollos que actúan realmente contra o abandono da terra agraria non teremos problema en darlles a noraboa, pero de momento teremos que esperar para ver se este documento é útil ou, unha vez máis, un papel mollado para vostedes.

Por iso solicitamos sistemas de control e seguimento. Para ver o desenrolexo desta lei introducimos emendas neste senso, cunhas transaccións que hoxe aprobaremos para que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural elabore un plan de acción anual das actuacións en materia de recuperación agraria, con indicación dos obxectivos, o orzamento, os recursos materiais humanos, as entidades colaboradoras e a previsión de resultados. Este informe, que será publicado na páxina web da Agader, incluírá como mínimo as actuacións do Banco de Terras de Galicia e o Banco de Explotacións, así como o desenvolvemento dos instrumentos de ordenación e de recuperación de terra agraria regulados nesta lei.

A Agader deberá remitirlles con periodicidade bianual un informe de avaliación ao Consello de Xestión da Terra Agroforestal, á comisión de seguimento e ao Parlamento de Galicia sobre as actuacións realizadas en materia de recuperación agraria. A maiores creárase no prazo dun ano dende a entrada en vigor desta lei e mediante decreto do Consello da Xunta a comisión de avaliación e seguimento da Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. Esta é unha comisión que terá unha composición plural e contará coa presenza de expertos especialistas na materia procedentes do eido universitario, académico e dos colexios profesionais relacionados co ámbito sectorial, que analizará as actuacións realizadas pola Agader en materia de recuperación de terra agraria, coñecerá os informes de control de xestión económica e financeira emitidos polos órganos de control externo e interno, e propoñerá as estratexias encamiñadas a corrixir as deficiencias observadas coa análise dos recursos persoais, mate-



riais e orzamentarios que a Administración autonómica debe soportar para a consecución dos obxectivos desta lei, así como o seu escenario plurianual.

O Partido Socialista presentou preto de duascentas cincuenta emendas a esta lei. Entre as aceptadas, transaccionadas ou subsumidas son máis de cento dez as emendas que pasan a formar parte desta nova lei. Algunha delas —como comentaba— sobre o sistema de control ou o seguimento da lei, ou os cambios da investigación da propiedade. Pero tamén cuestións como que non só fose a Agader a que se encargase de desenrolar esta lei, senón tamén as oficinas agrarias comarcais e os distritos forestais, ou a inclusión dun novo instrumento que non existía na proposta inicial da lei e que se engade aos xa coñecidos como o Banco de Terras, o Banco de Explotacións, os polígonos agroforestais ou as aldeas modelo.

Quero agradecerlle ao Partido Popular que incorporara a proposta do noso partido para crear os espazos agrarios de experimentación. Un instrumento que se configura como espazos destinados á formación e experimentación de actividades agrarias, nos que as persoas mozas ou emprendedoras poden recibir formación e probar o seu modelo de negocio nunha contorna favorable que fomente a innovación e facilite a súa incorporación progresiva ao sector agrario, así como a transferencia de coñecemento, cos obxectivos de facilitar procesos progresivos de novas incorporacións, nomeadamente de persoas mozas, ao sector agrario a través das seguintes actuacións: o impulso de novos modelos de relevo xeracional no ámbito agrario coa proporción de espazo físico, das ferramentas e das infraestruturas necesarias para iniciar proxectos novos e innovadores; o impulso de novos modelos de formación, asesoramento e transferencia de coñecemento; a provisión de espazos para o ensaio de novas ideas e proxectos antes da súa incorporación efectiva ao mercado e a avaliación da súa viabilidade técnica e económica, e o fomento da bioeconomía circular nas cadeas curtas de comercialización e os modelos agroecolóxicos.

É outro exemplo da nosa contribución a esta lei, que pode ser unha oportunidade para o campo galego se para poñela en marcha se pon un orzamento axeitado para mobilizar terra, independentemente de se se destinan ou non fondos Next Generation para este fin. É dicir, se a Xunta de Galicia está disposta a poñer fondos propios da Consellería para o seu desenvolvemento, se existe un organigrama axeitado para poder desenrolar os instrumentos tanto na propia Agader como nas oficinas agrarias e distritos forestais, e se existe un cronograma de actuacións, sobre todo antes da posta en marcha e en funcionamento do catálogo e o mapa de usos, tendo como prioritarias as actuacións en materia de recuperación agrogandeira, antes que outras actividades.

Tamén hai algo que estivo todo o tempo de manifesto no debate da Ponencia e que o Partido Popular debe priorizar na execución desta lei: loitar contra o abandono e a incapacidade de competir que teñen as nosas explotacións, nunha comunidade que temos moita terra abandonada e temos que importar moita cantidade de forraxe do outro lado do Atlántico.

O que non imos apoiar de ningún xeito, e xa o deixamos de manifesto en máis ocasións, é esa errática moratoria do eucalipto, que o único que está xerando no noso monte é inseguridade. Unha intervención lamentable nun mercado como o da madeira, cunha caída brutal dos prezos que reciben os nosos produtores por culpa dunha decisión errada, e unha plan-



tación sen control da dita especie que xa cada vez recollen máis os medios, que vai potenciar o monocultivo que existe nalgúns distritos forestais lamentablemente. É a diferenza de trato entre uns cidadáns e outros polo simple feito de ser dun lugar ou doutro, cando isto só se soluciona con planificación e control, como xa lles propuxemos moitas veces, e vostedes non queren regular. Creen a multifuncionalidade do monte, señor conselleiro, e equidade no trato entre os diferentes distritos.

A solución do monte é esa: planificación, control e equidade. Esa é a solución, non as moratorias. O monte ten que poñerse en valor, o monte ten que dar produtividade e o monte ten que tamén ter a súa actividade social e medioambiental. Se imos por aí acertaremos e realmente chegaremos a ter un monte produtivo e unha sociedade rural economicamente moitísimo máis desenvolvida.

Nese camiño atoparannos, no camiño da improvisación e de decisións erráticas non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Grazas, presidente.

Bos días.

Confeso ter visto un rural de alboios e xesta, de pan centeo, de panos de loito perenne e pan de broa, de carros cantareiros e muíños roulóns, de mallas con manles e malladora con motor dun pistón, e de paleiros escasos, de zocos e lama, de amos e servos. E foi antonte como quen di que aquel rural tiña azos para rir, que alimentaba a tanta e tanta xente. Aquela terra aproveitada ata o escaso cuartillo de superficie producía os excedentes da fame dos servos, dos caseiros e caseteiros; excedentes que os amos comercializaban mentres ollaban desde os corredores vacacionais. Decía así a cantiga: «*Agora que vén o vrao, / alegría para os señores, / que andan de sala en sala / a mirar para os labradores*».

Ese rural decimonónico que usou ata os setenta o arado romano e o carro de vacas, ese rural inmovilizado no tempo polo nacional catolicismo franquista, comeza a se despreguizar andando ese sesenta-setenta. E a golpe de madeira ao lombo ou paleta e ladrillo el e o agrario e o gando ela conseguen nun supremo esforzo mercar o lugar e pasan das dúas ou tres vacas ás dez nun abrir e pechar de ollos, e da muxa á man á estabulación libre ou fixa, con salas de muxida e tanques de frío, e o leite a sesenta pesetas. E entra a luz nas cociñas de lareira, e chega a auga corrente e hai cuarto de baño, e o faiado torna o frío das ripas e das tellas ou das lousas ao descuberto. E a froita e a carne e o peixe polas portas, e o sal iodado cambian as caras dos meniños e meniñas conferíndolles aspectos máis saudables.



No 1992 comezan unha progresión e unha regresión. Carlos del Álamo subvenciona a plantación de eucalipto tamén en terras agrícolas; págase pola destrución da riqueza ancestral. E ao tempo as cotas lácteas comezan a poñer atrancos á produción e corre polo rural unha máxima demoledora: só os grandes poderán salvarse. ¡Que pouco dura a alegría na casa do pobre!

E os cartos que veñen de Europa son investidos daquela maneira e as vacas tolas descubren as amasadas e os apaños. Todo se tapa con cartos daquela maneira. E comezan a pechar explotacións. E con esa medida, a do peche, o eucalipto medra, tamén o toxo, a xesta e a carqueixa, e os gobernos non están á altura, e os lumes e o transvase de poboación cara ao eixo atlántico. «¡Deus, tanto esforzo para tanto abandono! / ¡Tanta esperanza fanada e tanto lambón!».

E comezando este milenio o lume dá un aviso en 2006, demasiado caos e demasiado eucalipto. E apróbase a Lei de incendios. Desde Medio Rural chámase á loita contra ese declive e contra a sensación de derrota, e faise visible a necesidade de mobilizar os activos agropecuarios abandonados. E apróbase a Lei do Banco de Terras para poder encarar a modernización do rural galego.

E regresan os listos, os do negocio dos grandes, os que non acreditan na función social da economía, os que non cren no potencial desta terra e deste pobo, os que defenden os antigos amos, hoxe titulares dos fondos de investimento e do capital produtivo. Non se pode tolerar o bolxevismo, e moven toda a maquinaria na prensa amiga e na que non o é tamén. Os cartos por baixo da mesa págano todo. «Un paso adiante i outro atrás, Galiza, / i a tea dos teus soños non se move. / A esperanza nos teus ollos espreguiza. / Aran os bois e chove».

E novamente decrétese o silencio, a inactividade e o caos. ¿E quen saíu gañando? Bótenlle unha ollada comparativa ao Plan forestal do 1992 e a revisión do 2016 aprobada o mes pasado. As cifras cantan e as intencións e os feitos consumados poñen luz a esta incógnita. Ence gaña no caos. ¡Seica é o noso destino procurar pasta de papel para que Europa limpe...!

A última indolencia, o último período de incompetencia comezou no 2009, e aínda dura. Os problemas están aí en toda a súa crueza; é a quietude, o deixar facer por política. Porque se quixeran facer, tiñan a Lei do Banco de Terras, modificada si, pero aínda servible. Pero non, a ver se se van indo e o deixan todo por catro cadelas e a forestar. Mais a indolencia non abonda. Os negocios de hoxe exixen pasar á acción. E nós crendo no monte multifuncional e na sostibilidade e na bioeconomía, e lanzando proclamas de sensatez que non callan aí onde deberan. Porque o práctico é o que mola. E o práctico é outro modelo que tamén utiliza esas palabras, pero como xustificación, como a carauta que pretende poñer un sorriso onde só hai burla. Porque esta proposición de lei que hoxe debatemos trata diso, da continuidade do proxecto forestalista iniciado no 1992.

O da moratoria é unha cortina de fume para desviar a atención. Trinta e oito modelos silvícolas de adhesión voluntaria e o levantamento da prohibición do *nitens* no oriente galego e o frenesí plantador. Estanse roubando plantas pola noite en recentes plantacións. ¡Nunca tal se viu!



En total, de aquí a dez ou doce anos, cando se produza a saturación do mercado, xa buscaremos como botarlles a culpa do desplome dos prezos aos extremistas e separatistas roxos. ¡Que nos quiten o eucalipto, que aí están os do BNG e mais os ecoloxistas buscándonos a ruína! (*Aplausos.*)

E así, no román paladino utilizado polos amos desde a noite dos tempos, xa imos preparando a próxima campaña electoral. Nin unha mísera oportunidade dos tempos modernos. O territorio no negocio colonial, na extracción brutal dos nosos recursos, no modelo terceiro-mundista que ninguén en Europa quere.

Nós fixemos unha oferta, a emenda 105, e propuxémoslles unha norma que contemplase a ordenación das masas de eucalipto, que entraría inmediatamente en vigor unha vez rematada a moratoria. Unha lei de ordenación das plantacións de eucalipto que, entre outras cuestións, plantexase a retirada das masas de eucalipto das zonas agrarias agrícolas, zonas de protección medioambiental e bosques de ribeira; retirada dos eucaliptos das masas forestais mixtas; que nas zonas onde se poidan plantar eucaliptos teñan que estar ordenadas, xestionadas e dedicando parte da superficie a producir madeira de calidade con diversas aplicacións. Disque se estudou, pero trátase de moratorias distintas. ¡E miren que a proposta nosa era xa apertando o corazón! Pero non.

Porque, señorías, emenda número 1 do BNG ao artigo 1, de modificación: substituír o inciso final, que di: «...a fin de garantir a sostibilidade do sector agroforestal, así como acadar os obxectivos xerais que se recollen no artigo 2», polo seguinte texto que nós propoñiamos: «...a fin de procurar a valorización do territorio agrario e a reorientación dos sistemas produtivos agrogandeiros para facelos menos dependentes dos insumos externos, actuando dun xeito preferente na recuperación, mobilización e posta en valor da superficie agraria útil, así como a consecución dos demais». Isto é claridade na linguaxe e marcar cal deba ser o obxecto desta lei.

Porque o problema do rural e o seu despoboamento está no abandono da actividade por dúas xeracións de labregos, dúas xeracións longas, e pola infrautilización dos seus recursos agropeduarios. A dependencia do exterior dos recursos alimentarios é cada vez maior. Polo tanto, esta lei debería mobilizar superficie agrogandeira a prol de mellorar a base territorial das explotacións activas, asentar poboación onde hai abandono, facilitar a xestión do territorio, activar a soberanía alimentaria con alimentos de calidade suficientes para a poboación do país en xeral, eliminar paulatinamente a dependencia dos insumos exógenos e de alimentos cargados de combustibles fósiles e moitas veces de dubidosa garantía sanitaria.

Isto foi o que pretendeu o BNG na Ponencia: unha lei prioritaria para o país. Unha lei que servise de soporte principal dunha acción conxunta de goberno, coa participación doutras consellerías. Unha acción de goberno competentemente orzada e guía dun plan de desenvolvemento e xestión integral do territorio. Un rural produtivo en alimentos e produtos de primeira necesidade, con transformación incluída para asegurar o valor engadido. Darlle a volta ao que nomeadamente se chama «Galicia vaciada», e nós denominamos «tristeza e soidade».

E nesa necesaria acción de goberno a prol do país, o ben máis valioso son as terras que presenten unha maior actitude para o cultivo agrícola ou gandeiro destinado á produción ali-



mentaria. Esa necesaria acción do goberno, que terá que regresar ao diálogo do home co territorio e a reasentar as explotacións familiares a pé de leira, na xestión directa, na pequena transformación, na explotación ben dimensionada acorde coa actividade que se vai desenvolver. Porque de non ser así, este territorio en abandono acaba por comernos. Lembren que nos nosos tellados nace a herba.

Para o PP, a emerxencia está nas exixencias cada vez maiores dos sectores forestalistas, que son os que marcan as prioridades da consellería, atendendo a intereses e negocios que van máis aló do razoable. E así esta lei entra a saco na Lei de montes ao suprimir e reformar aqueles artigos e apartados que curiosamente son garantes do uso agropecuario da terra, con actitudes para tal uso, deixándoa sen protección para a súa posible forestación. A nosa emenda 75 pretendeu impedir, entre outras cousas, esa reforma da Lei de montes, e non foi tomada en consideración.

Porque nós non puxemos ningunha obxección aos polígonos forestais nin aos cortalumes. No seu tempo, na Lei do Banco de Terras, ideamos as unidades de xestión forestal conxunta, as Uxfor, que tanto lles molestaron. Claro, falábase dunha solución non só para poñer en valor as pequenas propiedades do monte; era tamén a figura para ordenar o territorio, para facer un monte posible, participativo, para acabar co caos.

Non estamos, pois, en contra do monte, nin tampouco da forestación razoable, nin da silvicultura. Só que non a consideramos nin prioritaria nin o motor de desenvolvemento económico do rural, porque se trata disto, dunha lei forestalista, porque se vai mobilizar prioritariamente terra preforestal.

¿Que son acusacións moi serias estas que estamos facendo? Si, pero o máis serio é o que agocha esta lei. No texto desta proposición non hai ningunha alusión á reposición da legalidade nas terras agropecuarias forestadas ilegalmente; estas son miles de hectáreas. Xa sabemos da dificultade en desdicirse. Porque, por un lado, incitaron e convenceron de que o mellor rendemento para facer futuro era a plantación de eucalipto, e tamén aínda que menos do piñeiro. E montan en cólera cando se pon en cuestión este cultivo, e sacan a Ence e mais as oitenta e tres mil familias que seica viven do eucalipto, e dixo Feijóo que era o complemento das pensións. Por certo, ¿daquela só contemplan un rural de pensionistas? (*Aplausos.*)

Miren: se o razoamento é económico ou forestal, este ten un valor de corta duns douscentos millóns de euros anuais, mais son catrocentos millóns de euros por mes a importación de alimentos para compensar a improdutividade do noso agro. O negocio que nos propoñen é ruinoso. Iso sen contar os millóns que nos leva o lume por non ordenar, por non respectar as franxas de seguridade, pola perversión do mosaico orixinal.

Deben comprender que desde o BNG teñamos unha razoable desconfianza, porque foron vostedes quen puxeron o berro no ceo cando a Lei do Banco de Terras, cando os das Uxfor, e chamáronnos de todo, xogaron sucio e fixeron trampa. E agora queren que creamos no milagre, o de Saulo. O de Saulo acontece na *Biblia*; ese libro onde cunha vara máxica se poden abrir camiños no mar. Pois nós non cremos. Non cremos porque non presentaron memoria



económica e organizativa; porque non é unha lei do Goberno sustentado polo seu partido; porque pouco despois de presentado o texto —digamos— en sociedade presentáronlle cento trinta e unha emendas; porque a proposición non emerxe dun debate social e sectorial previo, a posteriori paseárona pero con moita présa; porque non admitiron o chamado «trámite de audiencia» para enriquecela na Ponencia e o texto da lei. ¿Por que tanta présa?

Trátase pois dunha fundada desconfianza, e a pesar dela o BNG estivo aí. Estamos aquí negociando, aportando e debatendo porque cremos que os tempos son chegados e estamos preparados e dispostos a ser goberno.

«Traquerán os camiños algún día / a xente que levaron. Deus é o mesmo. / Suco vai, suco vén, Xesús María!, / e toda a cousa ha de pagar o seu desmo».

Quero destacar o ambiente agradable e dialogante de todas e todos os compoñentes da Ponencia nos debates e nas negociacións para mellorar o texto desta lei, incluído o señor Caride, por suposto.

Cremos que se mellorou o texto orixinal. Pero para nós foi e é insuficiente, e penso que quedou explicado dabondo. Trátase dunha lei que desde o nacionalismo vimos no seu día necesaria e continuamos a considerar imprescindible. Non son tempos de aventuras produtivistas e si de apoios e medidas que mobilicen a terra agrícola e pecuaria, dando a moderna sostiabilidade á actividade económica, respectando o medio ambiente e favorecendo a biodiversidade, procurando alimentos e produtos saudables con garantías sanitarias, recuperando e sentando poboación para recuperar poboación para evitar que o rural se converta nun deserto verde oliva que chame todos os anos pola praga bíblica do lume. ¡Esa ameaza cada vez máis real e cada vez máis difícil de conxurar!

Anunciamos o noso voto negativo.

«Desorballando os prados coma sono, / o Tempo vai de Parga á Pastoriza. / Vaise enterrando, suco a suco, o Outono. / Un paso adiante i outro atrás, Galiza!».

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cruz Rivas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moi bo día, presidente.

Bo día, señorías.

Eu tamén quero que as miñas primeiras palabras sexan de agradecemento, en primeiro lugar, aos servizos da Cámara e nomeadamente ao señor Caride, que, dende logo, coa súa



absoluta dispoñibilidade e coa súa inmensa sabedoría facilitou moitísimo o traballo que hoxe vimos someter á votación aquí nesta cámara.

Por suposto, o meu agradecemento aos compañeiros do grupo, os traballadores do grupo, esas persoas que ás veces están sempre nun segundo plano e que sempre nos avisan, advirten para que todo saia ben, e permitídemme, ademais, que neste caso, cite a Carmen, sempre traballadora e preocupada por que o noso traballo saia ben.

Aos meus compañeiros da Comisión, en especial ao señor Armada. Creo que compartimos moitas cousas, pois vimos de dous concellos pequenos e somos esa xeración que probablemente renunciando a futuros profesionais mellores apostou por traballar nos seus concellos, cun proxecto para os seus concellos, e que vive no rural. Moitas veces escoito opinións de persoas, xa que é moi fácil, ao mellor, dende un piso do centro de calquera cidade, e creo que aí falta moita sensibilidade. Hoxe aquí tamén o puiden comprobar.

E tamén aos compañeiros, tanto o señor Rivas como o señor Seco, que aínda que hoxe tamén no debate, polo menos nas formas, foron máis conciliadores, indubidablemente na Ponencia foron moitísimo máis. Reitérome no que xa dixen nalgunha ocasión, xa que sen atril ou sen micrófono son moitísimo máis encantadores, e parece ademais que son capaces de apartar aquilo que nos separa.

Eu creo que hoxe Galicia escribe unha páxina importante na súa historia ou abre unha páxina. Enriba, no enunciado, escribimos un instrumento, que é a Lei de recuperación da terra agraria.

Constituíuse a Comisión o 15 de marzo. E —o que dixeron os compañeiros— dende aquela pois tivemos ata dez reunións da Ponencia, longas, con grandes esforzos para chegar a acordos, aínda que hoxe se escoitamos algunha forza parece que non serviu de nada. Incorporáronse duascenas setenta e nove emendas. Creo que iso é un dato matemático para poder confirmar que é unha lei de todos, aínda que —insisto—, despois de escoitar os compañeiros, pareza que sexa un pouco menos. Desas duascenas setenta e nove emendas, as cento trinta e sete do grupo que represento, e cento dezasete do Partido Socialista, do que case o cincuenta por cento, case unha de cada dúas emendas foi transaccionada, incorporada. E no caso do Bloque Nacionalista Galego, o trinta e sete por cento practicamente, porque era sobre o trinta e dous por cento, pero retiraron catro emendas, e quedouse creo que nunha porcentaxe francamente importante.

Todos os compañeiros a definiron como unha lei necesaria, e eu tamén a definín en moitas ocasións como unha lei valente. Recolle un marco xeral para a xestión da terra agraria, a xestión da terra para uso gandeiro e para uso forestal. A súa ordenación de usos busca a súa recuperación, intentando anticiparnos para loitar contra os lumes forestais e traballando na fixación de poboación no noso mundo rural e mellorando a súa calidade de vida.

Nace dun consenso das conclusións do Ditame da Comisión parlamentaria forestal. E vén completar ou desenvolver o marco normativo actual, culminando aquel camiño que iniciou a coñecida Lei Metaga, con ese compromiso de continuar apostando polas concentracións parcelarias, que tanto desenvolvemento teñen traído tamén ao noso rural.



Ten un obxectivo: poñer a producir terras abandonadas ou infrautilizadas con instrumentos totalmente voluntarios, baseándose nos arrendamentos, nas cesións ou nas transmisións da titularidade das parcelas, ou por fórmulas de xestión conxunta.

Crea figuras innovadoras: os polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as agrupacións conxuntas, promovendo nova actividade a esa terra ou aportándolle unha maior dimensión para que esas explotacións poidan ser máis sostibles, e incluso aportando —que iso creo que é moi importante— un beneficio económico polo seu arrendamento.

Neste instrumento normativo recóllese algo tamén importantísimo, que é a aplicación de incentivos fiscais a medidas de fomento da súa posta en valor. É importante ir enumerando o que recolle este instrumento, sobre todo para que algúns teñan claro a que se están opoñendo.

O reforzo do Banco de Terras é sempre fundamentándonos na voluntariedade. Localizamos un predio abandonado e o seu propietario —se o temos localizado e se existe— poderá recuperar o terreo, poderá acceder ao seu uso ou poderá incorporalo ao Banco de Terras. Tres opcións. Só se ningunha delas lle vale, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural poderá emitir unha resolución declarándoo de abandono. E aquí recordemos as emendas que melloraron o artigo 14.34, onde se reforzaron e clarificaron as competencias dese instrumento do Banco de Terras, tan citado hoxe aquí.

Este instrumento normativo tamén permite actualizar o catastro. Algo moi importante que a xente teña en conta a que se está opoñendo algún grupo hoxe aquí, que é unha demanda absolutamente intensa no noso rural. E creo que con esa notificación dos resultados da investigación da propiedade que fará a Xunta o Ministerio de Facenda permitirá corrixir moitas deficiencias.

Recuperamos ou exerceremos a facultade de investigación. ¿Galicia, opoñernos a iso? ¡Que difícil de entender dalgunha forza!, ¿verdade? Despois desa facultade de investigación e pasados dez anos durante os cales se aparece o propietario, este non terá que ir a un proceso xudicial, recuperaríase o seu predio. Ademais, a el entregaríanselle os rendementos se ese predio estivera alugado durante este tempo.

Hai unha mensaxe moi importante á mocidade, e eu quero agradecer as aportacións especialmente do Partido Socialista nese eido. A figura do Banco de Explotacións e no artigo 38 —xa o anunciara na Estratexia láctea, creo que me parece moi importante— hai que garantir e impulsar a continuidade de unidades produtivas rendibles que non teñen relevo. Enriquecese tamén coa aportación das entidades colaboradoras, e eu tamén quero estender o agradecemento ás organizacións agrarias, aos colexios profesionais. Moitas das súas achegas foron tidas en conta; é dicir, foron escoitados, o que é absolutamente imprescindible para acertar con esta lei.

Do traballo da Ponencia intentei enumerar o máis importante, pero quero tamén destacar o consenso sobre a regulación dos polígonos, para facilitar a súa aplicación naqueles territorios onde non hai un mercado abandono. E quero facer fincapé nesta idea e nesta proposta, moi



defendida polo Bloque Nacionalista Galego, que despois de escoitar a intervención do señor Rivas, que parece que nos volve á Galicia de Castelao... Eu sempre lle digo que está na Galicia —antes dicíalle— das vacas pola corda, e o outro día —como non lle gusta que llo repita— púxenlle outro exemplo das catro ovellas pacendo; pois váleme igual. Eu quero ver esa Galicia das máis de dez explotacións da Devesa, que soben de cen cabezas cada unha, como podo citar dúas: a gandería Alambreiro ou a gandería Fondón. Podo citar a Galicia da Pastoriza, cunha SAT que recentemente nos enviaba un vídeo absolutamente tecnolóxico e innovador, como é a SAT Lodos e Pérez, ou, por citar algunha do meu concello, a gandería Neifra. Esa é a nosa Galicia, esa é a Galicia na que vivimos, esta é a Galicia que vai aproveitar este instrumento. *(Aplausos.)*

Tamén quero explicar algo importante: a inclusión das particularidades dos montes veciñais en man común e dos montes de varas nos instrumentos de recuperación a través do informe do Servizo de Montes. A iso tamén algunha forza política vai votar en contra.

Eu fago unha reflexión: ¿realmente atoparon algún instrumento normativo ata a data que leve incluído un instrumento de fiscalización e control? ¿Hai acaso maior compromiso ca iso? ¿Hai acaso mellor vontade de non esconder nada e de tender a man para poder construír unha Galicia mellor?

Eu recoñezo que ao BNG non lle gusta. Porque despois do papelón que lle fixeron pasar ao señor Rivas, eu recoñezo que hoxe algún ao mellor ata non poderá durmir tranquilo. Pero a verdade é que todos estes instrumentos son absolutamente innovadores, moi comprometidos co noso rural. E creo que na miña intervención o maior exercicio de lealdade con Galicia é explicar que se está votando hoxe aquí, e dicir que este instrumento normativo leva un mecanismo de fiscalización e control.

Esa mensaxe á mocidade, e dicíao o señor Seco: eses espazos agrarios de experimentación chamando á innovación, chamando á incorporación no noso rural, que indubidablemente si que poderá fixar poboación. A inclusión do concepto de prevención do abandono, iso que se incluíu en repetidos artigos ante as peticións tamén dos grupos da oposición para que non quedara ningún tipo de dúbida.

A min gustaríame ler tamén o artigo 2, porque nalgúns casos escoitei que os obxectivos non están claros. É boa verdade que non hai peor xordo que o que non quere oír, ou cego co que non quere ver. Pero o artigo 2, que regula os obxectivos xerais desta lei, di claramente: «Proporcionar ferramentas orientadas a acadar unha superficie agraria útil próxima ás medidas nacionais e europea, procurando que os terreos aptos para o cultivo de producións ligadas ás explotacións agrogandeiras sexan obxecto de recuperación prioritaria para o dito uso agrogandeiro». Creo, señorías, que empeza unha nova etapa e, sen dúbida, o máis importante será a partir de mañá e a partir de que estes instrumentos que hoxe se crean se empecen a aplicar.

É indubidable que partimos de proxectos políticos distintos, pero o que si que é tamén indiscutible é que partimos da mesma realidade, e a nosa realidade é Galicia. Casualmente, aquel grupo político que quería desprestixiar este instrumento e asocialo a un



mecanismo de forestación é ese o grupo político que dos quince minutos dedicou practicamente doce minutos a falar do tema forestal nunha lei onde practicamente —insisto— se non se quere entender pois non se entende. Pero esa disposición derradeira terceira foi explicada detalladamente, e sempre debe ser interpretada coa disposición transitoria primeira. Aportóuselle documentación gráfica e real sen ningunha falta de verdade. Incluso —se lles son sincera— ata parece que quedou convencido. E tamén lle vou dicir unha cousa: eu ata creo que quedou convencido, porque, de feito, na Comisión abstívose. O que pasa é que cando a nós nos critican e din: é que pasou o rodillo. ¡Home!, aceptando duascenas setenta e nove emendas aquí nesta lei, evidentemente, non se pode dicir.

É que faltan á verdade, e cando se vai en dez reunións —insisto: as da Ponencia, porque fóra da Ponencia houbo incluso algunha máis— con documentación e tendendo pontes tampouco se pode pisar o tema de consenso. O que si —que o repetiu o señor Rivas moitas veces na súa exposición, e aí non faltou á verdade— dixo que ía sempre un pasiño para adiante e dous para atrás. Entón, un día parecía que esta lei lle gustaba, e ao día seguinte viña buscando aquilo polo que non podía apoiala. Iso é o menos importante.

O que hoxe queremos trasladar aos galegos e ás galegas é que con este instrumento nos lugares onde hai unha actividade agrogandeira e forestal importante van poder ter un mecanismo que ordene o solo, sen excluír a ninguén. Hai solo para o uso gandeiro, para o uso agrícola e para o uso forestal.

Tamén lles queremos mandar unha mensaxe aos nosos pensionistas: tamén están representados no partido político que eu represento. (*Aplausos.*) Esa xente, indubidablemente, terá tamén neste instrumento mecanismos que lle permitan sacar unha maior rendibilidade do que con tanto esforzo esas xeracións que tanto traballaron lles custou conseguir.

E sempre o digo con esa sensibilidade de vir dunha familia humilde que sabe o que custa ter un ferrado. Non sei porque o señor Rivas me asocia ás multinacionais. Dígollo con esa sensibilidade e dígollo tamén porque o partido que eu represento, o grupo que eu represento, o grupo que ademais neste caso traía a lei, non hai nada que teña que limitar a actividade dos grupos parlamentarios, señor Seco. Iso non ten por que ser un problema, é poñer en valor o seu traballo, é poñer en valor o traballo de todas as forzas e de todos os grupos para construír un instrumento que, indubidablemente, o rexistrou o Partido Popular, (*Aplausos.*) o grupo do Partido Popular. Pero é un instrumento de todos e creo que matematicamente intentei demostralo.

E, señor conselleiro, ten unha gran responsabilidade que lle recalcarei na segunda quenda de palabra. Pero esa mesma responsabilidade témola todos, e nomeadamente tamén os partidos políticos que non son o Grupo Parlamentario do Partido Popular. Así que lles prego que aínda están a tempo de non votar en contra dun instrumento no que —insisto— se fixo por parte deste grupo un grande esforzo para demostrarlles aos galegos e ás galegas que é un instrumento de todos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios para definírense sobre as emendas mantidas polos demais.
(Pausa.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Martín Seco.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Unha cuestión que me chama a atención: ¿eu non sei que temos que celebrar? De verdade que dá a sensación de que cando falamos desta lei —e dicíao na miña primeira intervención, cando dicía que o éxito parece simplemente a aprobación dunha lei, non que se consegue con esa lei— vostedes celebran hoxe que Galicia perdeu máis de duascenas cincuenta mil hectáreas de superficie agraria útil, que abandonaron máis trinta e sete mil explotacións, que xa existen máis de dous mil núcleos abandonados, que existen máis de dez mil aldeas con menos de dez veciños... E non sei se vostedes están celebrando isto, pero esa é a realidade de hoxe en día. *(Aplausos.)*

E de verdade que me preocupa, porque está moi ben que se poñan en funcionamento novos instrumentos e que a lei contemple cuestións que levamos dende a oposición e noutros anos pedindo en multitude de ocasións que se puxeran en marcha. Pero xa existían mecanismos de utilización da terra abandonada, e dicíao o voceiro do BNG. A Lei do Banco de Terras existía na época do Bipartito e quedou despois na modificación que fixeron vostedes, e non elaboraron absolutamente nada, non a utilizaron absolutamente nada, non utilizan a concentración parcelaria. Dan pinceladas con aldeas modelo, que son pequenos exemplos que están ben, pero non deixan de ser unha agulla nun palla. Polo tanto, eu non sei que temos que celebrar.

Celebraremos o día que exista un dato que diga que Galicia, que non ten pouco máis do vinte por cento da superficie agraria útil, chegue ao corenta por cento que teñen no resto de Europa e no resto de España. Eu creo que ese día é cando imos ter que celebrar algo. No día de hoxe o que temos que celebrar única e exclusivamente é ver se o Partido Popular vai ser capaz de utilizar esta lei para algo máis que para poñer na prensa e dicir que están facendo algo; iso é a realidade. Porque a sensación que dá —e pasou coa Metaga, coa Lei da concentración parcelaria— é que vostedes confían absolutamente todo a un texto que despois, por efecto de maxia, vai converterse realmente nun feito de mobilización de terras. Pero non é verdade. A realidade é que cando exista un orzamento axeitado para mobilizar terra e exista unha consellería que estea vinculada e que ten a motivación política para facer realmente esa mobilización de terras, pois dirán os datos se realmente estamos para celebrar algo.

Creo que hoxe en día non estamos para celebrar nada. Estamos precisamente para preocuparnos pola cantidade de explotacións que teñen que cerrar na nosa terra e a cantidade de explotacións que non teñen a capacidade de poder utilizar terra, e ter que logo acudir a importar forraxe dende o outro lado do Atlántico.



Eu creo que esa é a realidade. Polo tanto, dende o noso grupo imos absternos nunha lei que cremos necesaria e que pode ser útil, pero que non ten a garantía suficiente, por non ser un proxecto de lei, por non acompañala dunha previsión orzamentaria, de non saber como se vai mobilizar a terra por parte do persoal que existe na Xunta de Galicia, porque hoxe en día a Agader non ten capacidade para poder facer un uso bo destes instrumentos. Polo tanto, veremos se realmente o Partido Popular dende o Goberno cambia a súa actitude destes doce anos e realmente utiliza os instrumentos que ten para mobilizar terra agraria. Nese momento, aplaudiremos e viremos aquí poñer en valor o que fai a Consellería.

E volvo repetir a importancia e necesidade que dicía o voceiro do BNG, e espero que así sexa e quedou incluído dentro da lei, pero veremos se realmente esta lei é utilizada sobre todo para aquilo que pon no seu título, que é a mellora, o loitar contra o abandono da terra agraria útil. É dicir, utilizar terra para as nosas explotacións agrarias e gandeiras, que teñen moita necesidade desa terra, e non para outro tipo de fins que poden utilizarse e que non son prioritarios. Está ben que se poña tamén o foco en actuar sobre o noso monte, pero o principal e o que debería compoñernos a todos é precisamente dotar as nosas explotacións desa terra agraria que tanto necesitan.

E volvo incidir no tema do eucalipto e no tema da moratoria, porque vostedes din que nós quixemos plantexar o tema da forestación. Non, foron vostedes. Nunha lei que non tiña que falar de forestación, vostedes, co Plan forestal no último momento, sacan unha moratoria e falan nesta lei dun tema do que non debía falarse agora, que é o tema da forestación. Foron vostedes os que meteron esa moratoria e puxeron o foco precisamente nese tema.

E volvo repetir que o problema non está na moratoria, o problema está en que vostedes non planifican. Vostedes dá a sensación de que queren vincular o problema outra vez como fan outros grupos no tema do eucalipto, e o problema está no abandono. O monte ten un problema de abandono, un problema de planificación, un problema de incapacidade de control do que se planta, unha incapacidade de poñer en funcionamento unha multifuncionalidade do monte que vostedes son incapaces. Teñen tres Galicias e cada unha ten unha situación diferente: nunha primase o monocultivo, na outra non se deixa plantar absolutamente nada de nada e está a toxo e está abandonada, e unha franxa interior que está nunha situación de conflito continuo. E vostedes ata que planifiquen iso e poñan en funcionamento realmente un sistema de multifuncionalidade non van acadar solucións nun monte que necesita moito da nosa administración e necesita logo, evidentemente, pechar ciclos, que é unha das cuestións básicas para poder dar realmente beneficio á nosa comunidade como é Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.



Señora Candia, deixe de xogar co que eu creo ou non creo. O que eu creo e o meu posicionamento foron sempre o mesmo: defender este país, defender o rural que cremos no BNG. E o rural no que cremos no BNG está absolutamente contraposto co que vostedes practican.

Agardabamos que fose clarificada a prioridade da mobilidade e a intención e o alcance desta lei. Foinos confirmado que non vai por aí. Non vai por aí porque non ten orzamento, non vai por aí porque non ten ningún tipo de memoria, non vai por aí porque as súas intencións non foron esas. A desconfianza nace do desprezo que vostedes manifestaron desde o 2009 ata hoxe pola Lei do Banco de Terras, porque tiñan na man o instrumento para mobilizar terras, tiñan na man o instrumento para atallar o problema de base territorial que teñen as explotacións neste país.

E vostede agora sáeme con que a Galicia moderna é esa das explotacións decentes, de non sei cantas vacas. Pois non, porque esa Galicia non pode estar asentada fielmente no territorio, porque cen vacas non se sacan a pasear, non se sacan a pacer facilmente. Porque cen vacas non teñen espazo en moitas explotacións, non teñen espazo arredor da explotación para poder menear o rabo —isto xa o dixen na Comisión—. Por tanto, a modernidade non está na tecnoloxía; a modernidade en Galiza está no incardinamento coa terra, coas posibilidades que a terra e o noso territorio coa súa configuración singular dan. Esa é a modernidade. A modernidade é protexer e incentivar esas explotacións, as explotacións familiares, que non apareceron aquí para nada.

O Bantegal sumírono no silencio. Reformaron a Lei do Bantegal, pero sumírono no silencio. E as Uxfor, malpariron as Uxfor —con perdón da palabra, que está no dicionario e ademais con toda a relevancia—, malpariron as Uxfor. ¿Cantas Uxfor se puxeron a funcionar desde o 2009? Este é un tema que traballamos na Comisión 7ª abundantemente.

Non van entendela, eu sei que non o van entender. Vano utilizar como arma arrojadiza, porque é o que fan sempre; é dicir, vostedes son os magos da propaganda, porque ademais teñen os medios, pagan os medios. Non van entendela.

Cando o ditame, nós opuxémonos a ese ditame porque as liñas sabiamos por onde ían, non porque estiveramos en desacordo coas cento e pico recomendacións. Se non, porque sabiamos —e viuse— que o ditame deu o parto do Plan forestal, e todos vimos que o Plan forestal conculcou a legalidade do 1992. E sáese con esa base, é dicir, aquí «*lo hecho, hecho, y pelillos a la mar*». Que vostedes empezan sempre de hoxe para diante, para atrás nunca miran. Pero é necesario mirar para atrás para saber onde imos e para saber o leñazo que nos podemos dar. Por tanto, é un *pracet* legal a unha situación anómala.

O tempo hanos dicir a todos e vai poñer a cadaquén no seu lugar. Nós desconfiamos dunha lei que tiña que ser do goberno e é dun grupo político; unha lei que non ten orzamento, unha lei que deixa todo ao voluntarismo. O voluntarismo estaba aí. A xente que quixo puxar buscou a maneira de permutar e buscou a vida, porque se espera pola concentración parcelaria está aviada. É dicir, ten que trasladar os seus proxectos aos seus netos, se é que queren, se é que non foron expulsados do campo antes.



Créanme: eu sentiríame ben se nos demostrasen que esa linguaxe ambigua que leva a lei fose quen de atender o agropecuario. Pero miren —sempre o dicimos e o seguiremos dicindo—: o do medio rural deste país non é unha coña —con perdón da palabra—; o do medio rural deste país necesita dun proxecto integral de varias consellerías, necesita un esforzo sobrehumano deste goberno. ¿Por que? Porque o problema é gordo, o problema é que nos come. Ou gastamos todo o orzamento da Xunta de Galicia en apagar o lume, ou o problema é que nos come. Ou vostedes poñen orde no forestal, ou vainos comer. Vostedes ordenan, pero fágano. Puideron facelo e non o fixeron. ¿Que esperan?, ¿que nós creamos que o van facer agora por un texto legal? Esperemos que si.

Agora, de verdade, «gato escaldado, da auga fría foxe». E nós e o país estámolles moi escaldados. A proba téñena na confianza que ten o país en vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Unha confianza que se deposita nun voto daquela maneira. *(Murmurios.)* E todos vostedes, señores deputados e deputadas, todos vostedes saben como se desenvollen as eleccións no rural. *(Murmurios.)* ¿Verdade que si? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro! Entón non estou dicindo mentiras, estou dicindo verdades a medias, porque non queda ben democraticamente dicilas enteiras, ¿verdade? Non queda ben. *(Aplausos.)* Pero os que somos cans vellos e coñecemos os autobuses, e coñecemos os votos metidos no bolsillo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e coñecemos todo iso... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor RIVAS CRUZ: ...e coñecémolo, sabemos do que falamos, señorías.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor Rivas, ¿era necesario este teatro? Eu creo que non. O noso rural nin o merece nin lle fai xustiza a toda a negociación da Comisión. *(Aplausos.)*

A identificación do noso proxecto político con Galicia é unha característica propia e conséguese mediante a realidade humana do país e interactuando coa xente. Vostede non é mellor nin peor galego ca min, nin coñece máis nin menos o rural ca min. Vostede está aquí representando os galegos como os represento eu. E máis que nunca probablemente, desde o curto tempo que estou aquí, se intentou que forme parte deste proxecto.

Señor Seco, eu non celebro nada, poño en valor que Galicia poida ter un instrumento para poder construír un rural mellor, nada máis. Con total humildade ben sabe, que, ademais, non estamos en momentos de ningunha celebración.



E, señor Rivas, eu non xulgo o que vostede cre, porque entre outras cousas é imposible de saber; iso forma parte da súa realidade, da súa intimidade. Xulgo o que vostede ou vostedes fan, que o coñezo ben. Xa lle dixen en varias ocasións que veño dun concello onde a súa forza política tiña a alcaldía e catro concelleiros, e neste momento ten un. Eu xa sei que vostedes din que cando gañan vostedes triunfou a democracia, cando gañamos nós os galegos son burros. Iso non é así. Os galegos elixen ao Partido Popular porque se senten representados nel. E un presidente e un goberno que acada as maiorías absolutas consecutivas que conseguiu, como mínimo, merece o absoluto respecto.

Esta lei adopta unha decisión valente para protexernos do monocultivo. (*Murmurios.*) E precisamente esa demagogia que fixeron vostedes explicando con medias verdades, que xa lles dixen moitas veces que en política son moito máis perigosas ca as mentiras, foron máis incentivos das plantacións vostedes que o texto da lei. Déronlle vostedes moito máis protagonismo ao tema forestal que é de xustiza na propia lei. Vostedes son de maneira constante e reiterada o claro exemplo de que unha cousa digo e cando toca facer fago a contraria.

Esa é a realidade, e eu laméntoo. Laméntoo porque o instrumento que conseguimos entre todos, con máis de duascenas cincuenta emendas, era unha mensaxe en positivo ao noso rural. Eu xa sei que vostede di que non hai que mirar para adiante, que hai que mirar para atrás. A min paréceme ben, hai que contextualizar e hai que mirar para adiante e para atrás; o que hai que saír é algunha vez do pasado. E vostedes nesta lei xa lles dixen en moitas ocasións que parece que non deron superado o de perder o goberno no seu momento. Pero o goberno non se consegue facendo así. Non se consegue facendo o contrario do que dixeron. Non se consegue votando en contra de instrumentos como os polígonos agrarios, de instrumentos como a aldea modelo, de instrumentos como as agrupacións de xestión conxunta. Non se consegue votando en contra de que haxa incentivos fiscais para asentamento da actividade agraria no noso rural. Non se consegue así, sen dúbida, recuperar o goberno.

Eu, en todo caso, lamentando ese cambio de criterio dunha maneira absolutamente inxustificada, e que, ao mellor, eu non fun capaz de entender, dende logo, creo que non o explicou moi ben; non sei se só non o entendín eu ou pasará o mesmo co resto de Galicia. É un capítulo máis.

Hoxe reitero que creo que debemos de poñer en valor que o noso rural e a nosa actividade agrícola, gandeira e forestal van ter máis instrumentos para seguir mellorando. Eu si creo que a innovación nos permite un futuro mellor. ¿Que chega tarde? Ben, outros din que viñemos con moitas présa. ¿Que é do grupo do Partido Popular e...? Eu creo que é unha lei de todos.

E, indubidablemente, —por rematar con algo que todo o mundo dixo de maneira unánime— é un instrumento necesario, unha gran responsabilidade, e o meu agradecemento a todas as persoas que traballaron nas ponencias e tamén aos meus compañeiros que me precederon no uso da palabra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.



Si, señor conselleiro do Medio Rural.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ¿Podería facer unha intervención de peche?

O señor PRESIDENTE: Ten dereito.

Pode facelo desde a tribuna.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Bos días, señorías. Bo día, señor presidente.

Eu quería facer unha intervención de peche e de agradecemento aos tres grupos parlamentarios que traballaron na Comisión para a probación dunha lei que eu penso —como dixo tamén a voceira do Partido Popular— que é unha lei de todos. E, ademais, unha lei que pon de manifesto a importancia que ten o Parlamento, porque fixo un traballo moi grande na Ponencia.

Pero esta lei xa trae razón dun traballo anterior no Parlamento, que foi a Comisión de estudo dos incendios forestais do ano 2018. Unha comisión que tivo un ditame de cento vinte e tres recomendacións. E unha boa parte desas recomendacións deron o punto de partida do que logo foi esta proposición de lei que trouxo aquí, efectivamente, o Partido Popular, pero —como digo— foi moi traballada. E foi moi traballada dende o seu inicio da tramitación parlamentaria o 12 de xaneiro, porque foi unha proposición de lei que se explicou —tamén se falou hoxe aquí— ás organizacións agrarias, ás asociacións de produtores, aos colexios profesionais que teñen que ver coa materia. Moitas das súas aportacións acolléronse en emendas, é certo, do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario Popular ou do Bloque Nacionalista.

Eu quero poñer en valor, por exemplo, a aportación que fixeron o Sindicato Labrego Galego e Unións Agrarias, para que se acollera a necesidade de que a lei garanta que a superficie agraria de Galicia chegue á media nacional e europea. E quérolle agradecer expresamente a Unións Agrarias, pola importancia que ten no sector, o apoio expreso que deu ao texto da lei.

Pero tamén lles quero agradecer —e fágoo aquí e personalizo nos voceiros— aos tres grupos parlamentarios o traballo que se fixo na Ponencia. O Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, aínda que hoxe pois houbo un debate ao respecto, é certo que enriqueceron a lei, mellorárona; fixeron o que todos os que estamos aquí entendemos que é o que ten que facer o parlamentarismo, que é, pola vía do debate, pola vía do diálogo, mellorar un texto que entra no inicio. É certo que era unha proposición de lei, pero que saíu, evidentemente, moi mellorada.

Por facer algunha referencia, señor Seco, eu agradezo moito o impulso que vostede lle deu á reflexión que fixemos respecto da facultade de investigación. Esta é a lei que lle atribúe a facultade de investigación e a titularidade dos inmobles vacantes á Xunta de Galicia, fronte



á posición anterior, que era do Goberno central, e démoslla á Xunta de Galicia. E vostede fíxonos reflexionar sobre a necesidade de pasar deses cinco a dez anos da prohibición de dispoñer se aparece o propietario —porque eu penso que está claro, logo do que se viu aquí, que ninguén se quere quedar coa terra de ninguén—; se aparece ese propietario dentro deses dez anos, devolvémoslle incluso as rendas que devengara esa propiedade. Ou os espazos agrarios de experimentación, que van ser mecanismos que van permitir ás persoas mozas probar a súa actividade agraria cunha rede de seguranza, porque nós podemos s as instalacións e podemos axudarlles tamén nos seus ingresos.

Ao señor Rivas, quérolle agradecer tamén a forza que fixo nos polígonos agrogandeiros e forestais, que é certo que nós pensabamos que ían ser utilizados fundamentalmente por axentes promotores produtivos de pequenas e medianas empresas, pero vostede fíxonos ver tamén a necesidade de deixar máis claro que os propios propietarios poidan facer o desenvolvemento da súa actividade neses polígonos agrogandeiros e forestais.

E tamén foi moi importante que os dous grupos da oposición puxeran enriba da mesa a necesidade de mecanismos de seguimento. Nós non temos medo ningún a eses mecanismos de seguimento, e por iso acollémolos pola vía das transaccións. E algo paradigmático e que penso que hai que poñer en valor —tamén o dixo a voceira do Partido Popular—: creamos unha comisión independente para controlar o cumprimento desta lei.

Quero rematar este agradecemento, por suposto, á voceira do Partido Popular, a Elena Candia. Quero dicirlle que o equipo da Consellería do Medio Rural soubo perfectamente como se desenvolvía esta lei polo traballo intenso que ela nos trasladou e sempre pedindo transaccións, acordos, poder consensuar todo o que se traballou nesta lei cos grupos da oposición.

Eu aquí, como representante neste caso do poder executivo, como conselleiro do Medio Rural, dígolles que nós non temos máis intención que acertar con esta lei. Esta lei é unha caixa de ferramentas —levámolo dito moitos de nós— que ten que axudarnos a todos a loitar contra o abandono do rural, ten que axudarnos a todos a loitar contra o despoboamento e facer fronte ao reto demográfico. Ten que axudarnos a facer o noso territorio máis resistente fronte aos incendios forestais e máis sostible económica, social e medioambientalmente.

Remato xa. Todos temos o mesmo obxectivo, pois temos que recuperar a vida do noso rural, dende logo, con actividade económica rendible porque todos, estou seguro, queremos que a xente viva no rural, pero para iso a xente ten que tamén vivir do rural.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Votación do texto lexislativo

Procedemos á votación das emendas e do Ditame emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia.



Votamos, en primeiro lugar, de xeito conxunto as emendas do Grupo Parlamentario Socialista. **Votamos.**

Votación das emendas mantidas polo G. P. dos Socialistas de Galicia ao texto do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora, tamén de xeito conxunto, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. **Votamos.****

Votación das emendas mantidas polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao texto do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: **Votamos agora o ditame da Comisión. **Votamos.****

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, sobre a Proposición de lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 19; abstencións, 12.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: **Polo tanto, queda aprobada a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.**

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rematou o debate deste primeiro punto e continuamos co punto segundo da orde do día, que é o de comparecencias.



Comparecencia do conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar sobre a evolución da incidencia da pandemia en Galicia no relativo á situación epidemiolóxica e asistencial e aos avances no Plan galego de vacinación fronte á covid-19

O señor PRESIDENTE: Cando queira o conselleiro de Sanidade pode facer a súa comparecencia.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Señorías.

Estamos nun momento clave no que respecta á pandemia e á xestión dela no noso país. Por iso hoxe comparezo de novo, por petición propia, para valorar e trasladarlles a situación de Galicia e falar do futuro que temos por diante con respecto á evolución, neste caso, do coronavirus e, en xeral, da sanidade da nosa comunidade.

Respecto da evolución da pandemia, en canto ás cifras de incidencia, estamos nunha situación similar á que lles trasladé a mediados do mes de abril, pois continuamos coa evolución estable en canto ás cifras globais de pandemia. Os esforzos realizados en Galicia demostran a efectividade do modelo empregado ata este momento, que pretendemos manter na medida en que o decaemento do estado de alarma nolo permita. Precisamente por iso é aínda máis importante facer este chamamento á prudencia que facía hai un mes, xa que o cumprimento das medidas é máis necesario ca nunca.

Galicia segue sendo un territorio privilexiado grazas ao esforzo de todos, especialmente dos cidadáns e daqueles que ven ou viron reducidas as horas de funcionamento dos seus negocios.

Neste punto de inflexión que nos marca a desaparición do estado de alarma, dende a Xunta de Galicia seguiremos confiando no criterio do Comité Clínico xunto cos epidemiólogos da Dirección Xeral de Saúde Pública para seguir establecendo medidas cirúrxicas naqueles concellos onde a situación se complique —agora mesmo, eses cinco concellos están en restricións máximas—, e tamén para determinar, cando sexa posible, medidas máis relaxadas, unha vez que a porcentaxe da poboación vacinada se incrementa e se reduzan, aínda máis, os datos de novos contaxios.

Polo tanto, de novo, o meu agradecemento a todos eses excelentes profesionais que nos axudan a tomar decisións, co único obxectivo de seguir protexéndonos.

Os datos actuais de incidencia acumulada a catorce días continúan representando a metade do valor no Estado; a nosa incidencia agora mesmo é de 93,42, fronte a 188,97 da media do Estado español. E tamén na incidencia 7, que —como saben— utilizamos como referencia para establecer de xeito anticipado as restricións, agora mesmo Galicia está en 46,12, sendo a media española de 80,38.

Somos, polo tanto, unha das comunidades peninsulares con menos incidencia acumulada, tanto a catorce como a sete días. Pero hai que ser cautelosos, e aínda que, loxicamente, non



podemos desprezar os datos, máximo cando son positivos, hai que tratalos con reservas e preservar a chamada ao cumprimento das medidas, xa que estes datos non só son números senón que se traducen en hospitalizados e, por desgraza, nalgún caso falecidos.

Ademais das restricións e do seu cumprimento por parte da cidadanía, para cortar a cadea de transmisións do virus son imprescindibles os cribados e o seguimento dos contactos.

Na última semana, cos datos rexistrados nas estatísticas do ministerio, en Galicia realizamos máis de sesenta e cinco mil probas diagnósticas, e hai que ter en conta que eses datos, a pesar de que xa o solicitamos formalmente, non incluían todas as probas de PCR en saliva que se fan na nosa comunidade, por exemplo, as cento dezaoto mil que temos realizadas nas unidades móbiles, nin tampouco as que realizamos grazas á colaboración dos colexios de farmacéuticos, neste caso de Pontevedra e da Coruña, e que seguen tendo unha importante acollida por parte da cidadanía.

Galicia foi ao longo da pandemia e segue sendo unha das comunidades que máis probas diagnósticas realiza, incluso superamos a comunidades autónomas con maior poboación e mantémonos moi por riba da media española. En Galicia temos agora mesmo unha media de 2.409 probas diagnósticas por cada cen mil habitantes, na última semana, e a media española está en 1.733. Só nos superan neste caso Navarra e o País Vasco, que —como vostedes saben— están en situación epidemiolóxica claramente diferente da nosa.

E fomos os primeiros en probas procesadas no último día que contabiliza o ministerio, con 411 probas diagnósticas por cen mil habitantes. Grazas a que sempre fomos capaces de incrementar a nosa capacidade diagnóstica poñendo en funcionamento o covidauto, a covidautoescola ou tamén o sistema de *pooling*. Por darlles un dato, neste cribado por *pooling* en saliva nas oficinas de farmacia de toda Galicia levamos rexistradas máis de trinta mil probas e 157 positivos.

A semana pasada levamos a cabo cribados nos concellos con maior incidencia ou con gromos, como foi o caso da Coruña, A Laracha, Padrón, Ames, Laza, Ourense, Barro, Vilanova e Vilagarcía de Arousa. Esta semana tamén temos inicialmente prevista a realización de cribados nos concellos de Betanzos, A Coruña, Cambados, Cerdedo-Cotobade e Cuntis, ademais de continuar cos cribados nas farmacias.

Como ven, pese a que en Galicia podíamos ter rebaixado o número de probas, xa que a nosa incidencia é moi inferior á doutros territorios, queremos seguir mantendo ese nivel dun alto número de probas diagnósticas.

Queremos aproveitar este momento para atallar máis rápido os casos asintomáticos e evitar a transmisión, e incrementar dese xeito o descenso dos novos contaxios, que é algo que agora nos preocupa especialmente. Ademais, continuamos, por suposto, cos cribados nas residencias, que nos permiten atallar con rapidez os gromos, como é o caso da residencia de Chantada, na que a semana pasada puidemos frear esa cadea. A realización de probas foi clave para protexer os nosos maiores, posteriormente á vacinación prioritaria nestes centros, co esforzo loxístico desenvolvido polo persoal de vacinación. Seguimos a manter eses cribados



a todos os traballadores e tamén aos residentes cada vez que se incorporan, ou —como dicía— de xeito periódico.

Na anterior comparecencia fixémonos un obxectivo, ademais, de poñer unha proba PCR á disposición dos galegos sempre que o precisen. Agora mesmo xa o temos totalmente desenvolvido na provincia de Pontevedra e na de Coruña, e nestes mesmos días pecharemos de xeito definitivo en Lugo e en Ourense.

Continuamos tamén cos cribados que levamos a cabo nos aeroportos, iniciados a final do mes de marzo, e nos que participa voluntariamente calquera persoa que chega en avión a Galicia. Cremos que neste momento son fundamentais para aumentar a mobilidade no noso país. Ata o momento, realizáronse preto de sete mil probas, e a pasada semana solicitamos formalmente á dirección da Aena a prórroga —porque estaba ligada ao estado de alarma— de polo menos tres meses máis deste convenio, para poder desenvolver estas probas nas infraestruturas de titularidade estatal.

Ademais, temos instalado tamén unha proba piloto en lugares onde a transmisión está sendo elevada, puntos para a realización de probas aos que pode acudir calquera persoa de xeito voluntario. Así o fixemos no concello de Vigo a pasada semana, no que instalamos dous puntos deste tipo nos mercados do Progreso e Teis. E neste momento teño que volver reiterar a importancia da participación nestes cribados. Pedímoslle a toda a poboación que acudan, xa que estamos detectando que, neste sentido, se está producindo unha relaxación e un descenso na participación, que nos preocupa.

Somos conscientes de que son moitos os meses de pandemia e tamén do que pode supoñer ser illado por ser detectado como positivo. Pero neste sentido invitamos a pensar no beneficio comunitario, en que, se se illan, evitarán que outras persoas se contaxien. E tampouco debemos confiarnos pensando: como xa está o avó ou os pais vacinados, a situación é diferente. Mais ao contrario, hai que continuar sendo cautelosos. Cada vez é certo que estamos máis preto de ver a saída, e hai que seguir con ese último esforzo.

Precisamente a detección precoz será a que nos permita volver pouco a pouco á normalidade. Por iso manteremos o despregamento de toda a capacidade do noso sistema, empregando todos os medios ao noso alcance, ademais das probas diagnósticas dispoñibles: tests de antíxenos, PCR nasofarinxea, PCR en saliva ou PCR a través de *pooling*.

Para continuar coa abordaxe dos casos asintomáticos e cercar máis aínda o virus, aproveitando que agora temos máis capacidade dispoñible a ter esa menor incidencia, temos implantado un novo sistema que denominamos «de retrorrastrexo». Nun comezo, está previsto facer unha proba piloto de dúas semanas de duración, que comezou onte mesmo.

Ata o de agora, cando se producía un diagnóstico dun caso de covid, identificábanse os contactos estreitos tendo en conta o período de máxima transmisibilidade, é dicir, os contactos desde o illamento ata dous días antes do inicio dos síntomas, e nos casos asintomáticos, dous días antes de contar cunha proba positiva. Pero, ás veces, isto non é suficiente —témolo visto—, xa que as cadeas de transmisión poden persistir, sobre todo e obviamente, en casos



non diagnosticados, pero tamén como consecuencia da transmisión por aerosois en espazos de súper propagación, fundamentalmente nos recintos interiores.

Por iso neste proxecto implantamos unha ampliación temporal do estudo de contactos das corenta horas a partir do día cero —o primeiro día de síntomas ou proba positiva— ata os sete días, e ademais independentemente do uso da máscara. Deste xeito, o noso obxectivo é detectar cadeas de transmisión ocultas, previndo deste xeito casos adicionais e cortando a circulación do virus.

Como digo, é unha proba piloto e veremos os resultados. Temos que ver se esta apertura no criterio nos produce un aumento importante de probas —estamos seguros de que si—, pero se logo ten un rendemento diagnóstico tamén importante e paralelo.

Seguimos traballando neste sentido, xa que a pronta detección e illamento son garantes da redución da transmisibilidade que nos permitirá seguir avanzando na conta atrás desta pandemia. En resumo, temos que atacar o virus con toda a forza, e agora máis que nunca.

Na mesma liña, queremos seguir insistindo nas medidas de prevención. E por iso o persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública continúa desenvolvendo a campaña de reforzo de cumprimento das medidas de prevención fronte á covid-19, que iniciamos xa no mes de febreiro. Ata o momento, levan realizado un total de 14.886 visitas; delas, 8.156 corresponden a locais de restauración, 4.197 ao sector da alimentación e 1.997 a instalacións deportivas, entre outras. Como saben, o obxectivo desta campaña é fundamentalmente o de asesorar sobre as medidas sanitarias. E aínda que se detectaron 4.116 incumprimentos en 1.230 establecementos, as medidas que se tomaron, na maior parte, foron dar un prazo para poder corrixir estes incumprimentos. E en tan só no 7,7 % dos casos se teñen establecido outras medidas, como requirimentos ou expedientes sancionadores.

Respecto da situación asistencial, seguimos mantendo unha situación estable con respecto ás hospitalizacións. As estancias na UCI agora son máis alongadas, e temos un total, no día de hoxe, de 43 pacientes en camas de críticos. A cifra ten medrado respecto á miña anterior intervención, por iso reitero que non podemos descoidarnos. En unidades de hospitalización, agora mesmo temos 147 pacientes hospitalizados, o que representa un 88,5 % menos do que tivemos no pico da pandemia no mes de xaneiro. En liñas xerais, Galicia segue sendo unha das comunidades autónomas con menos camas ocupadas, tanto en críticos como en hospitalización convencional. Sen embargo, reitero que calquera descoido nos pode levar a unha situación que ninguén desexa, na que aumente a presión hospitalaria.

Que ninguén esqueza que cada día segue a haber novos contaxios, novos ingresos, e que —afortunadamente, xa non todos os días, pero si moitos deles— segue a haber falecidos en Galicia. Por suposto, o noso respecto, a nosa condolencia e o noso apoio aos familiares e achegados de cada unha destas vítimas. (*Aplausos.*)

Estamos agora mesmo no redor do vinte por cento da poboación inmunizada —dato de onte, o 19,3 %, neste caso xa con pauta completa—, e aínda que é un bo dato, estamos obviamente moi lonxe desa inmunidade de grupo que todos ansiamos.



Esta pandemia aínda non rematou, e transmitir a mensaxe de que xa está superada é perigoso e contraproducente. Precisamente por iso levamos meses insistindo ante o Goberno de España de que a fin do estado de alarma non podería supoñer un punto final á loita contra o virus dende un punto de vista normativo. Desgraciadamente, este aparente interese do Goberno por trasladar unha imaxe triunfalista de fin de ciclo, que aínda non é real, ten levado a que as comunidades teñamos que facer enxeñería normativa para poder adoptar as nosas medidas á marxe que nos permiten as normas en vigor. Despois do compromiso de hai un ano do Goberno do Estado e do seu presidente e da súa vicepresidenta de que se levaría a cabo unha reforma da Lei orgánica da saúde pública, hoxe atopámonos sen estado de alarma e sen esa reforma, e ademais cun recurso interposto á nosa lei, porque nin lexislan nin nos deixan, neste caso, legislar aos demais.

Dende Galicia fomos leais en todo momento co Goberno neste sentido, xa que —como recordarán— no mes de outubro remitimos ao Goberno de España unha proposta de lexislación orgánica na que pretendiamos que se aclarase cales eran as medidas que podían tomar as comunidades autónomas, pero nunca recibimos resposta. Galicia tivo que tomar a iniciativa de elaborar a súa propia lexislación, aprobada neste parlamento. E aí estiveron máis rápidos na resposta: recurso de inconstitucionalidade, sen unha chamada, sen unha comunicación previa, absolutamente nada.

Ante esta realidade, son rechamantes algunhas declaracións que pretenden sinalar como desleais os gobernos autonómicos. É que ata o Consello de Estado reconece literalmente: «*La Ley orgánica 3/1986 podría estar necesitando de una adecuación legislativa que le aporte mayor detalle y concreción, en orden a proporcionar a las autoridades sanitarias competentes el mejor marco jurídico posible para afrontar las situaciones presentes y las futuras de riesgo grave para la salud pública*». É que a lei orgánica ten unicamente catro artigos, e o 3, co que se pretende que regulemos toda a pandemia, di exactamente: «*Artículo 3. Con el fin de controlar las enfermedades transmisibles, la autoridad sanitaria, además de realizar las acciones preventivas generales, podrá adoptar las medidas oportunas para el control de los enfermos, de las personas que estén o hayan estado en contacto con los mismos y del medio ambiente inmediato, así como las que se consideren necesarias en caso de riesgo de carácter transmisible*». Por iso o Consello de Estado di que hai que facer esa adecuación lexislativa que aporte maior detalle e concreción.

E ao Goberno o único que se lle ocorre para solucionar esta situación, na que nin Galicia nin as comunidades do PP son as únicas que demandan ferramentas, é xudicializar a pandemia ao cadrado —como digo eu—: ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e ao Tribunal Supremo, que terán que tomar decisións con base nunha lei inconcreta. ¡Inaudito!, aos gobernos elíxenos para iso, para gobernar, e aos parlamentos para lexislar e, neste caso, concretar. E o Goberno neste caso desenténdese de todo. Segue desentendéndose da pandemia, non quere que os datos negativos —os de contaxios e falecementos— teñan que ver co logo do Goberno de España. Pero, iso si, tivo a máxima visibilidade nas caixas das vacinas recibidas, e segue a tela nas declaracións públicas sobre un proceso de vacinación que está xa realizado polos servizos autonómicos.

Miren: a Xunta de Galicia estivo na primeira sempre, non só cando os datos eran ou son positivos. Estivemos os primeiros na xestión da pandemia, adiantándonos na xestión dende o



primeiro momento, na compra de respiradores, de máscaras, de luvas, na organización dos hospitais, na realización das probas PCR... Nós non imos deixar de lado os galegos, aínda que teñamos que asumir un desgaste político.

O Goberno central, teoricamente, é un defensor da cogobernanza para o malo. Agora abócamos a unha cogobernanza, pero neste caso das comunidades autónomas co poder xudicial. E á vista está o que xa ocorreu a semana pasada cando os tribunais avalaron as medidas tomadas nalgunhas comunidades autónomas, pero non no País Vasco; co que supón non poder aplicar medidas de restrición nunha comunidade cunha incidencia acumulada por encima de cincocentos.

Así que, con esta situación, en Galicia seguimos optando polo criterio do Comité Clínico e esperando a que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos permita manter as normas que publicamos no *DOG* e que entraron en vigor na noite do domingo.

Hai quen utiliza o feito de que, ata o de agora, sempre contaramos co aval do Tribunal nas medidas que fomos tomando para minimizar o problema que causa a ausencia de lexislación clara. Eu, pola contra, teño que felicitar os servizos xurídicos da Consellería de Sanidade e o persoal da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia polo seu extraordinario traballo na fundamentación e defensa destas medidas, que é o que lle ten permitido ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia avalar a súa rectificación, a pesar da ambigüidade da lexislación que nos vemos obrigados a usar. Xa o fixo no verán pasado no caso da Mariña e lévao feito nas ocasións que lles solicitou, e esperamos, por suposto, que o faga nestes días tras ter presentado onte a correspondente solicitude.

Respecto do avance do proceso de vacinación, estamos moi satisfeitos sobre como se está desenvolvendo en Galicia. Cada semana actualizamos e vacinamos a todos os novos traballadores e usuarios que se incorporan ás residencias. Por iso, o noso dato nunca é do cen por cento, xa que continuamente se están incorporando aos centros traballadores e novos residentes. Os datos que se remiten ao ministerio para o denominador poboacional son os das persoas institucionalizadas que pertencen ás residencias de maiores, de discapacidade, e aos pacientes crónicos e de saúde mental. Ademais, temos practicamente rematada a vacinación con pauta completa dos maiores de 80 anos, co esforzo que supuxo para o noso persoal achegarse aos domicilios para vacinar a todos aqueles que o precisaron. Galicia conta cunha poboación moi dispersa e coa metade dos núcleos de poboación de toda España, o que, sen dúbida, dificulta a chegada a todos os puntos. E para iso foi clave a planificación, ademais do coñecemento por parte do persoal de enfermería — de primaria, neste caso— tanto do seu territorio como, fundamentalmente, dos seus pacientes.

Nas últimas semanas temos avanzado na administración de segundas doses ao grupo de 70 a 79 anos. E onte rematamos a vacinación do grupo de idade 60 a 69, loxicamente a todos aqueles que se quixeron vacinar e que se lles ofreceu. E hoxe mesmo comezamos a vacinar as persoas que se atopan no tramo de idade de entre 55 e 59 anos. E retomaremos tamén a vacinación dos grupos esenciais que quedaron paralizados —como vostedes recordan— a raíz dos axustes nos criterios do uso da vacina de AstraZeneca.



Respecto dos grupos que imos pechando, quero sinalar que seguiremos chamando a todos aqueles que non acudiron á súa cita, e tamén continuamos coa programación dos domicilios nestes grupos. A pasada semana, citamos 266.628 persoas, das que acudiron 234.750. Por tanto, tivemos unha adherencia do 88 %, dato que, sen ser do cen por cento —que é o que nos gustaría—, nos parece bastante significativo. E esta semana temos citados 187.000 galegos e galegas a poñerse a vacina.

Con respecto ás vacinacións nestes días, gustaríame aproveitar —como xa fixen onte— para pedir desculpas ás persoas que quedaron o domingo sen vacina e tiveron que volver no día de onte, neste caso na Área Sanitaria da Coruña. Foi unha situación derivada da boa fe de vacinar ás persoas acompañantes das persoas que estaban citadas e que tiñan cita nos vindeiros días, e que, por facilitarlles o seu proceso, foron vacinadas, coa mala sorte de que ao final non quedaron vacinas para as persoas que tiñan cita. Esta é —repito— unha actuación de boa fe por parte dos profesionais sanitarios, pero que non podemos volver reiterar. Xa tiña ocorrido nalgunha ocasión, ben é certo que coas primeiras vacinas —contando que despois algunha persoa non acudía— había certa marxe para poder vacinar estas persoas. Dende logo, non podemos volver ter esta situación e —repito— xa onte lles pedín desculpas. Onte foron vacinados todos eles, os que quedaron sen vacinar, e agardamos que esta situación non volva darse. En todo caso, tamén, todo o agradecemento ao persoal sanitario da Área da Coruña, neste caso, que foi quen de vacinar —este domingo pasado, cando ocorreu isto— a máis de catro mil persoas.

Para a vacinación seguiremos empregando os catorce puntos de vacinación masiva, nos que habilitamos as liñas de administración necesarias segundo as doses dispoñibles. Este martes temos funcionando nestes catorce puntos cento dez puntos na quenda de tarde e noventa e tres na de mañá. E o xoves teremos oitenta e nove liñas funcionando.

Gustaríame de novo agradecer o traballo de todos os profesionais da Consellería que están implicados neste proceso e ao persoal do Sergas, así como tamén a magnífica colaboración dos concellos. En concreto, gustaríame destacar o traballo de Protección Civil e da Cruz Vermella, que, cun labor desinteresado, axudan a que as xornadas de vacinación masiva se realicen dun xeito ordenado.

Outra vez quero facer un chamamento, neste caso, a que todas as persoas que son chamadas para vacinar, acudan. Todas as vacinas comercializadas teñen probada a súa eficacia e a súa seguridade. Quero animar a cidadanía a que acuda á súa cita porque, sexa a que sexa a vacina que se vai administrar, cando se administra é porque a Axencia Europea do Medicamento e a comunidade científica teñen comprobado que é segura para o seu grupo de idade. A mellor vacina posible é a vacina posta.

Neste sentido, teño que lamentar que o Goberno de España teña decidido atrasar, sen o aval nin das autoridades europeas, nin da inmensa maioría das sociedades científicas, a administración da segunda dose de AstraZeneca ás persoas menores de 60 anos que xa recibiron unha primeira dose desta vacina. Galicia votou en contra desta decisión na Comisión Nacional de Saúde Pública por entender que non estaba avalada pola evidencia científica, pero o voto maioritario foi noutro sentido. E, unha vez máis, mantemos a lealdade, por suposto,



das decisións tomadas polos órganos colexiados que rexen o noso sistema sanitario e aplicamos as normas ao noso proceso de vacinación, aínda que dificulten a comunicación á nosa poboación da importancia e seguridade deste proceso. Recibimos numerosas chamadas, numerosas mensaxes de persoas que teñen esa primeira dose e que voluntariamente queren poñer a segunda, e o que lles estamos a dicir é que, efectivamente, non está establecido así e que aínda que voluntariamente queiran, non van poder recibir esa segunda dose.

Igual que no caso dos cribados, a vacinación supón un beneficio comunitario, xa que canto antes acadamos unha porcentaxe elevada de inmunizados, antes diminuirán os contaxios e antes poderemos relaxar as restricións.

Pero en Galicia non só estamos defendendo a vacinación segundo os criterios científicos, tamén estamos utilizando a vacinación masiva para contribuír aos avances científicos e á mellora da seguridade dos procesos. Dende a Dirección Xeral de Saúde Pública estamos levando a cabo un plan de estudo de posibles efectos adversos ou fallos vacinais das vacinas fronte á covid dentro do programa de farmacovixilancia do Sergas. Ademais do estudo con este plan, traballamos de cara á seguridade do paciente, xa que estudamos as reaccións adversas ou graves ás vacinas, e tamén a falta de resposta inmunolóxica fronte á vacina. Para iso fíxose unha colección de mostras biolóxicas que nos serven como control e que nos permite comparar estes casos, os dos pacientes que detectamos, cunha das dúas variables anteriores, para poder identificar cales son as diferenzas.

Ademais, dentro do proxecto Galcovivac, colaboramos co grupo de investigación en xenética, vacinas, infeccións e pediatría do IBIS, centro colaborador da OMS en seguridade vacinal, ademais de continuar cos estudos relativos á redución da positividade —datos que lles adiantei na miña anterior comparecencia—. E xa temos os resultados dese primeiro estudo da relación entre vacinación e hospitalización, ademais de como a vacina afecta a redución da mortalidade.

Quero trasladarlles que o estudo das duascenas cincuenta mil persoas vacinadas fronte á covid en Galicia demostra que a efectividade da vacina é do 88,4 % na redución das infeccións por coronavirus, do 94 % da hospitalización cunha única dose e do 95,7 % con pauta completa e, o máis importante, do cen por cento para ingresos en UCI e en falecementos. Estes son datos —repite— extraídos dos pacientes vacinados en Galicia, nunha base de datos de trescentos corenta mil pacientes e, nomeadamente, —isto que lles adianto— dun estudo das duascenas cincuenta mil persoas vacinadas fronte á covid neste primeiro estudo. Este estudo, sen dúbida, vén demostrar que as vacinas non son só seguras, senón que nos protexen das peores consecuencias que pode ter o contaxio: o ingreso na UCI e os falecementos.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria colaboran tamén nun estudo de vacinación en pacientes transplantados para coñecer a efectividade neste grupo. Polo que —como dicía— Galicia non está só vacinando, senón que está establecendo liñas de colaboración en farmacovixilancia e investigación con persoal de recoñecido prestixio no ámbito científico, como son o doutor Federico Martinón ou a doutora Marisa Crespo, aos que, por suposto, quero agradecerlles o seu traballo.



No que atinxe ás persoas que xa teñen pasado a enfermidade, seguimos avanzando na implantación das unidades poscovid. Nun primeiro termo, levamos a cabo a formación telemática destinada fundamentalmente aos profesionais de atención primaria, para poder coñecer o seu funcionamento e os cuestionarios que lles remitimos aos pacientes nas últimas semanas. Teñen visualizado esta formación telemática máis de dúas mil persoas, e xa está dispoñible para quen a poida precisar no canal de Youtube da Axencia de Coñecemento e Innovación en Saúde, a ACIS.

O xoves 30 iniciamos a remisión do cuestionario relativo aos síntomas persistentes da covid e a aquelas persoas que sufriron a enfermidade a comezos da pandemia para, progresivamente, reemitírllelo aos máis de cen mil que superaron a enfermidade na nosa comunidade autónoma. Deste xeito, os facultativos de atención primaria poderán ir valorando os seus pacientes, de xeito que aqueles que consideren que sexan propostos para que se lles faga un seguimento especial nestas unidades poidan ser remitidos. Esta información que nos remiten os pacientes non só servirá para esa avaliación individual que consideramos imprescindible, senón tamén para facer unha valoración global de cales foron as secuelas que maioritariamente sufriron as galegas e os galegos que pasaron esta enfermidade.

Como ven, poden constatar semana a semana que imos dando pasos comprometidos en todas as cuestións que imos formulando e tratando nestas comparecencias.

Estamos iniciando tamén o Plan de reactivación asistencial do Sergas no ámbito hospitalario —que xa comentara—, dotado con eses 15 millóns de euros. Mediante este plan levaranse a cabo arredor de douscentos trinta mil actos asistenciais extraordinarios, máis de cento quince mil probas diagnósticas, máis de noventa e dous mil consultas e máis de dezanove mil procedementos cirúrxicos. Esta tríade adicional, dirixida fundamentalmente aos pacientes con patoloxías diferentes ás orixinadas pola covid, ten como obxectivo conseguir unha diminución do número de doentes en espera para unha cirurxía programada, primeira consulta ou proba diagnóstica. Esta reactivación asistencial, que de forma xeral será gradual e dinámica, será tamén reversible, por suposto, en función da evolución da pandemia.

Durante este último ano, a Consellería de Sanidade mantivo un compromiso de atender os pacientes que precisaban unha cirurxía considerada de prioridade 1, así como patoloxías relacionadas con diagnósticos incluídos no Decreto de garantías de tempos máximos de atención, que son, na súa gran maioría, os pacientes oncolóxicos. O mesmo se fixo para a realización de consultas e probas diagnósticas das vías rápidas de cancro, dando a mellor e a máis rápida resposta posible ás persoas con patoloxías graves. En consecuencia, este plan extraordinario permitirá que nos aproximemos de novo á actividade asistencial previa á pandemia.

Respecto da actividade asistencial, quero dedicarlle un tempo de novo a falar de atención primaria. A Xunta de Galicia non esquece que a inmensa maioría dos galegos e galegas que sufriron a covid en Galicia foron seguidas e atendidas por este nivel asistencial, aproximadamente o noventa e catro por cento dos galegos que pasaron a covid foron seguidos dende a atención primaria. Nos picos máximos da pandemia, con máis de vinte e dous mil casos activos en Galicia, preto de vinte e un mil pacientes estaban superando a súa enfermidade no seu domicilio,



ao coidado e baixo a supervisión constante dos profesionais da atención primaria. Sabemos que os profesionais da atención primaria, co respaldo institucional do sistema sanitario, foron quen de cumprir cos obxectivos marcados cada ano e incluso en circunstancias adversas.

Neste sentido, a reactivación progresiva da actividade presencial en primaria fixouse tamén como un obxectivo máis para a recuperación da normalidade en todos os servizos públicos. Somos perfectamente conscientes de que a recuperación da presencialidade non depende exclusivamente dos profesionais. A Xunta de Galicia tomou diversas medidas para facilitalo, comezando pola vacinación, por suposto, como non podía ser doutro xeito, coa máxima prioridade dos profesionais de atención primaria, pero tamén, por suposto, con toda a poboación máis habitualmente usuaria destes centros.

Ademais, estamos levando a cabo un proceso de reforma que nos permitirá alixeirar a carga burocrática de todos os profesionais. Neste sentido, seguimos avanzando na execución do Plan galego de atención primaria 2019-2021 coa dotación de máis prazas e de máis medios, e no desenvolvemento dos obxectivos do documento por unha primaria vertebradora do sistema de saúde, a través do traballo do Consello Técnico de Atención Primaria, que está activo —de feito, réunese esta mesma tarde—, e con quince grupos de traballo próximos a rematar unhas conclusións fundamentais para a reordenación das tarefas entre as categorías que desenvolven o seu labor neste nivel asistencial. (*Aplausos.*) Contribuír á pronta implementación destas conclusións é un dos obxectivos fundamentais da creación, este mes, da nova Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Atenderemos tamén a petición dos profesionais de potenciación das figuras dos xefes de servizo e coordinadores de enfermería, elixidos a través de concursos nos que se valore o proxecto de plan local de saúde cun enfoque de medicina comunitaria. Por iso consideramos que o aumento da inmunización dos profesionais e pacientes e o comezo das reformas colócanos en disposición de incrementar, ao longo deste ano, esa actividade presencial que demanda a poboación. Por suposto, sempre a criterio dos profesionais e compaxinada coa telemática, que, sen dúbida, é unha ferramenta moi valiosa que non podemos obviar.

Quero remarcar que a Xunta ten definido en todo momento ante calquera cuestionamento neste sentido —moitos deles vertidos nesta mesma sede parlamentaria— que a atención non presencial, utilizada sempre baixo o criterio profesional dos facultativos, é unha ferramenta útil para dar unha asistencia sanitaria axeitada a unha boa parte da demanda dos pacientes. A diferenza doutros posicionamentos, dende a Xunta de Galicia non estamos traballando para retomar o pasado, senón para avanzar cara ao futuro, definindo un novo modelo sanitario da man dos seus profesionais.

Este avance cara ao futuro do sistema sanitario afrontámolo con reformas que van acompañadas de recursos económicos, non só co esforzo orzamentario que fixo a Xunta para este ano 2021, senón que tamén queremos aproveitar os fondos Next Generation para continuar coa transformación do sistema de saúde galego.

Despois da última comparecencia do vicepresidente segundo neste parlamento, vostedes xa coñecen a lista completa de proxectos que a Consellería de Sanidade incorpora á candidatura



galega a estes fondos, polo que creo axeitado que lles dea unha explicación dos seus obxectivos.

En primeiro lugar, buscamos aproveitar estes fondos para modernizar todo o noso equipamento diagnóstico, tanto o diagnóstico por imaxe como o de esterilización ou o equipamento electromédico dos quirófanos, o que nos permitirá unha mudanza importante dos métodos e da calidade do traballo.

En segundo lugar, verán que propoñemos fondos para xerar a transformación das infraestruturas sanitarias, avanzando cara a modelos máis humanizados e máis eficientes no ámbito hospitalario, no ámbito da atención primaria e no ámbito da saúde mental.

En terceiro lugar, aspiramos a que Galicia poida desenvolver, cos nosos propios medios, tratamentos equiparables ou dispoñibles en calquera outro lugar de Europa ou do mundo. Queremos incorporar novas terapias ao sistema público galego. Nesa liña, temos un recente mandato parlamentario, precisamente, para desenvolver en Galicia unha estratexia de medicina personalizada e, en particular, un centro de fabricación de medicamentos CAR-T. O CAR-T permite modificar xeneticamente os linfocitos dun paciente para convertelos nun fármaco para o seu propio tumor. Dispoñer en Galicia dun centro coa tecnoloxía e co persoal capacitado que nos permita fabricar estes fármacos non só facilitará a aplicación destas terapias de alto impacto a pacientes oncolóxicos de Galicia, senón que tamén permitirá ter unha infraestrutura loxística para avanzar no desenvolvemento da medicina personalizada e das terapias celulares avanzadas para outras patoloxías autoinmunes, neurolóxicas ou mesmo das enfermidades raras. Trátase dun proxecto cun potencial transformador moi importante da asistencia sanitaria prestada en Galicia e que se realiza en conxunto con todas as áreas sanitarias e coas tres universidades galegas. E quero recoñecer especialmente o esforzo das tres, especialmente da Universidade de Santiago de Compostela, que foi francamente xenerosa no plantexamento deste centro.

Outra terapia innovadora que queremos incorporar ao Sistema público de saúde en Galicia é a protonterapia, que permite utilizar protóns para aplicar radiación directa a tumores situados en zonas sensibles como o cerebro, a medula ou os ollos. Agora mesmo, soamente hai dous centros privados en España que ofrecen esta terapia. Polo tanto, temos unha oportunidade de ser pioneiros no desenvolvemento público desa terapia e situar a Galicia como referente nestes tratamentos para todo o noroeste da Península, e mesmo para o veciño Portugal. *(Aplausos.)*

En cuarto lugar, queremos abordar o reto da definitiva transformación dixital do sistema sanitario, xeneralizando o uso do *big data* e a intelixencia artificial en rede para romper as barreiras físicas e facilitar o traballo en rede dos profesionais. Nos últimos dez anos, o Sergas xerou máis de catrocentos millóns de actos clínicos, seiscentos millóns de dispensación de fármacos e dous millóns de imaxes clínicas. Toda esta información —totalmente dixitalizada dende hai anos— ata agora só se utiliza para o tratamento individual dun paciente. Esta información pode ser valiosísima para que todos os nosos profesionais traballen en rede cun concepto transversal de centro sanitario, algo así como a oitava área sanitaria, que é un pouco o resumo deste proxecto.



Por iso é necesaria a creación dunha infraestrutura para que toda esa información, axeitamente anonimizada, por suposto, poida ser accesible de xeito seguro por parte de profesionais e investigadores, e ser tamén procesada a través de mecanismos de intelixencia artificial. A través disto poderemos poñer en marcha a historia clínica intelixente, na que a intelixencia artificial xogue un papel clave en achegar información ao profesional sanitario para apoialo na súa decisión clínica. Ademais, queremos empregar esta información de xeito global para o deseño de políticas sanitarias e para a investigación e análise de tendencias, e mesmo o desenvolvemento de modelos predictivos e detección precoz de patoloxías.

En último lugar, queremos impulsar a actividade de investigación biomédica en Galicia, para desenvolver novos proxectos e atraer talento e persoal investigador. Queremos potenciar a capacidade da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, un campo no que Galicia é referente e que necesita infraestrutura e equipamento para converterse nun polo de formación e investigación.

E xa en relación máis directa coa covid, pretendemos implantar un plan de secuenciación masiva, co que pretendemos incrementar aínda máis a capacidade de Galicia para a secuenciación de virus e bacterias. Aínda que temos feito un esforzo importante en canto ao incremento da nosa capacidade, que nos ten permitido detectar con rapidez variantes como a india nestes días recentes, cremos que debemos avanzar neste sentido para estar preparados para o futuro e poder abordar así calquera imprevisto en materia de saúde pública.

Gustárame sinalar que Galicia deu mostras desta capacidade, tanto coa aparición da variante británica como a secuenciación doutras variantes do coronavirus —como comentaba estes últimos días da subvariante, neste caso, india—. Pero isto non significa que na nosa comunidade circulen máis esas variantes, senón que nós temos acadado os avances necesarios para poder, neste caso, detectalas.

En definitiva, ademais de abordar a xestión da pandemia, tanto no relativo aos contaxios como no plan de vacinación, queremos traballar na recuperación da actividade en todos os ámbitos de atención, pero tamén afrontar o futuro co deseño, a planificación e a execución das políticas sanitarias de reforma do Sistema de saúde galego. Acudiremos a estes proxectos para avanzar cara a unha asistencia sanitaria máis completa e unha maior capacidade de investigación e prevención.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Pausa.) (Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.



Bo día a todas e a todos. Bo día, señor conselleiro.

En primeiro lugar, dende o noso grupo quixeramos manifestar a nosa inconformidade, o noso sentimento de absoluto reproche aos comportamentos que se viron esta fin de semana, de concentracións masivas e absolutamente desordenadas de certas persoas nalgúns lugares, e que son un problema para o control da pandemia. Son absolutamente reprochables.

Quixeramos deixar claro tamén, dende o noso punto de vista, que non deben de servir para criminalizar a ninguén, porque son, en realidade, moi minoritarias. A maior parte da poboación pórtase ben, especialmente a poboación en Galicia; porque ao final non debemos perder de vista que todas esas grandes concentracións se produciron en lugares que non son as cidades ou as poboacións galegas. E a pesar de que dende certo pulo dos medios de comunicación trátase de invadir todo o territorio con imaxes das grandes cidades españolas, non é o que está facendo o pobo galego, que en termos moi xerais, moi maioritarios, pórtase clarisimamente ben, moito mellor, moitas veces, do que podemos pensar ás veces se vemos outros espectáculos.

Pero non é posible facer esta valoración sen destacar —e isto é triste ter que dicilo, pero é así— que estes comportamentos son froito tamén de discursos que se asentán e que alimentan a confrontación. Porque o partidismo utilizado ata extremos, a utilización retorcida e torticeira de conceptos como a *liberdade*, acaba por provocar hooliganismo, e o hooliganismo acaba por provocar este fanatismo e este odio. E, ao final, a confrontación permanente alenta o incumprimento. E nós facemos un chamamento tamén a quen dende as institucións traballan para vivir en plena confrontación e con iso alimentan que a cidadanía perda a sensación de lexitimidade sobre as medidas, porque tamén iso contribúe a non controlar ben a pandemia, aínda que, ás veces, un pareza pensar só no curto prazo. (*Aplausos.*)

Falou vostede ademais, señor conselleiro, de numerosas cuestións, sobre a vacinación, as medidas, sobre as cuestións asistenciais nas que nós —por unha cuestión de tempo, xa que nós temos tempo limitado e vostede non— non podemos entrar. Pero algunhas das cuestións esenciais sobre as que vostede anunciou ao comparecer, que son a evolución epidemiolóxica e o estado da vacinación, merecen para nós algúns comentarios.

En primeiro lugar, nós defendemos sempre, e farémolo sempre, que a vacinación é un proceso complexo, somete a un test de estrés aos sistemas sanitarios e ás administracións en conxunto. Dende ese punto de vista, nós cremos que hai que cualificar a vacinación —dentro do dramático da situación— como un certo éxito colectivo; colectivo, de ninguén en particular. Parece que hai gobernos máis empeñados en utilizalo coma unha ferramenta de confrontación.

En España hai máis de vinte millóns de persoas cunha dose, hai máis de seis millóns de persoas cunha pauta completa. Vacínanse máis de medio millón de persoas ao día; en Galicia, case corenta mil ao día de media nas últimas fases da vacinación. Máis dun corenta por cento da poboación en toda España ten xa polo menos unha dose.

Ademais —e vostede a isto non fixo ningunha mención, seica isto non lle encaixaba no discurso da confrontación—, onte soubemos que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, dixo



que en cen días —que é unha marca redonda, que tamén está ben anunciar— teremos logrado o que se chama «inmunity de rabaño», ou máis ou menos o setenta por cento da poboación. É unha boa noticia. E vostedes deberían de intentar alegrarse das boas noticias, aínda que non as deran vostedes, porque é unha noticia boa para todos. Hai que intentar — como lles dicimos— fuxir da confrontación.

Vostedes están noutra cousa, e parece que isto non lles pareceu importante. E vostede veu facer aquí outro tipo de confrontación. Porque, ao final, o que vimos aquí é que... Ben, un plan asistencial, pero vostede practicamente foi discrepar, dende o inicio —ademais dos datos iniciais—, co Goberno central. A verdade é que aquí Ayuso tiña un delegado da súa política, que era o señor Feijóo. E permítame dicir que estou certamente decepcionado, porque non esperaba que vostede agarrase esa bandeira como o fixo hoxe, indo directamente discutir todo e dicir que todo o que fai o Goberno de España está mal, e facer esa interpretación tamén torticeira da lexislación. A verdade é que non esperaba ese *ayusismo* en vostede, porque non é o seu estilo, ou polo menos non o foi ata o de agora, e non consideramos dende o noso grupo que ese sexa o seu estilo.

Vostedes utilizaron o proceso, tamén a vacinación, para confrontar. Lembren: discutiron que chegaran as vacinas por Portugal, dicían que non chegarían ata abril, dicían que non chegaban en tempo e forma, ¡e chegan!; dixeron de todo. Daba a sensación, por veces, que lles parecía mal que se vacinase. Era unha cousa sorprendente, que, evidentemente, non deba de ser así, e entendemos que non pode ser así.

Nós queremos agradecer a todos os profesionais que están implicados, a todos, e especialmente aos sanitarios, os que están no día a día, os que están nas vacinacións. Fíxese se nós comprendemos que vostede fixo unha lectura do que pasa coa vacina de AstraZeneca, que ten que ver, por certo, cunha decisión europea, basicamente, pero vostede fixo unha lectura terxiversada, porque agora bótalle a culpa ao Goberno de España. E dixo —creo—: nós somos leais coa decisión aínda que non nos parece ben, pero, como somos leais, cumprirémola. Non, non confundamos. Iso non é lealdade, iso é cumprir a norma. A lealdade é asumir e colaborar nas decisións. Por exemplo, existiron problemas na vacinación e ineficiencias na Coruña. ¿É iso motivo de dispararlle a este goberno porque si? Non, porque é complicado xestionar isto, e nós comprendémolo.

O señor Feijóo anunciou que habería vacinas de Pfizer para a xente que se vacinou con outra vacina, neste caso, con AstraZeneca. Hai unha semana que o dixo e segue pasando, todos os días... É un erro, e non é difícil entender que os cidadáns poden tamén comprender que é un erro. Non vai atopar en nós unha crítica desaforada sobre o asunto. Vostedes teñen, nalgúns ocasións, algúns erros de xestión, e iso é comprensible. Nós entendemos que isto é lealdade, porque os comprendemos, porque non imos facer unha guerra con isto. O que vostedes fan de dicir: ¡o que fai o Goberno está mal, nós protestamos, nós tal..., pero somos leais! Non, a lealdade non se di, practícase, e vostedes non están facendo isto. E isto é do que os acusamos. (Aplausos.)

Gustaríanos saber sobre a vacinación —ademais de todo isto que dicimos, que nós cremos que é un éxito colectivo que hai que elaborar— canta é a porcentaxe de rexeitamento que



está recibindo. Porque nós temos feito algunhas propostas, por exemplo, unha campaña que provocou un debate hilarante da señora Vispo na comisión o outro día e que, dentro do boton co que sempre se debate a señora Vispo, debatemos unhas cousas, pero acordamos por unanimidade unha campaña de promoción da vacinación. Porque nós estamos preocupados porque todos estes problemas, e a confrontación na que vostedes están, alimenten que a xente empece a vacinarse menos. Nós non sabemos se agora o proceso de rexeitamento é menor do que había ao principio, que pode ser; e nós queremos saber canto e saber que están facendo, porque hai cousas aprobadas que non se levan a cabo.

Sobre a evolución epidemiolóxica, Galicia vai, en xeral, bastante ben, razoablemente ben, dentro das dificultades. Hai comunidades que están mellor e hai comunidades que están peor. Nós non compartimos —xa o dixemos dende o principio— valorar en función da media, porque a media, cando hai un elemento *outlier* profundamente, como é Madrid, non vale para nada. As medias en España non... Probablemente, se quitásemos Madrid do cómputo, toda a demais media fose razoable. E introducindo Madrid, as medias son estatisticamente unha aberración para ter en conta, pero en fin... Tamén é certo.

Sobre a atención primaria —non me vai dar tempo a facelo todo, ademais temos unha iniciativa—, si temos unha proposta: retiren os ADX. Porque é moi importante que, cando traballen con cousas que teñen que ver con primaria, falen coa xente de primaria. Iso sería bastante importante; cremos nós que é relevante. E, ademais, porque vostedes levan anos dicindo que están planificando o que hai que facer. O que hai que facer en primaria está máis que planificado e está máis que acordado; queda facelo. Por tanto, máis que falar, igual hai que ir dicir as cousas.

E entrou vostede —e por iso gárdome os últimos momentos da miña intervención— nunha cuestión sobre a legalidade e as medidas. Temos un debate que, neste caso, vén a través dunha PNL que propón neste pleno o Partido Popular. Eu pensei que vostede, elegantemente, ía deixar ese debate para entón, pero vostede entrou neste debate, e é certo que, ata o de agora, non entrara con esa virulencia coas verbas coas que se dirixiu. Meteuse tamén neste problema con tal de discutir a verdade. ¡É que vostedes discuten ata a Constitución! E eu entendendo que vostedes lean as partes que lles interesan da resolución do Consello do Estado, pero voulle ler a conclusión, que é a que vale.

O Consello do Estado di: «Existen fundamentos xurídicos suficientes para interpoñer recurso de inconstitucionalidade contra a súa modificación da lei.» Isto é a resolución, todo o demais poden ler o que queiran, pero esta é a resolución. E vostedes presumen de que o Consello do Estado lles diga que a súa lei é inconstitucional. E eu podería presumir de moitas cousas, pero de que me digan que son inconstitucional... ¡Home, pois non o vexo!

Para facer unha reflexión, fíxense: se o sacamos do debate do estado de alarma, que vostedes embrollan con moita facilidade, igual é máis fácil. Eu estaba en contra —era moi pequeno—, pero por todo o que sei agora, claramente, estou en contra do que foi a famosa *Lei da patada na porta*, do ministro Corcuera do Partido Socialista; mala lei. ¿Por que? Porque invadía o territorio privado, invadía as liberdades, invadía os dereitos das persoas. E facíao sen ditame xudicial. ¿Por que? Porque para ir invadir as liberdades e os dereitos das persoas hai que ter



un ditame xudicial ou un estado de alarma. A vostedes non lles gusta o estado de alarma, pero non lles gusta ter que ir ao xulgado. Ao final, ¿que lles gusta a vostedes? Poder facer o que lles pete, sen que ninguén lles diga nada. E iso é inconstitucional. Acabouse o debate. *(Aplausos.)* Non hai máis.

Pero o que si é máis: se vostedes o que queren é o aval xudicial para ir contra a pandemia, o Tribunal Superior ve posible limitar os dereitos, xa llelo dixo. ¿Que máis necesitan? ¡Ah, pero é que isto acaba co debate! E vostedes non están a resolver a pandemia, están na confrontación. E, lamentablemente, vostede entrou tamén hoxe nese debate.

Entón, ao final, a pregunta é: señor conselleiro, se se propón no Estado prorrogar o estado de alarma, ¿vostedes están a favor ou en contra? Porque esa é a pregunta: ¿a favor ou en contra? Pódenme contestar o que queiran, ou depende... ¿Están a favor ou en contra? É que como vostedes xa estiveron, en todas as posicións, sempre en contra do que pasa... Vostedes só están a favor de estar en contra. Pero sobre prorrogar o estado de alarma, ¿estarían a favor ou en contra? O seu partido dixo que en contra, e vostede argumenta como se estivese a favor.

¿Sabe o que pasa? Que se se propuxese prorrogar, vostedes dirían que está mal. E cando se retira, din que está ben. E, ao final, do único que se trata é de confrontar. E lembre o principio —remato xa—: cando confrontamos, a lexitimidade das institucións pérdese, e o hooliganismo invade as rúas. E cando o hooliganismo invade as rúas —ademais de que teña que haber unha galega que lles parou os pés a uns irresponsables rapaces, como se viu en Redes. ¡Fantástica, Chela Carballa!, ¡fantástica!— non ten que ser que unha cidadá a que faga o traballo que non están facendo os gobernos. Os gobernos, en vez de confrontar entre eles, e vostedes co Goberno central, teñen que estar chamando á xente á calma e á prudencia.

Porque, ao final, do que estamos é falando disto, de que esa xente que está nas rúas está mandando xente ás UCI, e esa xente, ás veces, falece, e iso é un drama. ¿Froito de que? En boa parte do baixo nivel de educación social por algunhas persoas, pero en moito lugar polo hooliganismo que vostedes predicán. Resolvan máis e confronten menos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos. Moi bo día, señor conselleiro.

Efectivamente, rematou o estado de alarma, mais non a pandemia. E temos que lembrar unha pandemia que nesgou a vida de 2.394 galegos e galegas.



Eu o primeiro que teño que dicir é que, efectivamente, no BNG lamentamos que o debate arredor das medidas que hai que tomar para seguir controlando a pandemia xire arredor do marco xurídico, porque temos moi claro que o mellor marco xurídico é o que decide un mesmo, non o que lle impoñen. E por iso sorprendenos a crítica tan exacerbada contra o remate do estado de alarma na que está instalado o Partido Popular, cando estivo radicalmente en contra de que houbera o estado de alarma e en contra da aprobación. Un Partido Popular que reiterou esa oposición ao estado de alarma hai nada, e en boca dos seus máximos dirixentes anuncia que votaría en contra del se se volvera plantexar, por consideralo «unha ferramenta estéril» —leo textualmente declaracións de altos dirixentes do Partido Popular.

E sorprende que tivera que chegar unha pandemia para que o Partido Popular se dera conta de que o marco autonómico non serve para solucionar os problemas do noso país, non serve para solucionar os problemas dos galegos e das galegas, non lle dá competencias á Xunta para tomar decisións de calado. Parece mentira que tivera que chegar a pandemia para que se deran conta de que hai que estar a expensas do que diga Madrid e que case nunca o fai a favor dos intereses dos galegos e das galegas.

Parécenos, dende logo, no BNG que o Partido Popular está instalado nunha política de parecer que quere unha cousa cando realmente quere a contraria. Parécenos incríbel ser sorprendidos nesta realidade. Mais do que realmente estou convencida é que xa sabían que tiñamos escasas ferramentas para poder actuar. É que temos un autogoberno tan raquíptico que se suspende a golpe de decreto —como vimos nesta pandemia— ou a golpe de Tribunal Constitucional ou de Tribunal Supremo. Esa é a realidade deste autogoberno tan raquíptico no que estamos inseridos. Mais o Partido Popular xa o sabía. A realidade é que o sabía, mais éles funcional facerse os indignados coa falta de instrumentos da Xunta para poder enfrontar os problemas de Galiza. Porque teñen demostrado sobradamente que non queren competencias, que non queren máis competencias para resolver os problemas dos galegos e das galegas, mais éles útil.

E tamén nos sorprende esa preocupación por non ter instrumentos para actuar e que non tiveran ningunha présa en dotarse deles. Dende logo, sorprendenos que publicaran as medidas que vai poñer en marcha Galiza e en tempo de desconto, vinte e catro horas antes de iniciado o estado de alarma. E sorprendenos aínda máis que logo non tiveran ningunha présa en trasladarllas ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que aínda esperaran a onte para trasladarllas, xa que teñen tanta preocupación, porque é ter resortes xurídicos. Dende logo, todo isto vén corroborar que o que lles preocupa non é exactamente iso.

E sorprendenos tamén que, por un lado, amosen a enorme preocupación por como pode evolucionar a pandemia —preocupación que, dende logo, compartimos no BNG— e, por outro, anuncien a posibilidade de realizar concertos con dez mil persoas; nun momento de aínda moita incerteza, onde se está pedindo precaución á cidadanía, non rematou o risco nin a necesidade de protección fronte ao virus. Seguen sendo moitas as incertezas sobre como van actuar as novas variantes, a efectividade das actuais vacinas con elas. Non chega ao vinte por cento, efectivamente —datos que están hoxe colgados na páxina do ministerio— o 19,3 % da poboación diana, descontando os menores de 18 anos. Non chega ao vinte por cento, é dicir, falta entre o cincuenta e o sesenta por cento desa poboación aínda por inmu-



nizar. E a mensaxe do presidente da Xunta é que está valorando que se poidan realizar concertos de dez mil persoas. Dende logo, parécenos sorprendente esta mensaxe. Por certo, un presidente da Xunta que debería estar hoxe aquí comparecendo, aínda que todos sabemos que é máis ben de comparecer en *prime time* na Televisión Galega como telepredicador, do que está sobradamente demostrado que ten calidades.

E dito isto, señor conselleiro, o que lle teño que dicir é que no BNG temos moita preocupación —e pola información que transcende, parece que tamén compartida polo Comité Clínico— por esta apertura abrupta de pasar de cero a cen coas badaladas de media noite do 9 de maio. Preocupación pola inmunización entre comunidades autónomas e preocupación de como é posíbel que nin tan sequera plantexaran a posibilidade de reducir esa mobilidade ás comunidades que teñan un mesmo nivel de incidencia epidemiolóxica. O que pode acontecer é que todo o esforzo realizado polo conxunto da poboación e dos profesionais se vaia ao traste nuns días. E teño que dicirles que se equivocaron ao principio da pandemia ao non blindarse fronte aos territorios con maior incidencia, ao non blindarse e non pedir pechar Madrid e que funcionara como auténtico ventilador ao resto do Estado e cara a Galiza, e van volver equivocarse de novo.

O control de calquera problema de saúde pública ten dúas patas moi interdependentes entre si: unha, as políticas que se implementan por parte dos gobernos e, a segunda, a responsabilidade individual. E o BNG ten que lamentar de novo que fían practicamente todo a esa responsabilidade individual, e seguen instalados nesa estratexia de que todo o que vai ben é polo que fai a Xunta, e o que vai mal é a responsabilidade doutros. E a Xunta ten responsabilidades, hai actuacións que dependen das súas políticas.

A primeira desas actuacións é dotarnos dun sistema sanitario forte, en especial, a atención primaria. Todos os expertos seguen a coincidir en que é fundamental para o control e seguimento da pandemia. Unha atención primaria que estaba con moitísimos problemas antes da pandemia, mais que agora coa pandemia se multiplicaron, e fundamentalmente o déficit de profesionais e de recursos.

Vostede hoxe aquí fixo toda unha enumeración de cuestións que están poñendo en marcha, o que van facer cos fondos da Unión Europea. Pero en ningún momento falou do fallo fundamental, do problema fundamental que ten a sanidade pública do noso país e, en especial, a atención primaria, que é os recursos humanos, que son os profesionais, uns profesionais que salvaron a situación.

¿E que fai a Consellería diante dese esforzo dos profesionais da atención primaria? Responsabilizalos da situación e ameazalos con recortarlles o salario se non resolven o problema, cando o problema é responsabilidade da Consellería. É responsabilidade súa resolvelo, señor conselleiro, e é indignante que responsabilicen, intenten responsabilizar os profesionais da situación na que está a atención primaria. Están indignados os profesionais e, dende logo, o BNG con eles por esta resposta dada pola consellería á situación da atención primaria. Porque a situación da atención primaria soluciónase con recursos e con máis profesionais.

E vou facerlle unha proposta, señor conselleiro: destinen os 204 millóns de euros que vai devolverlle o Goberno do Estado á Xunta de Galiza, por esa retención indebida do IVE de de-



cembro do ano 2017, integramente para o reforzo da atención primaria. (*Aplausos.*) Que destine eses 204 millóns de euros para o reforzo da atención primaria, para o reforzo dos cadros de persoal, para a implementación das carteiras de servizo dos profesionais, para plans de ordenación de recursos humanos. Que é o que non están facendo para acometer esas medidas estruturais fundamentais, máis alá da tecnoloxía e desa excelencia na que vostedes queren estar instalados e que contraponen coa necesidade de que haxa profesionais en número suficiente.

E quero dicirlle unha cousa, señor conselleiro: o éxito da vacinación do que vostede presume susténtase no traballo dun persoal que está esgotado, que ten que multiplicarse a medida que aumentan os casos, as necesidades de seguimento e de presión asistencial. Eu quero preguntarlle: ¿que vai pasar cos contratos covid que rematan agora neste mes de maio e que no día de hoxe non saben que van facer con eles?, ¿que vai pasar con esas persoas que contrataron por mor da covid e que no día de hoxe, mediados de maio, non saben que vai pasar con eles? ¿Cal é a planificación para que o persoal poida gozar das vacacións, gozar dese merecido descanso despois de catorce meses de traballo incansábel? ¿Que vai pasar co persoal, se hai que seguir cos cribados, seguir coa vacinación e coa recuperación asistencial?

Falan dun plan de eliminación das listas de espera dotado con non sei cantos millóns —insuficientes, evidentemente—, ¿con que persoal, señor conselleiro? ¿En que condicións e que persoal vai poder levar a cabo esa eliminación das listas de espera nestas condicións de esgotamento? Gustaríame que fixera referencia realmente a como van facer.

E tamén o que depende da Xunta é realizar un proceso de vacinación con transparencia e rigor. E, dende logo, seguimos insistindo en que hai irregularidades, hai disfuncións, hai incumprimentos de criterios que vostedes mesmos estableceron. Gustaríanos que nos explicara por que seguen sen vacinar persoas de grupos prioritarios que tiñan que estar vacinadas no día de hoxe. As unidades de drogodependencia, que só teñen a pauta completa a un terzo, o outro terzo só ten unha dose, e outro terzo non está vacinado; cando é persoal prioritario incluído no grupo 3, e que vostedes teñen aí sen acabar de vacinar. ¿Que pasa coas persoas de alto risco que tiñan que ir vacinadas á par do grupo de 70-79 anos, e moitos deles están sen vacinar nin saben que vai pasar con eles?

E sería bo que explicara por que non teñen vacinados os mariñeiros, a pesar de que é máis que evidente que é preciso facelo. Porque están a xurdir continuamente gromos por mor da situación laboral na que teñen que desenvolver o seu labor e a imposibilidade de manter medidas de protección. Podemos falar de gromos en Cambados ou en Ribeira ou noutros portos. ¿Por que non os teñen vacinados no día de hoxe e simplemente están instalados en a ver quen os vacina, se vostedes ou se o Goberno central? E mentres tanto os mariñeiros contaxiándose...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e tendo problema para eles, para as súas familias, para o resto do contorno e para a situación económica. O País Vasco vacinouos, e vostedes deberían explicar por que, podendo facelo e tendo doses para facelo, non o teñen feito.



E logo na seguinte quenda seguirei preguntándolle a respecto de posibilidades e de accións que ten que poñer en marcha a Xunta de Galiza e que, dende logo, cremos que non as está facendo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, desde o Grupo Popular agradecemoslle que hoxe de novo veña comparecer, por petición propia, para dar conta ante este parlamento da evolución da pandemia e de como vai o proceso de vacinación. Agradecemoslle polo que ten de exercicio democrático de rendición de contas ante os grupos parlamentarios e máis nestes momentos tan críticos que estamos vivindo, pero tamén porque nos permite comprobar como imos avanzando e como as cousas que vostede, señor conselleiro, promete aquí nunha comparecencia se van cumprindo nas seguintes.

Hoxe vostede comparece aquí, unha vez máis, e a oposición seguirá coa teima de que este goberno é pouco transparente, que é moi opaco... Pero o certo é que a última vez que vostede estivo aquí e os grupos cuestionaban tamén esa transparencia do proceso de vacinación, vostede comprometeu que se poría en marcha unha web específica para seguir as datas de vacinación en Galicia. E hoxe esa web é unha realidade e ten información actualizada cada día á disposición da cidadanía. E na páxina [coronavirus.sergas.gal/vacinación](https://coronavirus.sergas.gal/vacinacion) todos os galegos podemos ver como o proceso de vacinación avanza en números, igual que cada día coñecemos persoalmente casos de persoas que acoden aos centros de vacinación a recibir a súa dose, porque imos superando os distintos grupos de idade. Vacinacións que, por certo, teñen un altísimo grao de satisfacción entre as persoas usuarias; todas están sumamente satisfeitas coa organización, coa axilidade e co trato que reciben.

Afortunadamente, xa non falamos daquelas colas interminables das que falaba a señora Pontón ao comezo do proceso, que non pasaron de ser unha mostra máis da desesperación da oposición, como os casos dos que falan sempre. Sempre aproveitan iso de a propósito dun caso. Non ven os milleiros de persoas que están satisfeitos, pero si ven e si apuntan ese caso en que hai algún erro puntual, que, por suposto, sempre se corrixe.

Esta oposición que di ser leal, que tende a man, pero que apoia sen embargo o Goberno de Sánchez, o máis desleal con Galicia e co resto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)
¿Perdón?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.



A señora AMIGO DÍAZ: ...O Goberno do presidente Sánchez —perdón—, o máis desleal con Galicia e co resto das comunidades autónomas, como estamos a ver co caos que está a xerar a súa decisión de non legislar nin deixar que se legisle para poder afrontar a pandemia sen estado de alarma. E recordo ese refrán de *El perro del hortelano*, que nin come nin deixa comer.

Señor Torrado, vostede di que o PP é incoherente respecto ao estado de alarma. E eu vou volver resumirle a nosa postura: apoiámolo mentres o Goberno prometía que estaba a elaborar unha lexislación específica para xestionar a pandemia; abstivémonos despois para darlle un ultimato ao Goberno para que elaborara unha lexislación, esa lexislación que tiña prometido; votamos en contra porque constatamos que o Goberno se negaba a cumprir ese compromiso, e volvémonos opoñer cando o Goberno volveu declaralo en lugar de aprobar esa lexislación que prometera. E lamentamos agora que volva rematar o segundo estado de alarma sen que estea vixente a lexislación que o Goberno prometera antes de rematar o primeiro. ¡Perfectamente coherente, señor Torrado!

O problema é que vostedes teñen un problema de coherencia, ou sexa, vostedes son moi teimudos e néganse a reformar a lexislación orgánica como llelo piden todos os gobernos autonómicos, o Consello de Estado e agora tamén o propio Tribunal Supremo, ao que agora vostedes lle pasaron a papeleta. E teñen que ler as noticias ben, o TSJ está de acordo en que hai que cambiar a lexislación. Hai que ler todas as noticias completas. Ben, agora parece que nin vostedes mesmos, os membros do Goberno, se poñen de acordo en se hai que legislar ou non hai que legislar. ¡Vaia papelón, señor Torrado!

Rectifiquen, deixen de ser seguidores deste goberno e sexan coherentes con ese goberno do señor Pedro Sánchez e coa señora Carmen Calvo, aqueles que en maio do 2020 prometían reformas lexislativas que logo nunca fixeron. E se non as fai o Goberno, sexan coherentes cos socialistas aragoneses ou cos socialistas vascos, que apoian que legislen as comunidades autónomas, mentres que vostedes aquí aplauden que o Goberno boicotee a lei galega. ¡Iso si que é deslealdade, señor Torrado! A deslealdade dun Goberno central ao que lle deu igual deixar os gobernos autonómicos sen instrumentos legais para combater o virus, porque a enfermidade esa non vai co Goberno, a enfermidade é cousa das comunidades autónomas. O Goberno central só é responsable da cura, das vacinas.

E nesa coordinación do proceso de vacinación, eu quero destacar que a Xunta si está a ser leal co Goberno de España, aínda que o poñen moi difícil. E hoxe o señor conselleiro falou do proceso de vacinación e da lealdade dos protocolos que se deciden a nivel central.

Señora Prado, vostede falaba dos profesionais do mar. Lévanse meses insistindo desde o Goberno galego para que haxa un acordo nacional para deseñar unha loxística de vacinación para este colectivo. E despois de formulalo lealmente o Goberno galego, no Consello Interterritorial puidemos oír a ministra Darias dicir aquilo de que «*se vacunarán cuando les toque y con la vacuna que les toque*». E ao mesmo tempo que a ministra dicía iso, o señor Torrado e o señor Caballero, que é aínda máis grave, tamén o delegado do Goberno de Galicia, din que se Galicia non vacinaba os seus mariñeiros era porque non quería, porque o País Vasco así o fixera. Efectivamente, vostede aplaude, o País Vasco fíxoo saltándose as normas pactadas no Consello Interterritorial e a Estratexia nacional de vacinación. ¡Hai que dicir as verdades!



E vostedes, en vez de presionar o seu goberno para que estableza unhas normas comúns, aplauden a aqueles que as saltan. ¡Iso é o seu! (*Aplausos.*)

Afortunadamente, conselleiro, a sensatez impúxose e xa hai por fin unha canle de comunicación pactada entre o Goberno e a Xunta para iniciar este proceso. ¡Parabéns, por tanto, ao conselleiro!, por ser leal aos acordos nacionais, mesmo cando os representantes do PSOE e —polo que vemos tamén aquí— os socios do Goberno aquí en Galicia animaban a que vostede fora desleal.

Póñeno moi difícil, pero esa colaboración leal é o que está a permitir que avance o proceso de vacinación e que teñamos xa preto de medio millón de galegos completamente inmunizados, porque a Xunta responde á poboación, e a poboación galega tamén lle responde á Xunta. Responde a pesar das inquedanzas que xera o propio Goberno central.

Hai ben pouco que o Grupo Socialista pedía neste parlamento que se impulsase unha campaña institucional para divulgar as bondades da vacinación. Está ben, pero axudaría moito máis que non existise unha campaña goberamental —non se sabe con que intereses— sementando dúbidas sobre determinada vacina. E hoxe hai cerca de sesenta mil galegos esperando a segunda dose dunha vacina que superou todos os ensaios clínicos e que ten o visto e prace da Axencia Europea do Medicamento, e que non se pode administrar porque o Goberno galego non quere. E desde o Grupo Popular agradecemos que a Xunta se opuxese a esta decisión en contra da evidencia científica, e animámolo a seguir traballando para que este criterio mude. Nós temos a obriga de trasladarlle á poboación que todas as vacinas que as autoridades farmacolóxicas europeas avalan son seguras.

En fin, vexo que o tempo se me acaba. Desde logo, nós non imos dubidar do Goberno galego, porque o Goberno galego está actuando con coherencia. Non podemos facer caso a todo o que nos din desde a oposición porque, desde logo, temos que estar ao carón dos galegos e dicir todas as boas noticias, todas. Temos que celebrar que somos os segundos en doses administradas, que somos a segunda comunidade autónoma en poboación vacinada maiores de 60 anos.

Nós temos que darlle as grazas, conselleiro, por seguir comparecendo no pleno, poñendo sempre a verdade por diante, con certezas, con coherencias e por seguir traballando para que Galicia siga a ter estes bos datos no control da pandemia, que está a sacudirnos de maneira moi dura, pero que con traballo, con rigor e con responsabilidade e, por suposto, coa axuda imprescindible das vacinas imos seguir adiante.

Está claro que aínda non vencemos o virus, que hai que seguir tendo medo aos rebrotes, que seguimos convivindo co virus...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— que está aí e que temos que seguir actuando con sentidoño.

É verdade que a campaña de vacinación avanza, pero é certo que como un tiro non vai. Queda aínda moita xente por inmunizar e seguiremos estando aí, apoiando o Goberno galego e tra-



tando de que cheguen vacinas, cantas máis mellor, porque sabemos que o Goberno é capaz de poñer todas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora AMIGO DÍAZ: ...as doses que están chegando á nosa comunidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Para a réplica ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Grazas, señorías.

Señores deputados, vou tratar de responder algunhas das cuestións que se plantexaron aquí hoxe.

Vou comezar agradecéndolle á señora Amigo a súa referencia aos últimos datos que temos incorporado na páxina web; esa páxina que, efectivamente, prometemos hai unhas semanas e é unha realidade. Unha páxina web que funciona, por suposto, os sábados e os domingos, onde se pode ver como evolucionan os datos da pandemia. Datos que eu non quixen utilizar, señor Torrado, porque non quixen sacar peito. Porque, efectivamente, ata podo coincidir con vostede en que isto é un labor colectivo. Creo que na miña intervención falei dos concellos, falei de Protección Civil, falei da Cruz Vermella e falei por suposto, ¿como non?, señora Prado, de todos os profesionais sanitarios que están dando todo o que teñen que dar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, do Goberno tamén, señor Torrado, si, si; despois falamos do goberno, como dicía antes.

Pero, en primeiro lugar, estou totalmente de acordo con vostede, con esa repulsa a esas concentracións, que eu creo, señor Torrado —e vostede corríxime—, que en Galicia non se deron, efectivamente. Por tanto, creo que saír aquí eu falando das concentracións en Madrid igual non tocaba. Pero se vostede o fai, eu, por suposto, condeno as concentracións en Madrid sen xeito.

Creo que aquí fixemos as cousas dun xeito diferente, con sentidiño, e conseguimos, por distintos motivos, que este sábado pasado non se produciran. Probablemente —como dicía antes— pola actuación dos concellos coas policía locais, coas forzas e corpos de seguridade do Estado e tamén algo terá que ver a coordinación da Xunta ou o traballo da Xunta nese sentido; como xa se fixo noutros momentos de apertura e desescalada. Recordo a famosa fin de semana das terrazas, que tamén trouxo algún problema, e eu creo que se reconduciu. E aí teño que recoñecer que foi un labor de todos.



O que si non podo aceptar, señor Torrado, é que diga vostede ao final da súa intervención que nós botamos a xente á rúa. Porque aí si vaime permitir vostede falar de que a confrontación leva xente á rúa, e aí non podo estar de acordo con vostede. Eu creo que á rúa a levan moitas cousas. Por exemplo, lévana á rúa as mensaxes contraditorias, e falarei despois dos mariñeiros.

Vostede fala de lealdade, e eu non podo entender que un deputado desta cámara ou un delegado do Goberno saia publicamente dicir unha cousa que está claramente en contra do que está recollido na estratexia, que é a Estratexia nacional do Goberno e das comunidades autónomas. Si, señor Torrado, vostede dixo que Galicia podía vacinar os mariñeiros cando quixera. E, ademais, ata dixo que en Cantabria estaban vacinados. Non, agora non están de todo vacinados. Si, están a medias.

Ben, eu aproveito para falar dos mariñeiros agora. Creo que Galicia —ademais, eu creo que o dixemos aquí nesta sede— desde o mes de febreiro estamos pedindo ao Ministerio que sexa sensible co colectivo dos mariñeiros. Non vou repetir o que xa dixeron vostedes porque estamos totalmente de acordo, pois os mariñeiros tiñan que ser probablemente establecidos dun xeito peculiar. Nós establecemos tres criterios para os mariñeiros: que foran declarados esenciais, que non o son, non están agora mesmo como esenciais; que se contemplara a vacinación anticipada cando saen en marea, non na data que lles corresponde, e que se lles puxera unha dose única. Iso —repito— no mes de febreiro.

Finalmente, despois de plantexalo en todos os consellos interterritoriais, absolutamente en todos, desde aquela ata o de agora, chegamos a unha solución na que, efectivamente, o ISM xa nos está a pasar desde o venres pasado as listaxes dos mariñeiros que embarcan, que, curiosamente, é quen ten esas listaxes da xente que embarca, cando embarca e cando volven das mareas, canto duran, en que porto chegan... Porque nese sentido creo que é bo que as tripulacións dos barcos non son galegas ou vascas ou cántabras, adoitan ser, afortunadamente, de máis dunha comunidade autónoma e de bastante máis dun só país. Por tanto, eu creo que ese tema está reconducido —e, neste caso, con lealdade, señor Torrado— co Ministerio de Sanidade. Máis lealdade da que vostede ten co seu propio ministerio, curiosamente.

Respecto dos datos, dicía que eu non quixen sacar aquí peito dos datos da vacinación porque —repito— ata podo considerar que é un éxito colectivo. Os datos desta semana son moi bos, francamente bos, pero tamén é certo que a semana que vén poden ser un pouco peores. Porque nós na xestión das vacinas, na porcentaxe de vacinas que administramos, temos un principio de prudencia, e ata o de agora sempre mantiñamos unha serie de doses dispoñibles para garantir esa segunda dose.

É certo que hai un elemento crítico no proceso de vacinación, que espero que non vaia máis alá do que podo dicir eu agora, que é o de non contar con ese fabricante que é AstraZeneca. Con todas as discrepancias que se poidan ter desde o punto de vista comercial, é unha mágoa —dicíao onte— nesta situación non contar cun provedor de vacinas que noutros países está sendo fundamental no avance da vacinación e co que aquí tivemos problemas.

Primeiro, hai un problema intrínseco, propio das propias reaccións que se observaron e que, señora Prado, foi o que motivou a suspensión tamén dentro da Estratexia nacional da vaci-



nación dos esenciais do grupo 3B. Poden pedirme que vacine os mariñeiros sen estar no programa e poden pedirme que vacine os do 3B estando suspendidos. Non o imos facer. Imos ser leais ao que se establece no Consello Interterritorial, aínda que discrepemos alí. Efectivamente, con esa modificación de AstraZeneca, o grupo 3B quedou suspendido. ¿Cando se retoma? Como di a propia estratexia: cando estea rematado o grupo de 60 a 69 anos. Rematámolo onte e hoxe empezamos cos esenciais. Non podemos ser máis leais e máis estritos co Plan de vacinación.

E dicía que, despois dese inconveniente — evidentemente, a xente que está pendente da segunda dose —, vostede fálame dun terzo, fálame de irregularidades no proceso de vacinación, porque hai un terzo de persoas vacinadas esperando a segunda dose. Chamarlle irregularidade é un pouco forte; a realidade é o que estamos comentando, que hai unha decisión do Ministerio de Sanidade nunha votación. Despois podemos falar de se as decisións no Consello Interterritorial agora se toman por maioría ou por consenso como foi sempre. Ben, no caso de que sexa nesa votación, decidiuse pospoñer catro semanas máis a vacinación con AstraZeneca. Repito: nós non votamos en contra, non nos opuxemos, señor Torrado. Unha vez que iso se establece, facémolo, e ademais facémolo — fíxese — con lealdade, porque non está escrito.

E se vostede recupera unha das actas que ten do Consello Interterritorial — que eu non teño, por certo, porque como algún día me dixo que tiña notas ou actas... —, pois se recupera información do último consello, eu pedinlle á ministra que esa modificación de non poñer a segunda dose de AstraZeneca en poboación de menos de 60 estivera escrita nalgún sitio, por exemplo, no Plan de vacinación, non estaría de máis. Porque o Plan de vacinación o que di é que hai que seguir a ficha técnica, e a ficha técnica de AstraZeneca di que hai que colocar a segunda dose ás doce semanas. Por tanto, incluso sen estar por escrito, estámolo a facer.

E a todos os escritos que nos chegan todos os días de xente que ten a primeira dose e pide a segunda respondémoslles o mesmo: Plan nacional de vacinación. Vou dicirlles que lle pregunten a vostede, a ver que di; ao mellor fai como aos mariñeiros, ou sexa, dicirlles que Galicia pode vacinalos, se queren. Sería unha resposta moi axeitada. *(Aplausos.)*

Respecto das mentiras, o que se di da vacinación de maiores de 60. Mire, señor Torrado: nós tiñamos previsto vacinar con AstraZeneca os maiores de 60, por usalas na poboación en que de momento podemos usalas, e así llo trasladamos ao Ministerio. E foi o Ministerio quen nos dixo que tiñamos que intentar vacinar no grupo 60-69, como di a propia estratexia, con todas as vacinas dispoñibles. Entón, tiñamos Pfizer dispoñible e cambiamos. Iamos vacinar noventa mil persoas con Pfizer a semana pasada, e pasamos a vacinar de 60-69 anos. Iso foi o que dixo o presidente: vaise vacinar con Pfizer ao grupo 60-69. Ao mellor, vostede entendeu que todos os de 60-69, incluso el mesmo, ían ser con Pfizer. Pero non, utilizamos todas as vacinas dispoñibles, as de Pfizer, as de Moderna e as de AstraZeneca, e foi o que se fixo a semana pasada, señor Torrado.

Curiosa teoría estatística a súa: se os datos de Madrid non me van ben, quítoos, e entón teño outra media. As medias son medias. E iso non o definín eu nin vostede, por sorte, defíneo a estatística. Cando un fai unha media da evolución da pandemia nun estado ou dunha rexión



ou dun continente, por desgraza, métese todo, o bo e o malo; porque poderíamos quitar as de Madrid, as do País Vasco, as de Cataluña... Todas as que teñen datos malos quitámolas. O que sexa por dicir que Galicia non vai tan ben. Pois Galicia, afortunadamente, grazas aos galegos e ás galegas, está indo ben na pandemia. Foi ben, e ademais, por sorte de momento, non fixo picos. Hai comunidades que foron moi ben, logo foron moi mal... Dende logo, non podemos dicir nada, que nos pode pasar, pero de momento, Galicia sempre se mantivo nese nivel baixo de todos os indicadores. E iso é positivo, é un dato que depende de todos, probablemente ata de vostede tamén, señor Torrado. Pero non por iso imos dicir: saquemos Madrid e así imos peor.

Falaban vostedes, tanto a señora Prado como o señor Torrado, da atención primaria e dos ADX. Señora Prado, foi vostede a que pediu cen por cento de presencialidade na atención primaria. Diante dun centro de saúde, foi alí e dixo que había tantos centros de saúde e cen por cento de presencialidade. Eu levo meses defendendo neste parlamento o compoñente presencial e non presencial da atención primaria neste momento. A non-presencialidade permitiu atender moitos pacientes —por exemplo, todos os diagnosticados de covid— dende a súa casa, sen necesidade de ir ao centro de saúde, e moitos outros pacientes máis, os crónicos, as receitas... Fixéronse moitísimas actuacións médicas, non na pandemia, senón dende antes da pandemia. Recordo, unha vez máis, que a atención non presencial se estableceu no ano 2013, e cando chegou a pandemia tiñamos o quince por cento de non-presencialidade nos centros de saúde.

Por certo, había un indicador de ADX neses anos anteriores onde se lles trasladaba aos médicos de atención primaria ese obxectivo de acadar un incremento na non-presencialidade. Chegou a pandemia, e a non-presencialidade axudou en moitísimos aspectos, e nós, dende logo, non renunciamos nin escapamos da atención non presencial.

É certo que van pasando os meses. Dende o mes de maio do ano pasado establecemos que os centros de saúde son abertos e seguros, e os centros de saúde foron traballando nese contexto. É certo que, unha vez vacinados os médicos de atención primaria e vacinada unha parte importante da poboación, a nós e a vostedes e a todo o mundo chégalles a demanda de atender máis pacientes en formato presencial. Nós o que dixemos é que había que buscar un obxectivo no que traballar. E igual que o ano pasado fixamos o obxectivo do corenta por cento de non-presencialidade ao final de ano, este ano incrementámolo. ¿A canto incrementamos? Pois se en non-pandemia era dun quince por cento, multiplicámolo por dous e engadimos un pouco máis para acercarnos a ese equilibrio, e fixamos a non-presencialidade nun corenta por cento como obxectivo para final deste ano. Ese é o noso obxectivo.

Os ADX —ao mellor non os coñecen en detalle— son a ferramenta que ten o Sergas de trasladarlles ás áreas sanitarias, en primeiro lugar, os seus obxectivos do ano seguinte, en cuestión de listas de espera, en cuestión de accesibilidade, en cuestión de obxectivos de calidade, de seguridade, de humanización... moitos obxectivos; un obxectivo máis que se traslada.

E, dende logo, o soldo dos médicos de primaria non vai depender en absoluto de se fan máis presencial ou non fan presencial; do que vai depender é das ferramentas, da situación epidemiolóxica que teñan e do que se estableza neste caso nos escenarios que temos de traballo.



Efectivamente, —dicía— hoxe mesmo temos unha reunión do Comité de Atención Primaria que deba pechar, dalgún xeito, toda esa proposta de reorganización de funcións, que é fundamental.

Evidentemente, o problema de atención primaria non está na pandemia, vén de antes. Como vostede ben dicía, é un problema de recursos humanos, pero non de contratalos nin de ter douscentos millóns de euros —que, por certo, este ano incrementamos o presuposto de atención primaria—. O problema non é ese só, é de telos, de localizalos, de telos dispoñibles. E podemos falar dos que se marchan, dos contratos precarios... Non vou falar dos contratos de continuidade ou do Plan de atención primaria coa incorporación de facultativos. O problema é que non os temos, iso é certo; é un verdadeiro problema, e hai que seguir traballando niso.

Respecto da Lei de saúde e o Consello de Estado, señor Torrado, vostede fai moi ben. O informe do Consello de Estado acaba dicindo que podería ser institucional. Ben, tamén di no principio que a lei orgánica hai que cambiala. Vostede faime a min a pregunta de se somos partidarios do estado de alarma ou non. Eu fágolle outra: ¿somos partidarios de modificar a lei orgánica?, ¿si ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Como? (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Xa, pero como vostede me fai preguntas, eu tamén podo facerllas, ¿non? (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, en todo caso, déixolle aí a pregunta. Despois se vostede quere, cando lle toque responder, respóndea.

Eu sobre o estado de alarma, se houbera actas —xa que vostede non as ten—, nós levamos pedindo en todos os consellos interterritoriais ter ferramentas. O estado de alarma dábanos ferramentas; as ferramentas que queriamos que nos dera a lei orgánica, e que non nos deu ou non nos dá agora mesmo, e as ferramentas que nos daba o estado de alarma. O problema é que as comunidades autónomas xestionan a pandemia con esas ferramentas e, de repente, dun día para outro, esas ferramentas non están. Todas as comunidades autónomas, incluso moitas das do seu partido, levan pedindo ferramentas. Podería darlle os detalles das comunidades, pero igual vostede os sabe. A xente que xestiona cada día necesita ferramentas, e esas ferramentas de repente decaen. O estado de alarma daba esas ferramentas. Se houbera unha alternativa con outras ferramentas, perfecto.

A lei orgánica, señor Torrado, a lei orgánica de maio, a lei orgánica de outubro, a lei orgánica que se plantexou aquí no argumentario da Lei de saúde... A Lei de saúde modifícase porque non hai lei orgánica. E con respecto á lei orgánica —aí si que vou estar de acordo con vostede, non coa señora Prado— nós non queremos facer leis orgánicas, señora Prado, as leis orgánicas son do Estado. Xa sei que ao mellor vostede quería facer unha lei orgánica propia. Ao mellor, ese é o problema, que os vascos e cataláns queren unha lei orgánica propia. Nós non, nós queremos unha lei orgánica estatal que estableza e que reforme —como di— o Consello de Estado, que hai que reformala. Entón, cando teñamos unha lei orgánica reformada, non fará falta modificar a Lei de saúde e, dende logo, non fará falta ir ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e despois ir ao Supremo. (*Aplausos.*) Nese sentido, seguiremos defendendo esa necesidade de modificar a lei orgánica.

E respecto dos prazos que vostede comentaba, señora Prado, nós aínda fomos, con última esperanza do Consello Interterritorial do mércores pasado, avanzar algunha proposta. E de



feito, houbo un momento que ata nos pareceu que tiña unha proposta, que sacou alguén da manga no último minuto, pero no minuto seguinte retirouna. Por tanto, unha vez que o mércores non houbo ningunha alternativa, sen dilación, convocamos o Comité Clínico o xoves pola mañá. E ao acabar o Comité Clínico trasladamos aos cidadáns e a todo o mundo a nosa proposta, a proposta do Comité Clínico.

Eu non sei que información ten vostede do Comité Clínico, pero eu non vin esa alarma que vostede di. Evidentemente, todos os que estamos no mundo, e en particular en Galicia, somos conscientes do risco e do que poden xerar todos estes comportamentos que estamos vendo noutras comunidades, e, dende logo, tamén temos o risco de que pase en Galicia, iso é certo que pase. Por iso, precisamente, o Comité Clínico propuxo unha serie de medidas encamiñadas a intentar que iso non ocorrera. Por exemplo: estender o horario dos bares, non ata a unha, como piden vostedes, señora Prado. Fomos un pouco máis comedidos e pedimos ata as once. Estaba ata as nove e subiron ata as once. O mesmo horario que tiñan os restaurantes. E no caso dos restaurantes, pasalo á unha da noite. ¿Por que fixemos iso? Porque, precisamente, cremos e creo que hai un esforzo importante da hostalería en Galicia e da propia sociedade que está a desfrutar do seu ocio en contornos controlados, con medidas de seguridade. E non queríamos favorecer esoutro tipo de ocio.

Por iso, precisamente, porque esta lóxica é razoable e porque vemos un comportamento moi axeitado do sector da hostalería ampliamos o horario para evitar que a xente fora ás prazas. Pero, por se había algún risco de que a xente fora ás prazas, despois propuxemos tamén outra medida —pendente, como non podería ser doutro xeito, de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nola avale—: limitamos as reunións de non-conviventes nos domicilios para evitar que os domicilios das persoas se convertan en festas ou en locais de ocio.

Iso foi o que fixo e o que propuxo o Comité Clínico, e foi o que Galicia propuxo. Esperemos —como digo— que, despois dun esforzo importante dos nosos servizos xurídicos, de documental no Comité Clínico, de apoialo cientificamente e de xeito seguro, e co Tribunal Superior de Xustiza de Galicia analizando, poidamos ter a súa ratificación. Dende logo, cremos que non é ese o labor do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; gustaríanos que tivera outro tipo de ferramentas e non pasar por aí. Outra cousa distinta será se o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nolo rexeita, e a saída brillante que nos dá o Goberno sexa levala a outro tribunal; para dar situacións como as que se están dando agora nas que se un tribunal che dá unha medida que ti queres, non dis nada, pero se non che dá a que queres, vas ao outro. Co cal, ao final, esas diferenzas que non queríamos ter e que non queremos ter entre comunidades xa están; non é que vaian estar, senón que xa están aí agora mesmo.

Respecto dos contratos covid que preguntaba vostede, señora Prado. Primeiro, os contratos covid rematan o 31 de maio, e rematan o 31 de maio porque son de seis meses de duración. Creo que son uns contratos razoables, menos mal que non falou vostede de precariedade. E cando rematen o 31 de maio, aqueles que sexan precisos vanse renovar por outros seis meses.

Temos procesos como a vacinación nestes momentos en marcha. Acabo de explicar hai un momentíño todo o aspecto relacionado coas probas diagnósticas, no que Galicia creo que está facendo un esforzo moi grande, todos nós, e temos que seguir con eles. Dende logo, se



a situación epidemiolóxica, sobre todo en hospitais, en UCI ou en planta se mantén, pois non haberá máis remedio que seguir manténdoos.

E non os quero mesturar cos plans de recuperación da actividade asistencial, que vostede tamén sabe de que se tratan. Decía que non se acorda de cantos millóns, dígollo eu: quince millóns de euros para a recuperación da actividade asistencial. Eses quince millóns de euros, fundamentalmente, son capítulo I, señora Prado. Van ir destinados aos profesionais, aos que están ou aos novos, sen ningunha dúbida; se os temos, evidentemente, claro que si.

Por outra banda, decía que unha parte importantísima destes recursos vai ir destinada ás probas diagnósticas, que é onde temos agora mesmo o maior atranco en desenvolver isto.

Remato esta segunda intervención miña agradecendo ese recoñecemento que fan vostedes, e especialmente á doutora Amigo, deste traballo que estamos a facer en xeral na Consellería de Sanidade, e en particular no Servizo Galego de Saúde e na Dirección Xeral de Saúde Pública, por acadar uns datos que —repito— non vou caer nin en cualificalos nin en descualificalos dicindo que son datos a un nivel do resto das comunidades autónomas, pois esta semana son bos, pero poden ser un pouco peores a semana que vén.

E, dende logo, vou rematar con algo que vostede decía, señor Torrado, falando de datos e de anuncios. Mire: a min o anuncio dos cen días dáme medo, porque non é a primeira, nin a segunda, nin a terceira, nin a cuarta vez que se fan anuncios, e despois os provedores non subministran vacinas. Nós aprendemos, practicamente dende o primeiro día —incluído o día de Portugal, señor Torrado, que vostede sempre mo saca—, que as vacinas ata que están na nosa central, incluso ata que están no punto de vacinación, non se pode contar con elas. Temos experiencias francamente decepcionantes nese sentido. Mire: a semana pasada díciolle que convocamos 267.000 persoas, esta semana convocamos 187.000, ¿por que esa diferenza? Porque a semana pasada tivemos 90.000 de AstraZeneca que esta semana non temos, e ademais creo que non a imos ter en moito tempo; máis alá do problema que temos que manexar das segundas doses das persoas que teñen a vacina de AstraZeneca.

Neste contexto, dende logo, eu non sería nese sentido tan triunfalista como o que fixo o anuncio, e diría que hai que ir paso a paso, vacinando todas as vacinas que nos chegan, sendo prudentes, tendo garantidas as segundas doses e, por suposto, animando. E niso tamén estou de acordo con vostede e con todos en que hai que seguir animando á vacinación.

Preguntaba vostede sobre os datos de vacinación. Estes son bos, hai que dicir que son bos, pero tamén é certo que todo este ruído con AstraZeneca, como vostede entenderá, non favoreceu que as persoas chamadas a semana pasada acudiran masivamente. Acudiron en número importantísimo, máis do setenta por cento, señor Torrado; logo doulle os datos exactos. Pero é certo que estamos notando un decaemento na xente que veu. De todas formas, con AstraZeneca xa non nos quedan máis que para as segundas doses, e neste caso non se dará, pero pode darse con outras vacinas.

Hai que ser moi prudentes co manexo da información. Por sorte ou por desgraza, a vacinación é un proceso que se retransmite en directo, como se fora un evento masivo. Iso reflicte



esa ocupación e preocupación de toda a sociedade pola vacinación. Non creo que sexa unha cuestión de facer campaña neste momento, si que creo que é un momento de facer campañas de boa información, de información científica, de información técnica. E nese sentido os galegos e as galegas seguro que van seguir colaborando como colaboran e facendo o proceso de vacinación tan exitoso como está a ser ata agora.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Vou intentar comezar por unha cousa que non é directamente da pandemia. E non nos imos perder en explicacións matemáticas, pero as medias non se calculan metendo sempre todo o mundo dentro. Un valor externo que é moi disparado por arriba ou por abaixo non se calcula nunha media porque, se non, teríamos que entrar en dicir que cando se dea unha media, non dar unha dispersión ou unha medida de dispersión, é absurdo tamén. É dicir, non imos entrar en discusións matemáticas, pero contabilizar Madrid é un erro estatístico. E ademais o que vostede di: «é que vostede o di para que Galicia saia peor». ¡É que descartar unha comunidade autónoma non cambia a posición ordinal ou relativa de ningunha outra! Fíxese como están vostedes obstinados en que lles estamos facendo a contra. Non, se é máis, se é que poden incluso melloralas, pero en realidade neste caso non cambiaría nada. Pero non, Madrid altera as medias, e non se poden tomar medidas ou valorar contra as medias cando hai unha media que ten unha alteración enorme cun dato. Iso é unha cuestión estatística — permítame a expresión, con desculpa de antemán— de primeiro de Estatística, ¡de primeiro! Pero, vamos, non vai alá... E ademais vostede sábeo; así que o problema é que vostede o sabe. Pero en fin...

Sobre as cuestións da legalidade da vacinación e as medidas epidemiolóxicas. Vostede alertou que non lle gustou a medida —díxoo de quen o dixo— dos cen días. É o presidente do Goberno. E non sei se teñen unha aposta, pois cada vez que mencionan a Pedro Sánchez teñen que disparar contra el. Podo dicir algo incluso sen problema: é o presidente do Goberno quen o dixo. E polo de agora as cousas que se dixeron da vacinación vanse cumprindo, e tamén está ben que, en certa maneira, poidamos dar algúns datos de certa esperanza.

Gústame que vostede diga: non hai que dar datos esperanzadores porque poden provocar frustración. Non lle gusta que Pedro Sánchez diga que quedan cen días para vacinarnos, para a inmunidade do setenta por cento, pero non lle dixo nada ao señor Feijóo que dixo que podíamos vacinar cen mil nun día. Claro, o que fixo Pedro Sánchez vai sendo certo, e o que dixo Feijóo aínda non o comprobamos, e nós queremos crer que si porque é posible. Pero, é certo, vostede non lle replica ao señor Feijóo o que si lle replica a Pedro Sánchez. Debe ser que por iso teñen esas medidas.



E preguntéille polo estado de alarma, nesta cousa que vostedes fan cando comparece alguén, que parece que comparecemos os da oposición. Non me contestou. Entendo que lle é complicado contestar se estarían a favor de prorrogar o estado de alarma, que é unha posición simple: si ou non. O PP, en xeral, dixo que non; o que pasa é que a vostedes ás veces lles gusta xogar a iso de...

E trasládame: ¿que penso eu das medidas? Da súa lei orgánica que propuxeron no Congreso, non; é máis: coincidimos todos os grupos parlamentarios do Congreso en que non. Da lei que propuxeron aquí e que xa tiven que pronunciarme, non. Propoñan outra e imos velo; se de feito é o que lle estamos pedindo nós, que propoñan outra. Pero, en fin, ¡fíxese!, non estamos de acordo, pedímoslles que propoñan outra. E vostede di aquí: ¿que pensa vostede? Xa llo dixen, que non.

Pero vostedes do estado de alarma, ¿que? Non, novas ferramentas e tal... Non é isto unha fórmula 1 nin... Vostedes están a favor de prorrogar o estado de alarma, ¿si ou non? É unha pregunta fácil.

Sobre o da vacinación, gustoume o dato triunfalista da señora Amigo. Somos a segunda comunidade autónoma —se non é o que dixo, corríxame— que vacinou máis maiores de 60 anos —creo que deu o dato—. Somos a segunda comunidade autónoma que máis maiores de 60 ten, e como se distribúen e se vacinan por orde e proporción, ¡pois somos a segunda!

Voulle dar outro dato que sexa triunfalista ao Partido Popular para que tal. Poden presumir de que Galicia é a comunidade autónoma que máis galegos vacina. Seguro que hai algún outro que o vacinan noutro lado, pero Galicia debe ser a primeira. ¡Vamos evitar dicir as cousas que...! Claro que somos os que máis vacinamos porque somos os que máis poboación maior temos. ¿Quen vai vacinar máis poboación maior? ¿Andalucía, que é a comunidade coa idade media máis xove de España? É que estamos nun debate que... en fin.

Pero hai cento cincuenta mil vacinas sen poñer, non se olviden, que non llelo dixen na primeira intervención porque nós entendemos que iso é facilitador un pouco... Non me poñan esas caras, está na web que vostedes acaban de anunciar. Cento cincuenta mil vacinas sen poñer, cento cincuenta mil doses sen poñer. Non me veñan agora co da falta de stock porque son as mesmas que estaban sen poñer cando había cincocentas mil postas menos. ¿A ver se o stock vai ser sempre o mesmo aínda que poñamos máis xente?

Pero como lles dixemos no principio a todos: vai razoablemente ben. E si, é o mérito de todos. O señor conselleiro dixo o dos concellos que as facilitan, de Protección Civil e de Emerxencias. ¡Home!, aínda que sexa por un momento, ¡do Goberno do Estado tamén! Que parece que lles custa un pouco, ¡que non pasa nada! Se vai ben. E todos os implicados, tamén a Xunta de Galicia, o Sergas particularmente, pero tamén as medidas de emerxencias, os concellos e o Goberno do Estado, a Unión Europea... van razoablemente ben. E os erros tamén son erros e hai que comprendelos.

Sobre as medidas epidemiolóxicas, ¡se nós non lle botamos a culpa a ninguén en particular! Nós dicimos que cuestións alimentan os problemas. Por exemplo, a confrontación e o hoo-



liganismo aliméntanos. Non lles dixemos que este goberno sacara a xente á rúa, pero si cremos que hai opinións que dificultan.

Vostede, señor conselleiro, di: «cando a fin de semana das terrazas» —que lle chamou vostede, é unha boa denominación, así permítenos identificalo—, vostedes agora din: ben, algo de mérito teremos en que as cousas vaian ben. Naquela fin de semana, a culpa era dos hostaleiros e dos cidadáns. E no Nadal a culpa era dos cidadáns; díxoo o señor Feijóo. E agora atribúense a responsabilidade de que vaian ben e de que a xente non saíra excesivamente á rúa; pois ben, pois tamén terán vostedes a responsabilidade boa de que a xente non saíra ás rúas.

Pero mire se somos coherentes, se vostedes teñen agora unha parte da responsabilidade boa, que está ben; nas cousas que foron mal, tamén. Porque non nos enganemos, porque isto vai de debater a ver quen se apunta os méritos e a ver quen lle carga a outro os problemas. E aí xa saben vostedes que son os campións do mundo, aí non hai ninguén que lles poida facer nada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Por tanto, nós o que pedimos é que, ademais de confrontar tanto, resolvan un pouco máis, que a cousa vai ben. E é certo: hai que andar con coidado e con pés de plomo. Pero a cousa vai razoablemente ben dentro do drama. E é importante dar algunhas noticias esperanzadoras.

Nós quedámonos con que dentro de cen días poderemos ter o setenta por cento inmunizado. Cremos que iso é unha boa noticia. Agardamos que o Sergas poida seguir facendo as cousas como as está facendo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...para que o volume de vacinación siga igual.

E desexámoslles que, no que ten que ver coas medidas, sexan máis colaboradores e un pouco leais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...aínda que ás veces sexa por equivocación. Equivóquense un pouco e sexan leais. ¡Xa verán como vai ir mellor todo!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.



A señora PRADO CORES: Era unha evidencia que o Partido Popular non está a favor de ter instrumentos para poder actuar. Evidentemente, non está a favor de que Galiza teña as leis que considera que lle son útiles; que non, que decida Madrid. Pero é que logo Madrid decide como lle dá a gana, e pasan estas cousas. É que ese é o problema. Cando un non quere responsabilizarse e cando un non quere ter instrumentos, logo non pode queixarse de que outros deciden cos instrumentos que lles damos. ¡Non pode queixarse! Aínda que sexan decisións, evidentemente, que consideramos erráticas e equivocadas. Pero o que non vale é dicir: nós non queremos, que decidan alí, pero logo cando deciden, non nos gusta, porque nos é moi funcional. *(Aplausos.)*

O BNG non está en contra de que Galiza teña leis propias, e está en contra de que o Goberno do Estado recorra leis que aproba este parlamento, por suposto, aínda que sexan leis coas que estamos en desacordo, como é este caso. O que, dende logo, non é moi razoable é deixar que outros tomen as decisións, pero logo dicir que esas decisións non son as correctas.

Señor conselleiro, vostede na Estratexia de vacinación e no Plan galego de vacinación hai unhas prioridades que non cumpriron antes de que se suspendera a aplicación da AstraZeneca. Hai colectivos que tiñan que estar vacinados e que non están vacinados. Púxenlle varios exemplos, como os das drogodependencias. Pero hai outros, como, por exemplo, os estudantes de Odontoloxía, que ao non estar vacinados supúxolles que perden un ano; perden un ano por non ter podido realizar as prácticas. E iso é responsabilidade súa como máximo responsable da vacinación, pois estaban nunha priorización que vostedes non levaron a cabo.

E volveu falar do persoal sanitario que o está dando todo, pero do que non falou, do que non dixo nada é de como reforzalo, e de como aumentalo segue sen dicir nada. Está dicindo que fan un labor impresionante; o que non di é como facer para que non teñan que estar esgotados e que vai facer para aumentar ese número de profesionais.

E tampouco acepta a proposta do BNG de destinar 204 millóns de euros que ten que devolver o Estado polo IVE para destinalos a atención primaria. Di que o problema non é ese. Pero ¿como que o problema non é ese? O problema di vostede que non é de profesionais, é de telos dispoñibles. Claro, a min o que me preocupa, señor conselleiro, é que non queiran nin destinar cartos nin cambiar a súa política de contratación.

Di que o problema é ter os profesionais dispoñibles. Mire: neste mes de maio rematan o MIR, o EIR e demais. Hai un comentario moi xeneralizado de que unha parte importantísima deses profesionais non van quedar. ¿Por que cre vostede que non van quedar cando son tan necesarios aquí? ¿Por que cre vostede que os profesionais que se acollen a ese contrato de continuidade un ano logo non repiten? ¿Que cre?, ¿que é que non lles gusta estar en Galiza ou traballar en Galiza? ¿Ou será como consecuencia da súa política de contratación laboral, que só lles ofrece contratos precarios e sen estabilidade? Máis ben, eu creo que vai ser consecuencia desa cuestión.

A vostede non lle gusta que falemos de precariedade, pero di que hai seiscentas persoas contratadas ás que se lles acaba o contrato a finais deste mes e di que contratarán os que sexan necesarios. ¿Cando llelo van dicir? ¿E cales son necesarios, señor conselleiro, para seguir co proceso de vacinación, co proceso de cribados, coa reactivación da actividade e co merecido



descanso que ten que ter o persoal? ¿Cales van ser necesarios? ¿Considera que estes non van ser necesarios? ¿É que llelo van dicir no último día?

¡É logo fastídialle e non lle gusta que falemos de precarización! ¿Que é máis que precarización telos así na indefinición ata o último momento, non saber que poden facer das súas vidas, se van traballar para o mes que vén ou non van traballar? ¿Como lle chama vostede a esa situación na que teñen os profesionais? Eu chámolle precariedade e non ter a máis mínima consideración con eles.

Ben, eu dicíalle antes que, efectivamente, hai cuestións que non dependen do Goberno galego, pero que tampouco o Goberno galego nin o Partido Popular queren que dependan deles. Pero hai outras que si pode facer. A primeira é actuar na política de persoal; que é evidente —e hoxe estao volvendo deixar en evidencia— que non quere actuar nesa cuestión. O outro é realizar ese proceso de vacinación con transparencia e rigor que, dende logo, hai máis dunha lagoa. E a outra é poñer en marcha medidas que permitan anticiparse e actuar e ir por diante do virus; e un deles é un sistema de rastrexo áxil e eficiente que lle vimos reclamando no BNG desde o primeiro momento, como unha peza fundamental para loitar contra o virus, para poder anticiparse.

Dende logo, lamentamos que aínda anuncie aquí que están poñendo en marcha ese plan de retrorastrexo para ampliar e reforzar ese rastrexo catorce meses despois de iniciada a pandemia. Dende logo, nós lamentámolo porque lle dixemos desde o primeiro momento que tiña que haber un programa áxil, dotado con recursos e ampliar eses rastrexos. E vostedes aínda están facendo unha proba piloto.

Igual que lles demandamos o illamento temperá das persoas positivas, sen demoras, a protección desas persoas positivas, ver se teñen posibilidades e condicións para facer eses illamentos, e a revisión dos períodos de corentena, porque as novas variantes son contaxiosas durante máis tempo... Seguimos sen saber como se está actuando nese campo. Realizar PCR ao inicio e antes de rematar as corentenas, que seguen sen facerse de xeito sistemático, senón deixándoas un pouco á voluntariedade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...Ou a creación dun sistema público de alertas epidemiolóxicas dotado de persoal estable, onde se faga o seguimento e haxa puntos sentinela, equipos de rastrexo, monitorización das augas residuais...

Hai moitas cousas que, dende logo, pode estar facendo o Goberno galego, que dependen do Goberno galego e que non as está facendo, dende logo, nin coa celeridade nin coa intensidade que unha pandemia destas características ou as que podían vir necesitan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: E está moi ben agocharse —remato, señor presidente— detrás do que outros non lle deixan facer, pero sería bo que as que si dependen do Goberno galego as fixeran con prontitude e con axilidade.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días de novo.

Moitas grazas, presidente.

De novo, agradecemento, señor conselleiro. Non podemos por menos que celebrar o avance dese Plan de reactivación asistencial do Sergas no ámbito hospitalario, dotado con eses quince millóns de euros, que xa lle escoitamos e hoxe de novo puxo en valor.

Tamén desde o Grupo Popular valoramos ese compromiso de avanzar cara a un sesenta por cento de presencialidade na atención primaria, que vostede anunciou no pasado pleno e que figura nos acordos de xestión do Sergas. E, desde logo, non entendemos a polémica artificial que determinados colectivos queren construír con este obxectivo; sobre todo porque os mesmos que protestan agora non dixeron nin unha palabra cando desde aquí escoitamos a señora Pontón que reivindicaba hai unha semana que esa presencialidade fora do cen por cento.

Nós defendemos a profesionalidade do persoal de atención primaria sempre. Non só cando convén para usalos como arma electoralista. Na lexislatura pasada, cando protestaron e había que facer cambios na primaria, a Xunta sentouse con eles a buscar solucións, houbo un plan de primaria, houbo recursos e houbo compromisos. E agora, despois da pandemia, claro que van continuar coas reformas. Nós alabamos a creación desa Dirección Xeral de Reforma Sanitaria, que vai poder ter o tempo necesario, mentres o resto dos cargos do Sergas ocupan o seu tempo na pandemia, para falar cos profesionais e deseñar a posta en marcha das reformas no funcionamento da primaria.

Por iso, este grupo sempre defendeu que a atención telefónica non significaba en ningún caso que o profesional de primaria non traballase ou non dese a asistencia sanitaria axustada á poboación. E niso sabemos que temos aos profesionais do noso lado. Sempre que o paciente o require, a cita vai ser presencial. O paciente chama, ten un problema; se ese problema se soluciona co teléfono, faise, e se non, cítase para a presencialidade. Isto non é un tema de antonte. Desde o ano 2013 estase traballando desta maneira.

E estes profesionais tiveron que facer o seu traballo en condicións tremendamente difíciles, tremendamente inimaxinables, pero o Sergas deulles recursos para poder facelo. E este conselleiro e este grupo sempre os defenderon, mentres vostedes difamaban a atención non presencial, que a presentaban como indigna.

Señora Prado, eu pídlle que sexa un pouco máis comprometida e que sexa un pouco máis respectuosa, porque non se pode falar de precariedade con contratos de continuidade de



máis de sesenta mil euros ao ano. Temos que ser comprometidos con moita poboación que o está pasando mal e si está vivindo en precario.

Agora hai un obxectivo compartido entre a administración e os profesionais para avanzar na recuperación desa profesionalidade nos casos que sexa preciso, pero, desde logo, non nese cen por cento absurdo que propón o BNG. É que iso si que é un insulto ó labor dos profesionais.

Desde logo, é absolutamente ridículo facer calquera insinuación sobre a falta de compromiso da Xunta coas condicións salariais do persoal sanitario xusto nesta semana, na que se está a recibir o primeiro pago do segundo recoñecemento de grao da carreira profesional que fai o Servizo Galego de Saúde en tres anos. Un proceso que se mantivo este ano a pesar da pandemia e que supón un investimento de dez millóns de euros este ano, e outros dez millóns no próximo ano. Isto si é un compromiso coas condicións laborais do persoal sanitario.

Igual que o foi a creación desas trescentas prazas comprometidas no Plan de atención primaria 2019-2020 e que foron os máis de cen millóns de euros investidos en infraestruturas de atención primaria desde o ano 2009. Os orzamentos da Xunta deste ano duplicaban o investimento da Xunta en infraestruturas en primaria, e cando o conselleiro veu explicalos, vostedes puxeron en dúbida estes investimentos. Pero hai unha semana, na Comisión de Sanidade tiveron que tragar as súas palabras porque o xerente do Sergas deu un repaso a como se están a executar todos e cada un dos compromisos recollidos nestes orzamentos.

E máis alá dos orzamentos, agradecemos tamén ao conselleiro a explicación sobre os proxectos dos fondos Next Generation. Efectivamente, algúns de nós coñecíamolos xa, porque o conselleiro de Economía tiñaos exposto, pero a oposición dixo que non eran transparentes, porque non figuraban eses proxectos liderados pola iniciativa privada. No caso da Consellería de Sanidade, si que figuran, porque todos, efectivamente, eses proxectos son de iniciativa pública.

E xa remato. Moitas grazas, señor conselleiro, por amosarnos unha vez máis un goberno que avanza, un goberno que xestiona e que traballa arreo para combater esta pandemia, sen olvidar ademais os demais retos da sanidade, porque aquí temos a desgraza de sufrir unha oposición que leva moitos anos paralizada, como se estivese hipnotizada co mesmo discurso caduco.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de dúplica ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.



Señores deputados, eu dicía que non quería entrar nos datos, pero tampouco vou quedar calado cando non se dan os datos axeitados. Miren: teño aquí na miña man o informe de onte, o informe do día 10 de maio, que corresponde aos datos do día 9 de maio. Vacinas entregadas en Galicia: 1.460.000; vacinas administradas en Galicia: 1.429.000. Isto non é de primeiro de Estatística, señor Torrado, isto é de primeiro de Matemáticas. Aquí, se un fai a resta... (Aplausos.) Estes son os datos oficiais. Agora vostede dirá: claro, pero na páxina web da Xunta aparecen cen mil. Claro, porque onte chegaron cen mil vacinas, señor Torrado. Vostede cre que, claro, que podemos poñelas no día todas a correr, ¿verdade? (O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.) Claro, claro que si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Mire, falando diso: oxalá teñamos en breve a situación de ter que vacinar cen mil doses no día. Iso si, chegando un par de días antes, señor Torrado, non chegando no mesmo luns. Pero se chegan, non se preocupe, que as imos usar.

A semana pasada puxemos máis de cincuenta mil vacinas ao día, porque así puxemos as duascenas sesenta e seis mil que lle comentaba anteriormente. Temos capacidade e temos ganas de vacinar todo o mundo que poida vir.

O que eu dicía, señor Torrado, é que ese señor —que non teño ningún problema en chamalo—, o presidente Sánchez, debía ter xa aprendido do que é dicir unha cousa e que logo che pase outra. Porque resulta que as fábricas de vacinas pechan. Vai a FDA e pecha a fábrica de Janssen en Estados Unidos. ¡Que pena! Entón a culpa será de Janssen ou da FDA, claro. Ou fai un contrato con AstraZeneca que finalmente parece —enterámonos onte pola prensa— que vai suspender a Unión Europea. E pode pasar con outras vacinas. Esperábase a vacina de Novavax, a vacina de Purevax... As vacinas son un proceso complexo moi difícil de desenvolver, aínda que a algún lle pareza que simplemente quitando as patentes se arranxa e todos facemos vacinas en calquera sitio. Pois, a pesar diso, é un proceso complicado. E é imprudente —desde o meu punto de vista e a experiencia destes meses, e tamén a experiencia xeral no ámbito médico— dicir que algo vai ser así, con esa contundencia. ¡Oxalá!, nós estaremos encantados de poñer cen mil vacinas ou duascenas mil ao día; non teremos ningún problema por iso.

Respecto do tema do estado de alarma, xa llo dicía eu, señor Torrado, eu respondereille como fixo o Partido Popular: estado de alarma, si, se é un paso previo para modificar a lei orgánica. Se a lei orgánica non se modifica, o estado de alarma, non. É bastante sinxelo.

E si coincido con vostede en que a cidadanía é responsable. Eu creo que en ningún momento lle dixen que a xente non saíra o outro día grazas a nós. Creo que foi grazas a todo o mundo, grazas ao xeito en que estamos a levar a situación en Galicia. Quero dicir grazas ao papel da hostalería, que finalmente foi incorporando ese discurso de que todos temos que sumar e todos temos que dicirle a unha persoa que está sen máscara que a ten que poñer. E, por suposto, ás policía locais, e tamén dixen ás forzas e corpos de seguridade do Estado, que entre todos conseguimos trasladar a importancia das medidas. E ao Comité Clínico e á Xunta de Galicia, ao facilitar esas medidas nas que —como dicíamos antes— a hostalería foi abrindo



progresivamente, cunha serie de medidas e de condicionamentos —que, por certo, nos fixeron referentes a nivel nacional—, como incorporar o tema da calidade do aire nos locais de restauración, que estenderemos ao resto de locais e non só de hostalería, senón noutros ámbitos. Porque esta parécenos que é unha liña que non só vai vir ben para o coronavirus, senón en xeral será positiva para as interaccións nos locais pechados. E nese sentido —repito— creo que foi un labor de todos.

E así ten que seguir sendo, temos que seguir traballando en avanzar nese difícil equilibrio da economía e a sanidade. Antes preguntaba alguén sobre os concertos. Ben, teremos que ir avanzando en certa normalización dos procesos. Por exemplo, que a xente entre nos centros de saúde a ser atendida cando o profesional e o paciente o consideren oportuno, que se poidan facer eventos deportivos e que se poidan facer tamén concertos. Aí o que temos que fixar son as condicións, traballalas e autorizalas neste caso por saúde pública.

Por suposto, non podemos vivir na burbulla permanentemente, temos que ir saíndo, pero hai que saír con sentidiño e con normas e con instrucións e con normativa, que é o que agora mesmo non temos.

Nese sentido estamos traballando cos sectores, co sector do ocio nocturno, co sector da hostalería. Hoxe mesmo temos unha reunión co sector da hostalería para seguir avanzando nese incremento, que, por suposto, sempre vai vir condicionado coa situación epidemiolóxica. No día de hoxe coa situación que temos, temos que seguir avanzando en que os locais de hostalería poidan estar máis tempo abertos. Fixar as condicións. E iso, sen dúbida, vai evitar esas situacións que se viron noutras comunidades autónomas. Probablemente aquí —dicía— non se viron, entre outras cousas, porque os nosos bares ese día estaban abertos ata as once da noite, nunhas condicións de seguridade que —repito— os hostaleiros están a trasladar.

A vacinación, como xa quedou claro aquí, avanza. Ata incluso vostedes recoñecen que vai ben. Iso é estupendo. E nós, por suposto, estamos encantados de que sexa así. Poñemos todos os medios, eses contratos que estamos a facer de xeito permanente para que as persoas poidan estar facendo a vacinación. Poñemos todo o que se fai, non só na vacinación propiamente dita, senón nos propios recintos de vacinación, na propia loxística para enviar as doses... E nese sentido, evidentemente, aí pode haber pequenas disfuncións; xa comentaba na primeira intervención unha do domingo pasado. Pero o que non imos admitir é que haxa irregularidades; non conscientemente, dende logo, e se as detectamos, corrixímolos.

Dicir que nun proceso de vacinación dos grupos esenciais que estaba aberto, joxalá puidéramos vacinar todos os esenciais nun día!, pero non se puido facer, señora Prado, e os grupos esenciais ían vindo. A listaxe dos alumnos de Odontoloxía tiñámola, pero cando lles ía tocar naquela semana suspendeuse a vacinación. Vostede o que pretende é que seguimos vacinando igual. Si, si, señora Prado. Os grupos estaban en marcha. Hai algún SAF dalgún concello que quedou interrompido por ese proceso, hai algún colexio que precisamente se retoma mañá porque non tiñamos as listaxes. Claro, houbo grupos que quedaron interrompidos, pero o que non iamos facer —repito— é coa vacinación dos esenciais suspendida de mutuo acordo neste caso por todas as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade facer excepcións. Porque iso sería —creo— contraproducente.



E respecto dos contratos continuados. Ben, xa o dixo a señora Amigo, que lle agradezo as súas palabras. A Xunta de Galicia está facendo un esforzo importante en atención primaria. Probablemente non todo o que se teña que facer porque é imposible. Nós non podemos formar médicos de familia dun día para outro, non podemos abordar esa dispoñibilidade de médicos de familia. O que si lles digo é que imos intentar que todos os médicos de familia que rematan a especialidade en Galicia este ano queden con nós. ¿Ofrecéndolles que? Ofrecéndolles contratos estables. Un contrato de ata tres anos de duración e unhas retribucións brutas de 62.000 euros ao ano e que implica facer dúas gardas no PAC. A vostede isto pódelle parecer precario, sen dúbida, pero a min tenme que permitir que exprese a miña opinión de que precario non me parece. Pode parecerme pouco, moito, depende con que se compare, pero, desde logo, non. Isto non o tiñamos antes, é unha ferramenta que se puxo en marcha hai pouco tempo, que está dando resultado e que a xente colle estes contratos; non todo o mundo, evidentemente, pero non creo que sexa pola precariedade, haberá que ver outros motivos.

E respecto da enfermería, ben, vostede, cando fala de enfermería, obvia que esta enfermería se contratou no mes de abril ou marzo do ano pasado e segue con nós, e a pandemia, dende abril e marzo do ano pasado, afortunadamente, foi cara abaixo; tamén é certo que moitas veces foi cara arriba. Ningún dos contratos dos profesionais establecidos en marzo do ano pasado rematou. A pandemia pasou un pico importante en xaneiro. Estamos en maio, e ningún dos profesionais que estaban en xaneiro está con nós agora; e non digo os profesionais, digo os postos de traballo. Os profesionais teñen un sistema de chegada a eses postos, que, por suposto, respectamos, e utilízanse as listas, como non podía ser doutro xeito. Pero os postos que se estableceron, os contratos que se estableceron a raíz da pandemia, non mudaron.

Coa pandemia non sabemos o que vai pasar. Oxalá tiveramos unha boliña máxica e puidéramos dicir: o 10 de xuño non nos fan falta. Pero non, como non sabemos se nos fan falta, de momento, estendéronse os contratos ata o 31 de maio. E acabo de dicirlle que os contratos que sexan necesarios, porque, evidentemente, nós, de momento, temos que velar polos intereses dos galegos e das galegas e non gastar os cartos que non sexan precisos. Temos moitas necesidades de contratación relativas á pandemia, pero tamén relativas, evidentemente, á actividade asistencial demorada, á atención primaria —que vostede mesma nomeaba— ou tamén, como dicía vostede, ás vacacións dos profesionais sanitarios. Pois, en función de todo iso, establecerase en cada área sanitaria se eses contratos se manteñen como covid cando sexan necesarios.

Agora mesmo estamos falando de necesidades palmares como a vacinación, das 45 persoas que seguen na UCI aínda ou das 150 persoas que seguen hospitalizadas en planta, e todas as probas están a facerse a diario, e, por comentar, podemos falar das probas, das PCR ou dos tests de antíxenos nos aeroportos. Todo iso consome moito recurso humano. Non se chega a isto quitando a Madrid da estatística, chégase facendo moitísimas probas, facendo un montón de esforzo e, por suposto, contratando moito persoal e non prescindindo del cando non fai falta.

Falaba vostede do rastrexo. É que falar agora de que en Galicia o rastrexo é malo, bueno... Ese 76 % do seguimento dos casos que temos debe ser tamén casual —polo Apóstolo dicía vostede hai tempo—. Mire, o sistema de rastrexo en Galicia é moi bo, faise un seguimento



moi bo, e o que acabo de trasladar hai un momentíño —ao mellor non o expliquei moi ben, pode ser— non é que o rastrexo funcionara mal e que vaíamos actualizalo despois de catorce meses, señora Prado, senón que o que dixen é que, aproveitando a capacidade que temos agora mesmo e a baixa incidencia de casos, imos facer unha proba piloto para rastrexar non dous días cara atrás, que é o que marca o Protocolo nacional, senón sete días cara atrás. Se a vostede isto lle parece rectificar e resolver despois de catorce meses de pandemia, pois ao mellor non entendeu nada. Isto é aproveitar a nosa capacidade diagnóstica, o noso bo sistema de rastrexo, do que estamos francamente orgullosos, ese labor que —volvo dicir— non é dunha persoa nin de dúas nin de 200, é un labor de todo o colectivo.

Vostede aquí fala da atención primaria e do importante que é o rastrexo, de que hai que poñer persoal para o rastrexo, pero agora resulta que o rastrexo non é da atención primaria. Pois todo ese labor de rastrexo eu sígoo defendendo; creo que o labor de rastrexo en Galicia foi encomiable. Evidentemente, non é doado chamar a unha persoa e localizar os contactos que ten, facerlle as probas diagnósticas... Creo que as probas diagnósticas se están facendo cunha rapidez impresionante en Galicia, dende sempre, e, salvo nalgún momento puntual nos picos de máxima incidencia, é algo característico da situación en Galicia. E o que estamos a contar agora é que se vai mudar esa condición.

Vostede xa preguntou o outro día polo aumento das corentenas. Mire, o aumento das corentenas —xa llo expliquei aquel día, e non o fixen antes, pero actualízoo— segue como está. O Ministerio de Sanidade considera que non hai probas suficientes, evidencia científica para aumentar a corentena a máis de dez días, e nós estamos a facer iso, porque, dende logo, en Galicia non imos ampliar as IT de xeito unilateral. En Galicia consideramos que agora son 14 días de IT e poñémolas, aí tamén somos leais.

E falando do rastrexo, de verdade que creo que esta é unha proba interesante, que nos vai dar información. Imos meter unha variable que ata o de agora non se poñía, que era se se tiña mascarilla ou non se tiña mascarilla de contacto, imos facer a proba e imos ver se este exceso de probas cara atrás nos produce un rendemento diagnóstico importante ou, polo contrario, nos produce un rendemento importante das probas sen resultados na detección de casos positivos, que é unha hipótese de traballo que imos poñer agora. Pero non por isto vou consentir que se diga que por fin a Xunta modifica o rastrexo despois de catorce meses. Non, non se trata diso, señora Prado. É unha iniciativa específica que contei, igual que contei ese estudo da efectividade da vacina nas persoas vacinadas; nada máis lonxe que iso.

Polo tanto, remato xa, por suposto, agradecendo o seu tempo por escoitar esta información actualizada tanto da situación da pandemia como doutros aspectos que tamén consideramos importantes, porque, ao final, non todo é coronavirus. Os pacientes crónicos, as urxencias, as patoloxías tempodependentes e os cancros seguen producíndose e o sistema sanitario galego é forte, segue atendéndonos a todos, e ademais cremos que —e así o dicimos— está tamén atendendo a situación derivada da pandemia dun xeito máis que destacable.

Claro, xogar cos datos... Dígolle que nós vacinamos a poboación de máis de 60. Somos o número 2. É que é curioso, pero o número 1 non é a comunidade autónoma que ten máis maiores de 60. Hai que ver e repasar esas clases de estatística e de matemáticas tamén.



Remato —repito— agradecendo aos traballadores sanitarios o esforzo que están a facer, e a toda a sociedade. Eu, nese sentido, si que considero que esta situación que estamos a vivir é froito do traballo de todos, e volvo destacar especialmente a actitude do sector hostaleiro, tan castigado pola pandemia, evidentemente, que está nestes momentos sendo unha peza tamén importante nesa apertura progresiva, baseada sempre na situación epidemiolóxica e tratando de que esas escenas que a todos nos desgustaron en Galicia non se produzan tam-pouco esta vez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Pasamos ao punto terceiro da orde do día, mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros hospitalarios

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista e unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e deputados, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á súa moción.*)

Emenda de modificación.

Onde di: «...anos, para aproximarnos, cando menos, á media...», debe dicir: «anos, cando menos, a media...»)

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*)

Emenda de adición.

Engadir un novo apartado na parte resolutiva co seguinte texto:

«- Iniciar, no seo do Consello Galego de Benestar Social, un estudo sobre o actual modelo de residencias que a partir da diagnose de situación achegue propostas para a súa mudanza.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.



Señorías, hoxe substanciamos esta moción derivada da interpelación do anterior pleno, na que solicitabamos á Consellería de Política social o seguinte: primeira proposta, elaborar un estudo pormenorizado coa correspondente investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores durante a pandemia, así como facer públicos e entregar aos grupos parlamentarios desta Cámara os datos do número de falecementos a causa da covid nas residencias de maiores de forma individualizada por cada centro.

Non se trata, señorías, dun capricho desta deputada. Esta semana todos os grupos parlamentarios desta Cámara recibiamos un escrito de María, filla dunha muller falecida por covid nunha residencia de maiores. María recibiu unha carta da Xunta de Galicia na que se lle reclamaba unha débeda pendente coa Administración por cobro indebido de 25 euros dun día do mes de febreiro no que a súa nai xa falecera. E hoxe quero servir de altavoz do sentir de María citando as súas verbas, que dan sentido a solicitar máis ca nunca os datos de falecementos por covid por cada centro. E cito, textual: «Fágolles chegar, como tal exigen, o importe de 25 euros con 97 céntimos, correspondente a un día do mes de febreiro de 2021. Quero comunicarlles o profundo malestar e tristeza por esta carta recibida da Xunta cando chegou ás miñas mans. O motivo non é económico, como poden sospeitar, é unha cuestión de empatía e xenerosidade. Cumpro coas miñas obrigas, do mesmo xeito que faría a miña nai e tantos outros maiores que deixaron o seu último alento nesta pandemia nas residencias de Galicia. Podería ser a nai de calquera de vostedes, pero iso non conta, xa que, ao final, os mortos só foron números e seguen a ser, como demostra esta misiva burocrática que me envían. A humanidade e a compaixón parece ser que non son valores suficientes nas políticas da Xunta para agradecerlles aos nosos maiores toda unha vida de esforzo, compromiso e valores democráticos. Se estamos todos onde estamos, é grazas a eles. Tiñan vostedes máis que constancia do falecemento da miña nai no Cegadi en Santiago, a onde foi trasladada o 1 de febreiro por contaxio de coronavirus, para morrer finalmente illada nunha agonía, como tantos outros e outras, sen a calor da despedida de ningún fillo, o 19 de febreiro ás seis da madrugada. A que non ten constancia son eu, como calquera cidadán, de ningún rexistro oficial, con nomes ou sen nomes, das persoas falecidas nas residencias galegas, nin sequera sei se as súas amigas e outros residentes que compartiron a vida con ela durante anos seguen a estar vivas ou xa non están. Por non saber, non sei nin o número oficial nin de rexistro que ocuparía a miña nai na extensa lista de falecementos en Galicia por covid. Xa abonda morrer dun xeito tan cruel como para que os enterren tamén no olvido. Sen máis, saúde. »

Estas son as verbas. Aínda que ela mesmo reconece como correcto o requirimento e así cumpre, pide que tamén a Xunta cumpra as súas obrigas aportando os datos que merecen as familias, por suposto na memoria das persoas falecidas nas residencias. *(Aplausos.)*

É o relato, señorías, das familias das persoas maiores que deixaron a súa vida nas residencias por covid. Temos 790 razóns para elaborar un informe investigador do que aconteceu nas residencias de maiores durante a pandemia, así como para coñecer o número de casos e falecementos centro a centro, por dous motivos principalmente: pola memoria e dignidade das persoas falecidas e das súas familias, que o levan reclamando moito tempo, e, dous porque supón un exercicio de transparencia que aportaría unha información moi valiosa para traballar na mellora dos centros de atención residencial, e, sobre todo, para estar máis pre-



parados de xeito preventivo ante unha hipotética situación similar no futuro e blindar os maiores en Galicia.

Os datos están en mans do Goberno galego. Pedímosllo mediante todas as vías posibles e segundo a normativa marca, e están obrigados a aportalos aos representantes da cidadanía ou a informar dos motivos de por que non o fan. É importante ter en conta que o reporte das comunidades autónomas ao Estado foi de casos de falecementos positivos en covid confirmados mediante proba PCR e de falecementos con síntomas compatibles pero sen proba diagnóstica; polo que o Goberno galego debe aportar os datos de falecementos por covid centro a centro e de falecementos con síntomas compatibles con covid pero sen proba diagnóstica.

Segunda proposta: deseñar un protocolo preventivo para enfermidades infectocontaxiosas específico para as residencias de maiores no que se explicita un protocolo de evacuación dos casos positivos.

Señorías, na interpelación do pasado pleno a conselleira de Política Social a sensación que deixou no seu discurso foi como de sorpresa porque se fale deste tema, cando nas residencias nese momento non tiñan contaxios que logo, ao cabo duns días, desgraciadamente, resulta que si. E preguntome eu: ¿é un bo momento para que o Goberno galego queira correr un tu-pido velo sobre as 790 persoas que deixaron as súas vidas nas residencias sen ter analizado o que pasou de xeito pormenorizado nas residencias en Galicia? (*Aplausos.*)

Pero foi significativo, ademais, o feito de que a conselleira presumira de que os datos eran menos malos que noutras comunidades autónomas, facendo referencia aos datos elaborados polo Consello Superior de Investigacións Científicas, o CSIC, e é chamativo que do mesmo xeito que fai referencia aos datos do CSIC non faga referencia ás principais conclusións do informe, xestión institucional e organizativa das residencias de persoas maiores de covid en España, dificultades e aprendizaxes, elaborado no marco do Proxecto covid polo CSIC.

No mesmo, en outubro do ano pasado, recomendábase —e cito textualmente—: «*Derivación de los pacientes covid-19 a otros centros de tercer nivel. Debe destacarse que esta medida ha sido considerada por los entrevistados en este estudio como una de las más relevantes para contener los brotes en residencias. Además, esta medida permite que el resto de los residentes pueda hacer una vida lo más parecida a la normalidad, lo que es muy importante para mantener su salud física y mental*». Ademais, en novembro do ano pasado a Secretaría do Estado, no informe sobre covid de residencias, indicaba que —textual—: «*Derivar os afectados por infección de covid das residencias cara a centros de atención intermedios é unha estratexia que amosou unha alta eficacia. Polo que tanto os estudos como os expertos no ámbito, por exemplo a Sociedade Galega de Xeriatria e Xerontoloxía, repetiron unha e outra vez que en Galicia se tiñan que evacuar todos os positivos de residencias de maiores por unha cuestión de saúde pública e para evitar os gromos masivos e abruptos. ¿Por que non se fixo en todos os casos existindo recursos en Galicia? É máis que evidente que a conselleira evita asumir as responsabilidades que lle tocan, preferindo botarlle a culpa de que non se derivasen todos os positivos das residencias ao criterio clínico dos médicos, en palabras da propia conselleira no anterior pleno. Parécenos lamentable, covarde e totalmente irresponsable nestes momentos facer iso.*



Non se fixo cando era máis necesario, e así o propuxemos dende o inicio da pandemia, sen que se nos escoitara. Por iso, agora propoñemos que se elabore un protocolo preventivo e específico para as residencias en casos de enfermidades infectocontaxiosas ou en situacións epidémicas.

Terceira proposta: incrementar significativamente os equipos da inspección de política social para supervisar o correcto funcionamento dos centros ata acadar no prazo de dous anos, aproximadamente, cando menos, a media de España. Hai un refrán que di, señorías, «sempre hai un ollo que todo o ve». No caso das residencias, os ollos que deberan ver son os da inspección de Política Social, que, lamentablemente, o Goberno galego ten sen unha dotación de persoal suficiente. De feito, podemos dicir que é moi deficiente, xa que, segundo os datos estatais, é a segunda comunidade autónoma que menos técnicos ten; en concreto, só sete para supervisar o total das residencias en Galicia.

E, logo, o máximo esforzo que fai a conselleira —que, por certo, é conselleira por segunda lexislatura e anteriormente directora xeral de Maiores— é vir aquí e pedir un aplauso por eses profesionais, os das residencias; cando o curioso é que Galicia é a segunda comunidade autónoma con menos persoal de inspección para as residencias de maiores e con menos porcentaxes, curiosamente, de prazas públicas que xestionan todo, comparándoa co resto do Estado. A fórmula matemática do Goberno galego é: a máis privatización, menos inspección. Esta fórmula é equivalente a: libre albedrío no cumprimento da normativa; detectado, como si o detectou, o Consello de Contas no famoso informe que transmitiu no 2018.

Cuarta proposta: que se elabore antes de que finalice este ano 2021 o novo modelo de residencias a través dun plan específico que sexa debatido no Parlamento de Galicia co fin de que todas as forzas políticas que temos representación na Cámara poidamos presentar as nosas propias achegas. Preocúpanos o feito de que exista tanto secretismo sobre o comité asesor para o novo modelo residencial, cando é unha cuestión central nestes momentos para o noso país. A cidadanía que representamos nós ten o mesmo dereito a participar nunha achega de propostas vital para o novo modelo residencial e de cuidados que precisan as persoas maiores ou con dependencia. Son propostas coherentes, señorías, xustas, necesarias; non podemos pechar os ollos e dicir que xa pasou sen máis. Non podemos correr un tupido velo, como pretendeu o Goberno galego a través da interpelación da señora conselleira o pasado pleno.

Non perdamos un só minuto sen traballar en esclarecer o que aconteceu nas residencias de maiores, señorías. Fagámolo polas persoas maiores, polas súas familias e por todos os galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Vaia por diante que nós imos apoiar esta proposta que presenta o Grupo Socialista. En moitos aspectos tamén foron recollidas algunhas das propostas que nesta se inclúen en iniciativas que recentemente temos defendido desde o noso grupo. E a min o que me gustaría —tamén para defender a nosa posición e sobre todo o apoio ás propostas que se recollen nesta moción por parte do BNG— é determe en tres aspectos que creo que motivan, xustifican ou razoan o voto a favor e dificultan bastante argumentar o voto en contra. Tres aspectos dicía: un é a transparencia e o dereito de acceso á información pública, que é un dereito fundamental; o segundo, o dereito de participación —de algo diso xa falaba a señora Ortega na súa intervención—; e, en terceiro lugar, o cumprimento da obriga —que non é unha cuestión de vontade, senón de obriga— da Administración de exercer ese labor de fiscalización e de control; e máis, se cabe, nun contexto como é o galego, onde o 87 % das prazas de residencias de maiores son ou están en mans de empresas privadas.

Falaba de transparencia e de dereito de acceso á información pública, que é un dereito fundamental; e, polo tanto, da publicación deses datos desagregados por centros da evolución, da secuencia completa que deixou a pandemia e a covid-19 no noso país e, especialmente, nas residencias galegas de maiores, que concentraron —como todo o mundo sabe— o 34 % dos falecementos en Galiza por ou con covid. Son datos que hai apenas unha semana ou quince días —se non me falla a min a memoria— defendiamos tamén desde o BNG nunha proposición non de lei que levamos á Comisión 5ª: que se fixesen públicos non só para o Bloque Nacionalista Galego ou o conxunto da Cámara, senón como un dereito fundamental de toda a sociedade deste país; primeiro, dos medios de comunicación, que teñen tamén unha función de control aos propios gobernos, pero tamén do conxunto das galegas e dos galegos e, nomeadamente, das familias e das persoas usuarias que aínda continúan residindo nos centros de maiores do noso país.

A resposta —e agora tamén o dicía a señora Ortega— por parte da Xunta de Galiza oscila entre argumentos absolutamente peregrinos de que non pode subministrar ou proporcionar, a través da Lei de transparencia, eses datos desagregados por centros residenciais porque o Sergas tería que refacer os datos cos que conta —é un argumento como outro calquera para dicir que non e dache coa porta nos fociños, entre outras cousas, porque llo permite a Lei de transparencia, as cousas como son—, e, en segundo lugar, argumentos xa non peregrinos, senón que eu creo que insultantes cando se di en sede parlamentaria, en resposta a un grupo e a unha deputada, como foi a señora Ortega, que —como dixo a conselleira— «vaya usted al Google, busque los datos y sume». Dicirlle iso a un parlamento no que —eu insisto e non me cansarei de dicilo— reside a soberanía nacional deste país é un insulto; é un insulto, pero tamén é unha mostra máis da consideración que lle teñen vostedes a esta Cámara. (Aplausos.)

Vaia por diante que eu agardo, señora Ortega, que teña —con toda a sinceridade— mellor sorte a súa iniciativa que as últimas que temos presentado desde o noso grupo, ou que as respostas que vostede mesma recibiu ao artigo 9, que ten solicitado. Cando alguén insiste



tanto en vetar o acceso e o dereito de acceso á información pública é porque pretende ocultar algo ou porque non quere que algo se saiba. Porque, se todo está estupendo, se non hai ningún problema, se todo se fixo tan ben e non hai nada que ocultar, non hai razón ningunha para vetar unha e outra vez non só as iniciativas que se traen a esta Cámara, vulnerando os dereitos dos grupos parlamentarios, senón tamén buscando debaixo das pedras argumentos e xustificacións para impedir que as xornalistas, que os medios de comunicación —que son un dereito democrático desta sociedade—, accedan tamén pola Lei de transparencia. Isto, ademais, é un exemplo máis. Eu non me cansarei de repetir a carreira de obstáculos que tivemos que percorrer o Grupo Parlamentario do BNG e, nomeadamente, o meu compañeiro Iago Tabarés e mais eu para poder acceder á información solicitada a través do artigo 9, como foi a consulta dunha parte moi pequeniña dos expedientes sancionadores e actas de inspección, que tamén son información pública porque teñen a ver co tratamento que reciben persoas, seres humanos —non unha carretera, persoas—, en centros residenciais do noso país na súa inmensa maioría sostidos con fondos públicos.

Logo fálase aquí e danse golpes de peito de que nunha lei se inclúan órganos de control e de participación coma se, non sei, fose a festa da democracia. A min dábase a risa escoitando —e logo tamén me deterei máis nesta cuestión—, porque pasan vostedes polo arco do triunfo eses órganos de participación e de control. E para mostra, un botón, a Lei de medios audiovisuais públicos deste país, disposición adicional primeira, coa creación da autoridade audiovisual. Alí poñíanse seis meses. Van case dez anos e aínda seguimos esperando por ela. E tamén a Lei de servizos sociais, da que falamos agora e que prevé que sexa o Consello Galego de Benestar Social o espazo, o órgano de participación, no que se sometan a deliberación, a debate e á análise colectiva do conxunto da sociedade as políticas sociais do noso país. Ligo isto, falabamos de transparencia e tamén de participación, porque —dicía a señora Ortega— nos preocupa a falta de información sobre ese comité sociosanitario que creou a Xunta de Galiza *ad hoc*, á marxe da lei absolutamente; dicía que lle preocupaba a falta de información. A nós tamén nos preocupa, pero a xustificación, o argumento e a razón de por que se fan as cousas así coñecémoslos ben porque é a marca de auga dos gobernos do Partido Popular.

Cando un saca da manga un órgano que non ten a ver co que prevé a lexislación é para poder dar os debates de maneira teledirixida e sobre todo para decidir quen se senta e quen non nos espazos nos que se deben analizar as políticas públicas e os seus resultados, e tamén para decidir quen se senta e quen non á hora de deseñar un novo modelo de residencias que o Partido Popular e a Xunta de Galiza xa ten deseñado; é dicir, xa ten absolutamente deseñado. Debeu ser en outubro, aproximadamente, de 2020 cando nós trouxemos, entre outras, esta cuestión a debate neste pleno, e dixémolo. O obxectivo é facer que se fai, pero cambiar simplemente algunhas cousas para que todo siga practicamente igual. É ese Consello Galego de Benestar Social que está previsto no artigo 20 da Lei de servizos sociais o órgano superior consultivo e de participación do sistema galego de servizos sociais. E é dentro del que deben darse os debates e as análises e deseñarse as propostas de futuro, non só para o novo modelo de residencias senón para o novo modelo de atención ás persoas maiores e de coidados que deberíamos poñer en marcha neste país.

Querer sacar os debates deses órganos —insisto— previstos na lexislación só ten un obxectivo, que é que quen se sente na mesa lles dea a razón, ou, bueno, asinta ou dea a calada por



resposta e polo menos non se opoña a un novo modelo que —insisto— vostedes xa teñen deseñado.

Falaba de transparencia e de participación; pois, en terceiro lugar, de inspección. Volvo ao que dicía ao comezo. Non é unha decisión voluntaria de ningún goberno senón unha obriga legal cumprir con ese labor de fiscalización e de inspección dos centros públicos e, en xeral, de todos os servizos públicos. Pero máis aínda nun contexto como o galego, onde as prazas de residencias de maiores no 87 % —e imos falar bastante neste pleno disto— son privadas. Trátase de garantir, polo tanto, con esas inspeccións, o correcto funcionamento dos centros, das residencias, e sobre todo o cumprimento escrupuloso dos dereitos das persoas que nelas residen. Aí a función inspectora da Consellería de Política Social é clave. E ese labor de inspección e de control non se garante cando hai só sete inspectores para toda a área de dependencia, non só para as residencias de maiores. Son sete persoas para todo o país, para todos os centros que dependen da área de maiores e dependencia da Xunta de Galiza. Aí só sae a media, señorías, tendo en contra o número de prazas de residencias de maiores. Só de residencias de maiores dá unha media de 2.788 prazas por cada inspector ou inspectora. Insisto, só nas residencias de maiores, que non teñen que inspeccionar só as residencias de maiores, senón todos os servizos vinculados a esa área de dependencia. Só sete persoas, só sete, fai materialmente imposible cumprir coas obrigas de fiscalización que a Xunta ten e que os servizos de inspección deben desenvolver. E manter estes servizos así, escualidos absolutamente —se falamos de persoal e de traballadoras e traballadores—, é unha decisión política.

Claro, logo pasa o que pasa, que é imposible manter o necesario control, non só sobre o cumprimento das condicións dos contratos administrativos e da normativa máis básica en materia de atención ás persoas maiores que residen neles, senón tamén sobre garantir que se subsanan as irregularidades detectadas. Claro, se nunha inspección se constata que non hai persoal de atención directa suficiente, que se incumpren as ratios que fixa a normativa, pero logo a Administración non pasa por alí en tres anos, ¿aí estase cumprindo co labor, que é unha obriga —insisto— da propia Administración velar pola atención correcta e os dereitos fundamentais das persoas residentes? Xa lles dicimos desde o BNG que non. E isto é algo que constata o Consello de Contas no seu Informe de 2018. Non falamos dunha saba que estea máis ou menos desgastada porque a lavaron moito, estamos falando de persoal de atención directa que está ligado directamente ás condicións nas que viven as persoas que residen nas residencias de maiores.

Remato dicindo o que temos dito moitas veces desde o BNG: non podemos saír desta crise pola mesma porta que entramos, non podemos facelo. É unha obriga xa non política, senón —se mo permiten— ética e moral, e o único que vemos é que o Goberno e o Partido Popular o que intentan é que se pase páxina, que non se abran debates, que o que fagamos —como dicía a señora Ortega— sexa correr un tupido velo, coma se aquí non acontecese nada; pero o que levamos vivindo nos últimos catorce meses neste país non é para cruzarse de brazos e facer coma se nada pasase.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Quero empezar agradecendo as permanentes ofertas de colaboración que fan as súas señorías para mellorar o funcionamento e o modelo de residencias en Galicia, e agradézoo sinceramente.

O que debo lamentar é que os seus actos non se correspondan con esas palabras e que insistan vostedes permanentemente en cuestionar a actuación que a Administración galega desenvolveu nas residencias durante a pandemia e que converteu a Galicia na comunidade autónoma peninsular cos mellores resultados de supervivencia.

Chegouse a afirmar no anterior pleno que a explicación disto é que a covid chegou con atraso a Galicia, e todo isto por negar que foi Galicia quen se anticipou para combater a covid; anticipouse declarando a emerxencia sanitaria, mercando respiradores antes de que colapsara o mercado, contratando máis persoal e creando comisións interdepartamentais semanas antes de que a covid chegase. Galicia foi pioneira —e parece que iso molesta contalo— na creación de residencias integradas, ás que se desprazan os contaxiados —por certo, ao igual que aos hospitais— seguindo exclusivamente criterios médicos. Foi pioneira na creación de protocolos que foron sucesivamente actualizados, porque hai que recordar que estabamos ante un virus descoñecido do que aínda hoxe non coñecemos todo o seu comportamento. E hai que recordar cando a propia Organización Mundial da Saúde ou o doutor Simón negaban os contaxios a través de aerosois, que se demostrou posteriormente unha das principais vías de contaxio.

Fomos pioneiros na detección do virus mediante a análise de augas residuais —pioneiros, por certo, no conxunto de Europa—, como tamén fomos pioneiros no establecemento de cribados periódicos, de tests de antíxenos e de PCR, poñendo os primeiros á disposición permanente das residencias e facendo cribados semanais de PCR nestas instalacións. E fomos tamén pioneiros establecendo programas intensivos de auditorías covid para garantir o cumprimento dos protocolos e as medidas de protección nas residencias. A Xunta tutelou o cen por cento das residencias de Galicia e interveu naquelas que vivían situacións críticas, seguindo criterios sempre sanitarios, e así se interviñeron 14 centros.

Eu teño que lamentar que se cuestione o criterio profesional e dos profesionais no traslado de residentes tanto a centros intermedios como a hospitais, porque, señoría, todos, absolutamente todos, os expertos que compareceron na Comisión de Reactivación dixeron que había que tomar decisións individualizadamente, atendendo ás circunstancias de cada un deses contaxios en cada unha das súas residencias. E vostede segue cuestionando ese criterio, antepoñendo o seu ao dos profesionais, e di defender os traballadores mentres ataca as súas decisións. A min iso, señoría, si que me parece vergoñento.



Miren, namentres vostedes exixen en Galicia todo tipo de investigacións e datos, bloquean alá onde teñen responsabilidades calquera intento por coñecer a verdade do acontecido durante a pandemia. Propúxose unha comisión de investigación no Congreso, unha comisión na que se podían depurar as responsabilidades do Goberno de España, de todas as comunidades autónomas e dos xestores das residencias. Bloqueárona. Pedíuselles unha auditoría independente por parte de centos de profesionais sobre a xestión da covid do Estado e das comunidades autónomas e acordouse na Comisión Interterritorial, así o anunciou primeiro o ministro Illa e posteriormente a ministra Darias. ¿Saben algo desa auditoría independente?

Neste mesmo Parlamento, nesta Cámara, pedimos os datos comparados das residencias nas distintas comunidades autónomas, non porque nos interese o que fixeron, senón para coñecemento desta Cámara. Talvez vostedes os coñezan, eu non teño os datos aínda. Foi o único documento que lle pedimos ao Estado e aínda non se nos facilitou.

Pero o certo é que, a pesar deste descoñecemento, dos datos si coñecidos si se pode extraer que as residencias galegas tiveron un mellor comportamento que as do conxunto de España e de Europa, sen alardes, sen triunfalismos, simplemente sendo consecuentes cos datos.

Tivemos unha porcentaxe de falecidos respecto ao número de prazas existentes que é a menor de España. En Galicia o 4 %, fronte ao 10 % do resto da península Ibérica. Estamos mellor que Francia, que Austria, que o Reino Unido, que Suecia, que Estados Unidos e que Holanda.

O 34 % dicía a señora Rodil de vítimas de covid foron usuarios de residencias en Galicia —o 33 % tiña eu—. En España son 5 puntos máis, 5 puntos máis. Somos a comunidade con menor exceso de mortalidade en residencias da Península. E díxenllo, o menor exceso de mortalidade, (*O señor Pazos Couñago amosa unha gráfica.*) só por detrás de Canarias, que, comprenderemos todos, ten unha situación excepcional. Vostedes cren que isto é froito da casualidade. Eu lin o outro día un fragmento do informe que explica este dato. Leo hoxe de novo: «*Estas variacións en exceso de mortalidade en residencias entre comunidades autónomas son un reflexo de la gestión de la pandemia dentro y fuera de las residencias. Muchas defunciones se podrían haber evitado si hubiera existido un objetivo claro de reducir la probabilidad de invasión del virus en las residencias protegiendo a la población mayor con altísimo riesgo de mortalidad en caso de infección. España fue el país que menos protegió a las personas mayores de 70 años y a las personas cuyo domicilio era un centro sociosanitario. La falta de protección ha causado muertes prevenibles y prematuras en todas las comunidades de España, pero hay grandes diferencias entre comunidades autónomas que distinguen el buen hacer del mal hacer*».

Señoría, non son palabras nosas, son palabras dos expertos, e distinguen entre o bo facer e o mal facer. Creo que á vista das gráficas que eles aportan, o bo facer de Galicia simplemente é indiscutible.

Pero, señorías, Galicia vai continuar traballando e avanzando na desescalada da pandemia de maneira prudente, atendendo ás recomendacións duns profesionais que en Galicia son coñecidos, de recoñecido prestixio e que levan meses amosando a súa valía.



Fomos das primeiras comunidades en inmunizar os usuarios das residencias, e iso permitiu que tomásemos medidas máis permisivas e en función do avance positivo dos datos epidemiolóxicos. De maneira progresiva, de feito, no día de hoxe autorízanse saídas 5 días por semana e ata 4 horas cada saída e ademais desprazamentos á casa da familia, dos familiares, cun mínimo de 5 días, e retorno ao centro, previa PCR.

Señorías, dicíao a vicepresidenta, e nós compartímolo: teñen que voltar os bicos, teñen que voltar os abrazos, pero o que ten que permanecer tamén é a prudencia. A prudencia non se pode abandonar, e en Galicia estase facendo bandeira da prudencia.

O grupo parlamentario que representa a maioría tendeu a man; tendeu a man para construír xuntos un novo modelo de atención para os nosos maiores. Eu lamento ter que dicir que vostedes confundiron este ofrecemento sincero cun cheque en branco para a demagogia; laméntoo.

Piden vostedes un debate sobre o novo modelo residencial. Creamos unha comisión para iso. A esa comisión a Xunta, a Consellería de Política Social, remitiu un primeiro informe, un informe sobre liñas xerais do novo modelo de residencias onde se marcaban tres piares. Ben, a vostedes pareceralles mellor ou peor o informe. Eu pregunto: ¿cantas aportacións fixeron vostedes respecto deste informe? Ningunha, absolutamente ningunha. Roldas de prensa, si; aportacións no Parlamento, non.

Pídenos vostedes que alcancemos a media de inspectores. Eu non digo que non haxa que mellorar o servizo de inspección, pero non digan que hai sete inspectores para todo o departamento de Política Social... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, dezasete. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Son dezasete inspectores e, polo tanto, pódese considerar que é mellorable, eu non o discuto, seguro que é mellorable, todo é mellorable; pero non son sete, son dezasete.

Pídese que fagamos unha investigación do acontecido nas residencias. Está acordada no seo da Comisión Interterritorial, e tena que facer o Goberno de España. Fágana. ¡Se ademais están incluídas nese informe obrigatoriamente todas as comunidades autónomas! ¿Por que non a fan?

Pero é que, a maiores, nese informe ao que vostedes non fixeron achegas, se lles informa de que a Xunta está realizando, conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela, un informe sobre o comportamento da covid nas residencias durante a pandemia. Eu pregunto: hai un estudo que se ten que realizar a nivel nacional e outro que se está facendo en Galicia da man da USC. ¿Cal deles non lles merece confianza? ¿Cal deles é o que cren vostedes que non se vai axustar á realidade do que aconteceu nas residencias?

Mire, e o último é pedir información. O que lle dixo a conselleira foi que xa fora facilitada diariamente atendendo ao interese público durante toda a pandemia. Polo tanto, o que quería translucir a conselleira é que non houbo ningunha vontade de ocultamento. Agora, xa lle dixen eu tamén nese debate que tivemos na Comisión que para que se lle volvan facilitar de maneira esquematizada eses datos teñen que cumprirse unha serie de procedementos, que



inclúen tamén prazos e recursos a terceiros afectados. E vostedes o que me dixeron é que ¡home!, porque o paralizan terceiros. ¡É que é unha obriga legal! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Pero vostedes que están pedindo?, ¿que non se cumpra a lei? Porque hai que cumprir a Lei de transparencia e hai que cumprir tamén a de protección de datos. E, polo tanto, iso é o que hai que atender. E xa se lles dixo: cando se resolva, facilitaranse. E xa lles dixen e xa lles anunciei eu que se quen ten que resolver a última decisión é a Xunta de Galicia van dispor de todos eses datos, porque llelo dixen entón e llelo digo hoxe.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—remato xa, presidente—.

Cando todo isto finalice, cando se faga ese estudo, veremos o que fixo cada un e cada un renderá contas. Eu teño o convencemento persoal baseado en todos os datos que coñecemos de que Galicia sairá ben parada dese exame e de que os galegos estaremos francamente orgullosos —que seguro que nunca satisfeitos— do comportamento que mantivemos todos durante esa pandemia tan dura, que oxalá pronto superemos definitivamente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PAZOS COUÑADO: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, señor presidente.

Quero facer un exercicio de empatía e poñerme na situación do representante do Partido Popular porque ten que ser un verdadeiro papelón ter que saír aquí defender o indefendible. ¡Ten que ser un papelón! (*Aplausos.*)

Vostede sabe perfectamente que non é verdade, que os datos están en mans do Goberno galego e que os ten que aportar; que é o seu deber e que os ten que aportar. Cando un representante da cidadanía os solicita, o deber como Goberno galego é aportar os datos; se non, está faltando ao seu deber. Vostede sábeo perfectamente. Non sei como pode saír aquí e dicir as palabras que acabamos de escoitar.

Dixo que Galicia foi pioneira nas residencias integradas. Claro que si, iso foi unha boa medida. Pero, ¿por que non se usaron en todos os casos positivos en Galicia, señorías do Partido Popular? ¿Por que?

E encima teñen a cara de botar as culpas aos médicos unha vez máis, tal e como fixo a conselleira. ¿De que criterio médico fala? É unha responsabilidade de decisión política, señorías



do Partido Popular. ¡É unha decisión política! (*Aplausos.*) Non se escuden detrás dos profesionais. Por responsabilidade, deixen de inmolarse os profesionais para librarse das culpas, porque é irresponsable, indecente e covarde. Se Galicia fixo as cousas ben, señorías do Partido Popular, ¿por que non aportan os datos?, ¿por que non aportan os datos de falecementos e os datos das persoas nas residencias de maiores que tiveron síntomas compatibles pero sen proba diagnóstica, que están na súa posesión e que tiñan o reporte diario de todos os centros? ¿Por que non pasan eses datos, señorías do Partido Popular? ¡Coherencia e decencia, por favor!

E falaba tamén do Estado. Voulle recordar algo que é evidente, pero parece que, como non teñen outra saída, pois teñen que argumentar como poden. A Comunidade Autónoma de Galicia —igual que o resto, pero en concreto a de Galicia—, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía para Galicia, en concordancia co artigo 148.1.20º da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais e, polo tanto, das residencias ante, durante e despois da covid, señorías do Partido Popular. Polo tanto, o informe investigador ten que vir da man do Goberno galego, que é quen sabe perfectamente que aconteceu nas residencias, cales foron as restricións, se as restricións consistiron en pechar as persoas maiores dentro das súas habitacións ou non, canto tempo ao día e cantos días, entre outras cuestións, se se derivaron, cantos casos, e cantos non se derivaron a residencias integradas ou hospitais permanecendo nas residencias. Esa información está en posesión do Goberno galego. Polo tanto, teñen que facer un informe investigador ao cal a cidadanía galega ten dereito.

Non sei o que lles fai graza. Estamos falando dun tema serio, señorías do Partido Popular, non creo que sexa motivo de risa. (*Murmurios.*)

O discurso da señora conselleira o pasado pleno vai en concordancia co do representante do Partido Popular, que agora está rindo. Foi un desafortunado e triste intento de correr un tupido velo sobre o que aconteceu nas residencias en Galicia, intentando que nos esquezamos e pasemos páxina, sen sequera saír da pandemia e sen ter datos sobre o que aconteceu nelas. Díxenllo e repítollo hoxe: a frialdade e a prepotencia de mandar a Google a buscar datos que non existen a unha representante da cidadanía non son boas para dirixir as políticas sociais deste país, señorías do Partido Popular.

Esta semana vivimos novos contaxios nas residencias e, afortunadamente, non existiron casos graves, e iso vaticina tamén o éxito das vacinas chegadas a Galicia. Pero o *modus operandi* da Consellería non mudou. O Goberno galego seguiu actuando da mesma forma. De feito, tivemos que revivir unha vez máis as medidas restritivas, moi duras, por exemplo, en Chantada, por non efectuar un protocolo de evacuación de todos os positivos que puidese evitar este confinamento nas habitacións das persoas. Hai que ter en conta que estamos a falar do primeiro núcleo de poboación inmunizado que leva máis dun ano confinado nas residencias, e nos últimos meses con visitas moi limitadas. Do primeiro núcleo inmunizado esperemos, porque, segundo os medios, a Asociación de Traballadores de Residencias en Galicia textualmente indica que cando dixeron que as residencias galegas estaban vacinadas ao cen por cento era mentira. Teñen que aclarar isto. (*A señora Ortega Otero mostra un documento.*)



Na miña primeira intervención lía o escrito que nos remitiu a todos os grupos María, a filla dunha muller falecida por covid nunha residencia de maiores. Falaba de «empatía e xenerosidade», pero eu engado «deber e responsabilidade». Falaba da necesidade, como familiar afectada, de obter os datos que aconteceron nas residencias de maiores para non relegar ao esquecemento as vítimas desta pandemia. Trátase dunha necesidade e dun deber que temos coa cidadanía galega. Precisamos un informe investigador, precisamos os datos de cada centro, precisamos un protocolo preventivo, precisamos máis persoal nos equipos de inspección, precisamos avaliar as consecuencias da restrición nos residentes, precisamos máis persoal nas residencias e que se cumpran escrupulosamente as normativas, precisamos empatía, poñernos no lugar das familias...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ORTEGA OTERO: ...dos maiores que residen nos centros.

Señorías, unha de cada tres persoas falecidas en toda Galicia por covid fíxoo nunha residencia. Temos que prepararnos para que non volva acontecer, temos que blindar as persoas maiores. Non nos pidan que calemos porque non o imos facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Sobre a emenda...

A señora ORTEGA OTERO: ...nin nos cansaremos de insistir, porque iso non pasará. Seguiremos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda do BNG...? ¿Acepta a emenda?

A señora ORTEGA OTERO: Si, aceptamos, señor presidente, a emenda porque enriquece a nosa proposta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Monserrat Prado Cores, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.



Pois seguimos falando de atención primaria. O BNG trae hoxe aquí unha moción que deriva da interpelación feita no anterior pleno ao conselleiro de Sanidade sobre a situación da atención primaria; unha interpelación na que o conselleiro, ao igual que hoxe volveu facer, persiste en darlle vixencia a un plan de atención primaria 2019–2021 que non supuxo absolutamente ningún avance, cunha dotación orzamentaria insuficiente antes da pandemia, 2019, e, evidentemente, agora moito máis insuficiente aínda.

E a evidencia de que é insuficiente é que as listas de espera son unha constante, con tempos de espera que en moitos centros de saúde superan as dúas semanas, con listas de espera para a atención presencial e listas de espera para a atención telefónica; unha atención primaria con limitacións á atención presencial e con falla de persoal, cando, precisamente, a atención primaria tiña que caracterizarse pola accesibilidade e a continuidade. Restringida a demanda presencial nos centros de saúde, foi unha resposta fronte á pandemia por seguridade, para evitar contaxios, mais tamén unha consecuencia da precariedade de recursos humanos e estruturais pola insuficiencia de persoal para dar resposta e que nós, dende logo no BNG, consideramos que non pode persistir indefinidamente, por moito que o Partido Popular insista en que a atención telefónica veu para quedar, pretendendo con iso tapar a falta de profesionais e pretendendo substituír esa necesidade de profesionais coa consulta telefónica.

Por iso, nos primeiros puntos da moción que presentamos hoxe o que demandamos é esa atención presencial, o cen por cento da atención presencial de todas aquelas persoas que a precisen, o cen por cento da atención presencial de todas as persoas que consideren que necesitan ese contacto directo cos seus profesionais, e establecer protocolos claros e unificados de aplicación á atención primaria para toda Galiza. Cremos que é necesario que todos os galegos e todas as galegas saiban en que condicións poden solicitar a atención presencial e para que usos queda restringida a atención telefónica. Cremos que é preciso para unha boa calidade asistencial e que é preciso para non estar confundindo a poboación e para que non haxa as dificultades e as inequidades que existen nestes momentos para acceder a esa atención presencial.

E cremos que hai que garantir a atención telefónica en tempo e forma, e para iso é preciso aumentar o número de profesionais precisos para que esa atención telefónica e ese aumento da atención telefónica, das chamadas telefónicas aos centros de saúde —hai unha multiplicación das chamadas: chamada para pedir cita, chamada logo para que o médico faga a consulta, chamada de novo para dar nova cita...—, se melloren. Evidentemente, e para iso son precisas novas liñas, mellores liñas, e son precisos máis profesionais, para que a poboación estea atendida. Porque, por moito que intenten darlle a volta ás cuestións, a responsabilidade de solucionar as demoras e a presencialidade, en atención primaria, é do Sergas; non é unha responsabilidade dos nin das profesionais. E a falta de presencialidade non se soluciona impoñendo porcentaxes ou ameazando o persoal con cobrar menos. A presencialidade garátese poñendo recursos e poñendo máis persoal. Así é como se garante facelo, e non responsabilizando os profesionais. E a Consellería ten que garantir esa presencialidade e eliminar esa lista de espera tanto para as presenciais como para as telefónicas, porque insisto en que neste momento hai demoras de ata dúas semanas para que unha consulta sexa realizada telefonicamente.



E hai que resolvelo con plans de recuperación da actividade presencial, con axendas reais, non infinitas nin imprevisibles, con axendas que permitan que as persoas poidan ser atendidas por profesionais co tempo necesario para esa atención e cos recursos e as capacidades de resolución necesarias para resolver os problemas das persoas que acoden ás consultas.

As listas de espera en atención primaria, para consulta presencial ou telefónica, non son culpa dos profesionais, son consecuencia, como dixen, dese incremento da actividade relacionado coa pandemia e que veu sumarse ás necesidades anteriores; son consecuencia de profesionais saturadas, traballando en condicións de incerteza xerada pola presión asistencial; son consecuencia da situación crítica na que se atopaba a atención primaria antes da pandemia e agora multiplicada; son consecuencia de ter que dirixir unha parte moi importante dos xa escasos recursos existentes para o control da pandemia, de ter que dar resposta a todo o que tiñan de antes, á cronicidade e a toda a demanda, aumentada por cribados, por vacinación, por asistencia de todas as persoas que pasan a covid nos seus domicilios; son consecuencia da política e da xestión de recursos humanos da Consellería de Sanidade, que precariza as condicións de traballo e obriga a marchar os profesionais de medicina de familia, de pediatría ou de enfermería, que está tendo como consecuencia que non teñamos relevo en moitas destes colectivos.

Dicía o conselleiro na comparecencia que non poden formar máis profesionais, e o que fan é poñerlle alfombra vermella para que os que hai e se forman marchen, para que marchen coas condicións que lles ofrecen. Eu, desde logo, levo escoitando ou lendo estupefacta este novo argumento que introduciu o novo Partido Popular de que aos médicos de familia se lles ofrece un contrato cuns salarios parece que astronómicos. Eu non sei se o que pretende o Partido Popular dicindo o que teñen é que traballen sen cobrar; é dicir, que fagan o seu traballo sen cobrar, porque non atopo outra explicación a que estean publicando os salarios dos profesionais. (*Aplausos.*) ¡Só faltaría que, ademais da inestabilidade, que ademais de estar hoxe aquí e mañá noutro lado, de non saber, de contratalos de luns a venres, de facer toda esta serie de cuestións, que por enriba pretendan que traballen sen cobrar! Dende logo, paréceme bastante inexplicable. Xa lle preguntei antes: se lle parecen tan boas as condicións, ¿por que cre que marcha o persoal? Gustaríame que logo nolo explicara, señora deputada do Partido Popular, se é vostede quen vai vir intervir nesta moción; que nos explicara por que non queda unha inmensa maioría dos profesionais que formamos con cartos e recursos dos galegos e das galegas e se cren que é por facer turismo ou non se sabe que cousas. Desde logo, insisto, creo que ten máis a ver coas condicións laborais que lles ofrece o Partido Popular desde a Xunta de Galicia. E, evidentemente, as listas de espera son consecuencia de non realizarse as substitucións das profesionais ausentes e de que segue pasando que un profesional ten que facer substitucións e atender a consulta de varios profesionais.

Dende logo, nós consideramos que é urxente implementar unha estratexia que permita normalizar a atención primaria, que non é o mesmo que volver á situación anterior á pandemia, de axendas interminables e de masificación, senón que é preciso tomar medias para que a atención primaria dispoña deses profesionais, de recursos e de capacidade de toma de decisións que permitan atender as demandas da poboación, e para facelo é preciso, primeiro, ter unha diagnose de cal é a situación.



Por iso demandamos nesta moción un informe que recolla a situación do centro de saúde, cal é toda esa demanda, todos os profesionais que non se dan substituído, todos os profesionais que faltan, todo ese esforzo que están facendo os profesionais, cal é o tempo real de demora para atender as consultas, pero tamén as analíticas e para atender a relación de profesionais que non foron substituídos. É preciso ter esa información e é preciso ter un plan de ordenación de recursos humanos. É necesario saber a que nos enfrontamos, é necesario saber cal é a situación dos profesionais, é necesario saber cantos se van xubilar e cando, é necesario saber que prazas estruturais están cubertas con persoal fixo ou con persoal eventual, que tipo de eventualidade, que tipo de contratos para logo poder tomar as medidas acordadas con esa situación. E o Partido Popular segue insistindo, segue sen dar esa información nin en sede parlamentaria nin, dende logo, aos representantes dos traballadores e traballadoras, porque na sanidade pública hai unha elevada porcentaxe de persoas contratadas. Nalgúns servizos é máis o persoal eventual e contratado que o persoal fixo; esa é a realidade de moitos sitios. E atopámonos con que nos vindeiros anos se van producir moitas xubilacións. Por exemplo, nas matronas, nos vindeiros catro anos, vanse xubilar o 75 % das que hai na sanidade pública; nos médicos de familia prevese tamén que nos vindeiros cinco anos se xubile o 30 % dos existentes; e en enfermería tamén hai un número moi importante deste persoal que se vai xubilar. E para todo iso hai que saber que planificación vai haber, como se vai repoñer ese persoal e as prazas a maiores que é necesario implementar polo aumento da demanda.

Por iso demandamos a posta en marcha dun plan de mellora da atención primaria que empece por modificar o Decreto das áreas sanitarias. Si, seguimos demandando unha atención primaria con capacidade de decisión orzamentaria e de recursos, con dirección propia e con xerencias propias. Porque para que a atención primaria sexa o eixo vertebrador do sistema sanitario, como di o Partido Popular, non pode estar secundarizada a sanidade da atención hospitalaria, ten que ter capacidade de decisión, ten que ter capacidade de actuación, e para iso é preciso tamén orzamento, é preciso ir aumentando os orzamentos ata chegar a ese 25 % que todos os expertos din que é o necesario para ter unha atención primaria con estas condicións de resolución. Para iso é o orzamento.

E, volvo insistir, destinen os 204 millóns de euros da devolución do IVE integramente á atención primaria para poñer medidas en marcha que solucionen os problemas que ten a atención primaria, porque están moi ben os anuncios, pero uns anuncios que non se sustentan logo en recursos e en medidas son anuncios de titular e non se compadecen, logo, coa realidade.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: É necesario incrementar o número de profesionais en todas as categorías, incluído o persoal de limpeza; é necesario incorporar a carteira de servizos de atención primaria con categorías imprescindibles para prestar unha atención de calidade e é preciso aumentar a psicoloxía clínica, xa que o 30 % das consultas de atención primaria son consultas relacionadas coa saúde mental.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PRADO CORES: É preciso aumentar eses profesionais e poñer en marcha a carteira de servizos deses profesionais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...para que poidan actuar con independencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...da visita ao médico de familia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Agardo o voto favorable para esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Antes de iniciar, permítanme un comentario, e é que non podo evitar falar sobre o que vimos debatendo esta mañá. Hai uns minutos dixo aquí o señor conselleiro e reprochou que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, dixera algo así como que en tres meses acadaríamos a ansiada cifra do 70 % de vacinación; e afeouno —dixo— porque non se poden andar facendo anuncios alegres. Xusto neses mesmos momentos, neses mesmos minutos, o señor Feijóo estaba anunciando publicamente que el cre que en menos de dous meses poderemos ir sen máscaras pola rúa. A vostedes vailles parecer moi mal o que di Pedro Sánchez, pero vailles parecer moi ben o que di o señor Feijóo, e iso é porque vostedes viven nun hooliganismo insoportable. (*Aplausos.*) E valla o comentario para dicir que oxalá os dous teñan razón.

Respecto da moción que se trae hoxe sobre a atención primaria, bueno, nós imos estar a favor da moción que trae hoxe o BNG, como estamos habitualmente a favor de todas as medidas que se plantexan aquí para a mellora da atención primaria. É certo, como sabe o BNG, que compartimos unha boa parte da diagnose. Nalgunhas cousas podemos ter algunha cuestión de matiz, pero ese matiz que podemos ter sobre esta moción, en termos de concreción ou de orientación, non ten a entidade suficiente como para non apoiála nin sequera sen unha emenda. Porque cremos que a defensa que fai o BNG da atención primaria, en termos xerais, vai enlazada coa que vén facendo moita parte da cidadanía e boa parte dos profesionais. E, dende logo, nós cremos que aí se recollen tamén algunhas das cuestións obxectivo.



Nós temos as nosas propostas, nalgunhas cousas máis concretas, outras máis matizadas, como dicimos, pero, en xeral, compartímolo. ¿Por que? Porque a atención primaria é probablemente agora mesmo o problema central que temos no noso sistema sanitario. E dicimos o problema central porque, sendo necesariamente o nivel asistencial que máis potencia debería ter, pois é, probablemente, o que máis problemas sofre por parte da xestión do Sergas. E non é de agora, senón que xa o era prepandemia; xa o era prepandemia durante moitos anos, e agora sinxelamente vemos saltar polos aires as cousas que xa viñamos anunciando dende hai tempo.

Na pandemia, ademais, a atención primaria xogou un papel fundamental. Foi absolutamente resolutiva, tivo que enfrontar unha situación de incerteza; de incerteza para os profesionais. E, ao final, a cidadanía acode ou tenta consultar en primeira medida os seus médicos ou médicas de atención primaria e os profesionais dos centros de saúde. E estes víronse —moitas veces sen ferramentas— cos primeiros plans de cribado que se lles plantexou que había que facer, pero sen consultalos, e con decisións que tomou o Sergas sobre os centros de saúde nas que tampouco se lles consultou. Ao final, víronse fóra da toma de decisións, pero tendo que executar algunhas cuestións que eles ou elas mesmos plantexaban como moi difíciles pero para as que ninguén os escoitou en realidade.

Froito diso, por exemplo, están os acordos de xestión, os mal chamados «acordos de xestión», porque un coñece o termo «acordo de xestión», e o último que pensa é que non sexa un acordo —isto é unha curiosidade; o eufemismo das palabras é fantástico—. Chámanse acordos de xestión, pero redáctanse na Consellería e envíaselles aos profesionais, que non poden negociarlos; son unha imposición de xestión. E nós o que plantexamos, en primeiro lugar, é que se retiren os últimos mal chamados acordos de xestión que se plantexaron. ¿Por que? Porque están culpabilizando dos problemas os profesionais, e iso non é aceptable. Os profesionais de primaria fan un traballo encomiable, todas e todos eles, e non basta con dicilo aquí; o que hai que facer é botarlles menos flores e máis capítulo I. Esta é a realidade da xestión. ¿Por que? Porque se, ao final, o que estamos trasladando e o que están trasladando —ou intentándoo dende a Consellería ou dende o Sergas— neste Goberno Feijóo é dicir que non hai tanta atención e presencialidade como a cidadanía quere por culpa de que os profesionais non a queren, o que están facendo é botándolles a eles a pelota no seu tellado, e iso é inaceptable.

A atención primaria ten problemas, pero, fronte á posible solución ou o posible encamiñamento dalgunhas ideas, dalgúns novos modelos, levamos anos escoitando a reformulación do sistema. E a verdade é que reformulación do sistema é como o conto do lobo: se tanto falamos da reformulación, pero nunca vén, igual vai chegar un día en que exista algún cambio e ninguén se dea de conta, porque, ao final, a realidade é que durante anos nós vimos vendo como se elaboran documentos e se convocan grupos de traballo. Xa saben aquilo de: se vos tede quere que algo non avance, cree unha comisión. O Sergas creou quince —non é un dato aleatorio—, quince á vez. Se queres que algo non funcione, convoca unha comisión; e cando convocan quince, é unha declaración de intencións tamén.

Ao final, todo está escrito. A cuestión —que llela trasladan aos profesionais, e ao Sergas tamén lla trasladan, pero o problema do Sergas é que quere demorar a solución—, o pro-



blema, non é saber o que hai que facer. Xa todos sabemos o que hai que facer coa atención primaria, pero a cuestión está en facelo. É natural nun partido conservador conservar, pero igual neste caso ata había que ser un pouco menos conservadores. ¿Cal é o problema da atención primaria? O problema da atención primaria é que ninguén a atendeu nos últimos anos como merece para que a atención primaria atenda a cidadanía como merece. ¿E onde está o problema? O problema está en que é unha atención cun nivel asistencial «médico-centrista», absolutamente «médico-centrista». O médico ou a médica fai: persoal de triaxe —porque é o primeiro que contacta coa xente e ten que decidir a quen lle corresponde—, ten que coordinar os horarios do resto de profesionais dos equipos, fai traballo administrativo, fai moitas veces traballo de acompañamento, de seguimento, fai en moitas ocasións traballo de saúde mental —que non lle corresponde—... Ao final, van acabar pedíndolles aos médicos e médicas que sexan os que limpen o centro de saúde e os que abran a porta, porque lles están pedindo tantas cousas que xa o último que poden facer en moitas ocasións é clínica.

¿Cal é o modelo real da atención primaria? É un modelo —como din os documentos que vostedes xa teñen—, un documento, que existe, elaborado; unha análise do sistema por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde. Iso nós compartímolos e dixemos aquí, dende o primeiro momento, que o compartiamos. O noso grupo e eu, como voceiro de sanidade do meu grupo, tiven oportunidade de traer a este Parlamento e de dicir que nós apoiariamos calquera planificación de atención primaria que trasladase a situación actual cara a unha situación futura que levase a ese camiño, a ese camiño que plantexa un documento, un modelo ou un traballo que di cousas que levamos dicindo moito, moito tempo: que necesitamos unha dirección específica de atención primaria con orzamento e capacidade de xestión, non ningunha, como estivo nalgún momento, ou non inexistente, como foi ata hai pouco. Necesitamos direccións de atención primaria e que teñan orzamentos e capacidade de xestión. ¿Para que? Para que poidan tomar decisións en función das necesidades da primaria. ¿Que necesitamos nos centros de saúde? Necesitamos equipos multidisciplinares. Este é un termo fantástico, vale para todo: «equipos multidisciplinares». Todo o mundo o repite pero, ¿que significa para o Sergas? —que parece que o Sergas necesita quince comisións para averigualo—. Pois significa que os médicos e as médicas fagan traballo clínico de medicina, pero que os enfermeiros e as enfermeiras desenvolvan toda a súa capacitación —que é moitísima, que é moi ampla— para facer un traballo enorme, que poden facer; que teñamos verdadeiro número de prazas de fisioterapia nos centros de saúde; que teñamos a conexión cos servizos de saúde mental, porque son un elemento, un factor decisivo, na capacidade de resolver problemas que afectan e que por somatización acaban en problemas de saúde mental ou en problemas de atención primaria. Pola sintomatoloxía ou as sensacións que teñen os pacientes, non son tan fáciles de detectar en moitas ocasións como para saber se son de saúde mental ou non.

E necesitamos administrativos. Aquí, na lexislatura pasada, un voceiro de sanidade do Partido Popular case intentaba como menosprezar que eu dixera que unha das solucións eran os administrativos. E claro que o son. Falo de administrativos formados na xestión do sistema sanitario. ¿Por que? Porque practicamente o 30 % do traballo dos médicos e médicas está en ámbitos burocráticos: está en informatizar, está en pasar datos... Se nós os liberamos dese traballo con profesionais que saiban facelo perfectamente, estamos gañando o 30 % do traballo dos nosos médicos e médicas.



Por tanto, necesitamos un modelo, de verdade, con profesionais de triaxe —a figura do profesional de triaxe nos centros de saúde é necesaria— e necesitamos, de verdade, máis persoal. ¿Por que? Porque, se temos máis persoal en primaria, multiplicamos a capacidade resolutiva, e, multiplicando a capacidade resolutiva do sistema de primaria, desafogamos os hospitais, que se poderán dedicar con maior claridade a resolver os problemas que necesitan de especialización e non a desafogar co seu traballo e a súa capacidade. Urxencias e o día a día. Necesitamos atender as urxencias, pero necesitamos que o sistema poida atender algo máis que as urxencias. Estamos indo por detrás das necesidades.

Este sistema está, ao final, reaccionando ben no que corresponde aos profesionais, pero a pesar dos seus dirixentes. Isto non pode volver ocorrer; temos xa as posibles solucións. Claro que é unha cuestión de máis recursos, pero é unha cuestión tamén de mellor organización, de dotalos de capacitacións, de que se amplíen as posibilidades de solicitar probas diagnósticas e de que os profesionais de primaria teñan a capacidade de decisión, que agora non teñen, porque non teñen toda a que merecen. Os centros de saúde non poden ser sacos sen fondo a onde vaia todo o mundo, e, ao final, aquel que nalgún momento se decida, que vaia ao hospital, e aí xa veremos. Os centros de saúde non son sacos sen fondo, non podemos traballar nese sentido.

Podemos dobrar turnos, pero hai que traballar ben cos profesionais, remuneralos correctamente. Necesitamos máis profesionais, e para iso podería virnos ben que ocupáramos todas as prazas MIR que tivemos a oportunidade de ocupar en Galicia. ¿Saben que pasa? Que dende o 2009 existían 150 prazas MIR para Medicina Familiar e Comunitaria en Galicia que non se cubriron, que se podían demandar e non se cubriron. ¿Por que? Por unha decisión política, porque este goberno decidiu que non se convocaban todas. E no acumulado hai 150 médicos e médicas de primaria que hoxe podían terse formado en Galicia e que non están. ¿Que pasa despois cando se forman? Que non chega ao 20 % a contratación estable dos médicos e médicas de primaria. Porque cinco anos despois de acabar o MIR en primaria só o 20 % como moito —dependendo do ano— están contratados de maneira estable no sistema público de saúde de Galicia. O resto, o 80 %, ¿onde están? Fóra, repetindo o MIR, ou traballando na privada. Non é aceptable este sistema onde temos un déficit de profesionais cando nós estamos desprestixiando profesionais, desprazando profesionais e mandándoos para fóra con contratos que non son aceptables. Porque non é posible falar de estabilidade con contratos dun ano, non é posible falar de estabilidade con contratos nos que non che din onde vas traballar mañá e non é posible falar de estabilidade cando o sistema necesita profesionais, existen os profesionais e o sistema non os contrata.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, está escrito o que necesitamos en primaria, unicamente hai que poñerse a facelo, pero aí o Sergas demostrou —e este Goberno Feijóo demostrou varias veces— que, sabendo o que hai que facer, non o quere facer, e iso non é unha cuestión técnica...

O señor PRESIDENTE: Grazas.



O señor TORRADO QUINTELA: ...é unha decisión política, a súa decisión política.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

Hai doce anos que o Partido Popular leva coas rendas da sanidade pública; doce anos de xestión, de melloras e de crecemento. Aínda seguimos crecendo, a pesar de que a situación económica era moi crítica e complicada nas últimas décadas —estamos a falar do ano 2009— e tamén nestes momentos, cunha situación impensable. Nunca imaxinamos que a chegada desta pandemia fose modificar tanto as nosas vidas en todos os ámbitos, tanto sociais como económicos e sanitarios.

Estes últimos meses obrigaron a modificar todas as previsións e a organización no ámbito sanitario, e aí estivo a Xunta de Galicia. A pesar disto, en Galicia este ano contamos cun orzamento que se incrementou na atención primaria nun 11,2 % e que supón o 31,2 % do presuposto global da Consellería.

Señorías, os orzamentos son públicos. Aparquen xa ese vello mantra dos recortes. Van 100 millóns de euros investidos en infraestruturas en atención primaria desde o ano 2009.

Señora Prado, na súa moción pide plans. Temos unha consellería que se ocupa e se preocupa dos problemas e da tensión que se produce na sanidade. Xa antes da pandemia, no ano 2019, baixo a xestión do anterior conselleiro, se detectaron problemas na atención primaria, e buscáronse solucións. Traballouse nun plan para a atención primaria, un plan que foi consensuado cos profesionais da primaria, e os obxectivos foron pactados con eles. Este plan responde ás necesidades de modificar as formas de traballo da organización, ao aumento das patoloxías a tratar, á complexidade destas e á pluripatoloxía, xa que as necesidades cambiaron. Vivimos nunha comunidade cunha poboación moi envellecida, e os modelos asistenciais tamén teñen que adaptarse aos tempos. E así se entendeu.

Constituíronse 10 grupos de traballo, señor Torrado; grupos que traballan con 123 profesionais, ademais de contar tamén cos colexios profesionais e as sociedades científicas, especialmente as de atención primaria. Marcáronse 7 liñas estratéxicas e 52 obxectivos, fixéronse 200 accións prioritarias, e destas o 100 % das accións a curto prazo están iniciadas e o 96 % finalizadas; e do 88 % das accións a medio prazo o 88 % están iniciadas e o 32 % xa rematadas. Todo isto, señorías, inmersos nunha pandemia que fixo moi difícil poder avanzar en determinadas cuestións.



Acadouse o 100 % das 45 novas prazas que se crearon no ano 2019 e cubríronse o 80 % das 112 prazas creadas en 2020. E, neste momento, estase en proceso para cubrir 161 novas prazas creadas en 2021. Estou falando de recursos humanos. En total, señorías, 309 novas prazas en atención primaria, o que supuxo un investimento de 8,6 millóns de euros executados tamén na atención primaria.

Para o seguimento do plan cóntase cun consello técnico de atención primaria, un grupo independente de expertos que verifiquen que se están dando os pasos que se fixaron por parte dos grupos de traballo galegos, eses que vostedes cuestionan.

Paralelamente, na Consellería de Sanidade desenvolvéronse tamén os obxectivos fixados a través do documento *Por unha primaria vertebradora do sistema de saúde*, elaborado por 16 expertos independentes en atención primaria. O documento avoga por unha maior autonomía dos centros e tamén aposta por innovar e xestionar recursos humanos a nivel local, así como permitir novas asignacións de funcións entre profesionais, e tamén por mellorar a xestión da demanda de cara a unha mellor monitorización, co fin de optimizar mellor os recursos. Ademais, propón a potenciación das figuras dos xefes e coordinadores de servizos. Tanto o plan como o documento vertebrador teñen como obxectivo común o fortalecemento da atención primaria. Por certo, un propósito fixado tamén polo presidente Feijóo en varias ocasións.

No marco do que nos fixa tanto o plan como o documento vertebrador, o Sergas está analizando agora coas distintas áreas sanitarias un documento base para os futuros plans de saúde local que aprobaría cada servizo de primaria e que deben de contar cun proxecto específico adaptado ás necesidades de todo o territorio, porque non se pode facer un para toda Galicia, xa que cada territorio ten as súas necesidades, e non ten nada que ver un centro de saúde do centro da Coruña cun da montaña de Cervantes, por exemplo.

Neses documentos e neses proxectos específicos van recollerse uns obxectivos a medio prazo, entre os que deben de figurar —e está previsto— reducir a saturación das axendas, a abordaxe da xestión da demanda e a relación entre a primaria, a hospitalaria, os servizos sociais e a comunidade. Tanto o plan como o documento vertebrador teñen como obxectivo común o fortalecemento da atención primaria.

E pregúntanse por que marcha o persoal. Pois, mire, aquí hai contratos de estabilidade, hai unhas OPE que se convocan anualmente, pero, cando un fai a residencia nun sitio, un é libre de quedar nese sitio ou de voltar aos seus... (*Murmurios.*) Diñeiro tamén. Xa falei diso anteriormente, diso que a vostedes lles parece moi precario, deses contratos de 62.500 euros ao ano. Eu, claro, iso non o entendo como precariedade, pero ben...

Aquí séguese falando da presencialidade e da cita telefónica. Había o obxectivo ese do 40 % ao rematar o pasado ano, un obxectivo que se cumpriu. Agora fixouse iso do 60 %. E eu non sei... Ben, vou repetilo, vostedes queren esa presencialidade do 100 %. Pois non pode ser así, porque estamos vivindo épocas de pandemia e, xa o dixeran, desde o ano 2013 estamos traballando coa cita telefónica e hai moitas cuestións que, créanme —créanme porque eu as vivo—, se resolven por medio dunha cita telefónica e que ademais os pacientes o aceptan de



bo agrado. Porque eu, cando simplemente quero ver unha analítica dun paciente, non fai falta que veña desde Meira a Lugo para que eu lle vexa a analítica, ao mellor, o resolvo por teléfono e el agradáceo. Pero cando ten un problema de saúde, calquera médico que traballe en calquera punto deste país, se o paciente lle di que ten que velo, pois veo. Iso é así. Desde logo, ninguén queda sen ser atendido, e non imos ir máis sobre iso, porque é así.

Nós tamén temos que dicir que esa creación da Dirección Xeral de Reforma Sanitaria é moi importante porque desde aí se vai poder ter tempo —mentres que o resto dos cargos do Sergas ocupan o seu tempo na pandemia— para poder falar cos profesionais, e vaise poder deseñar a posta en marcha destas reformas no funcionamento da primaria.

Desde logo, o compromiso da Xunta é claro, díxeno antes tamén. Falan de condicións salariais nunha semana na que se puxo en marcha esa carreira profesional que xa este mes se vai cobrar, eses 10 millóns de euros este ano e eses 10 para o próximo ano. Nós tamén sabemos que os profesionais da primaria, cando teñen o respaldo institucional do sistema sanitario, foron quen de cumprir os obxectivos marcados cada ano, incluso nas situacións máis adversas.

Séguese avanzando nese plan coa dotación de máis prazas, de máis medios no desenvolvemento dos obxectivos do documento *Por unha primaria vertebradora do sistema de saúde*. E contribuír á pronta implementación destas conclusións é un dos obxectivos fundamentais da creación desa nova Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Tamén se está tramitando a orde reguladora para a dispensación de produtos sanitarios por parte do persoal de enfermería, que tamén se falou aquí de implementar novas accións para enfermería. Temos unha enfermería cualificada, que xa poderá facer prescricións de continuidade, cambios de doses e fins de prescricións. Estase traballando tamén na desburocratización do traballo dos facultativos, e o obxectivo é aumentar as capacidades dos niveis administrativos do centro de saúde. Para isto este nivel vai ter que adoptar un novo rol fundamental na clasificación da demanda administrativa para a mellora da organización dos centros. Son múltiples as vías nas que xa se está traballando e nas que se vai seguir avanzando de cara a acadar unha atención primaria de referencia e que vexa aumentadas as súas capacidades.

Estase traballando, os grupos e as comisións están traballando, penso que debemos de confiar máis nos profesionais. Nós, desde logo, confiamos no sistema sanitario de saúde que temos.

Temos que facer críticas construtivas, xa o dixen máis veces. Penso que debemos valorar as melloras, alabar as reformas e facer achegas coherentes que sirvan para sumar.

Nós, señora Prado, non lle imos votar a favor, porque pensamos que moitas das cousas que pide xa as estamos a facer, que se está traballando nesa liña, e outras das que pide non as podemos compartir.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Antes de máis, quero agradecer ao Partido Socialista o voto favorable a esta moción que trae hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego.

A realidade é que a atención primaria está na situación de deterioración onde quere o Partido Popular que estea, e para iso levan traballado insistentemente todos estes anos. Porque o que hai que facer en atención primaria téñenllo dito por activa e por pasiva. As conclusións dos grupos do Consello Técnico son claras ao respecto e van na dirección das cuestións que demanda hoxe aquí o BNG, porque a moción que presentamos é consecuencia de ter falado cos profesionais para ver cales eran as súas demandas e ver tamén o que precisa a poboación galega.

Eu quero facer un par de aclaracións, señora deputada. A atención primaria medrou no orzamento, neste orzamento de 2021, bastante por debaixo do que medrou a atención hospitalaria, e tendo en conta que partía de moito máis abaixo que a atención hospitalaria, porque fixeron moitos máis recortes en atención primaria. Esa diferenza pon bastante en evidencia cal é a folla de ruta do Partido Popular, que é seguir centrando os esforzos na atención hospitalaria e non na atención primaria.

E, mire, a atención primaria non chega nin ao 15 % do orzamento. Vostede saca aquí uns números e repíteos insistentemente. Claro, que a realidade non lle estropee o titular. Vostedes repíteno insistentemente aínda que logo os números non cadren, pero dá igual, repetímolo e xa está.

E, mire, outra cousiña, respecto da carreira profesional, está clara tamén cal é a intencionalidade do Partido Popular, ¿non? Enfrontar á poboación cos profesionais sacando un día un dato e outro día outro a respecto do moito que cobran. Miren, a carreira profesional foi pactada no ano 2005. Vostedes tardaron quince anos en efectivizala. É dicir, que van con atraso neses pagos, e agora veñen presumir de que en plena pandemia lles están efectivizando a consolidación da carreira profesional, cando é algo que tiñan que ter feito hai quince anos; ou sexa, que levan quince anos de débeda. *(Aplausos.)* ¡Quince anos de débeda! Si, esa é realidade, igual que lles paralizaron outros dereitos salariais e condicións laborais no ano 2010 e aínda hoxe non os recuperaron.

Insisto en que é unha evidencia que a intención do Partido Popular é que a atención primaria sexa cada vez menos resolutiva e con menos medios e que a poboación faga o que está facendo neste momento, que é ir en masa a facer seguros privados ou acudir á sanidade privada, por falta de atención na sanidade pública. Ese é o seu traballo constante e permanente, porque levamos anos reclamando un plan de atención de mellora da atención primaria, e, lonxe diso, o que fixeron foi eliminar postos de traballo, non repoñelos, eliminar excedencias e capacidade de liderado e de resolución da atención primaria, tan necesaria para, realmente,



poñela en valor e eliminar a capacidade clínica de moitos profesionais con moitas dificultades á hora de establecer relación coa atención especializada. Dificultades coas que, evidentemente —repetimos máis unha vez—, se lles abriron máis as costuras durante a pandemia.

E, claro, o Partido Popular, cando di que a sanidade do futuro é a consulta telefónica para —sigo insistindo—... Si, o presidente da Xunta non se cansa de dicir que a sanidade do futuro é a tecnoloxía, como se para atender a tecnoloxía e a atención telefónica non fixeran falta profesionais, para volcar os datos e para dedicarlles tempo, aínda que sexa por teléfono, aos doentes, e como se a tecnoloxía funcionaria por si soa á marxe da necesidade dos profesionais, e non é así. Por moito que vostedes insistan, esta situación na que teñen a atención primaria é un risco para a atención da poboación. Vólvolles repetir o que lle dixen ao conselleiro na interpelación: non o di o BNG, dío tamén o Consello de Bioética de Galiza, que di que a deterioración e perda da calidade por esa non presencialidade é manifesta, e que a regra de ouro da atención primaria ten que ser a atención presencial. Iso dío calquera que queira ter unha atención sanitaria de calidade.

Vostedes persisten en poñer unha porcentaxe de presencialidade, non sei eu por que. Falan do 60 %, do 30 % ou do 40 %. ¿En función de que? ¿Cales son os estudos que determinan que o 60 % de presencialidade é a cota idónea para ter unha asistencia sanitaria de calidade? Absolutamente ningún estudo determina iso. A atención presencial de calidade é aquela que se lle dá a toda aquela persoa que o necesita, e iso é o que vimos demandando aquí nós e os profesionais. (*Aplausos.*) ¡É así! ¿Por que unha porcentaxe? ¿Con base en que criterios se establece esa porcentaxe? Con base no criterio de que queren seguir nesta situación de poucos profesionais e cunha atención sanitaria en atención primaria de baixa calidade.

Esa é a realidade. E hoxe vostedes van votar en contra desa presencialidade, van votar en contra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...de que haxa máis orzamento, van votar en contra de que se dimensionen os cadros de persoal de atención primaria con categorías imprescindibles. É posible facelo no inmediato porque hai profesionais suficientes das listas de contratación para poder facelo, insisto, psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais... Hai toda unha serie de profesionais necesarios. Ou tamén se poden implementar as carteiras de servizos doutros profesionais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...imprescindibles, como son fisioterapeutas, para que non pase todo polo facultativo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grazas.



A señora PRADO CORES: A realidade é que vostedes non queren. Esa é a realidade. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

Suspendemos ata as 16.30, catro e media.

Suspéndese a sesión ás tres e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

<<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España, a través da Comisión Bilateral ou convocando a Comisión Mixta de transferencias, a apertura inmediata de conversacións conducentes a que a Comunidade Autónoma de Galicia, ademais de recibir de xeito inmediato os 204M€ xa recoñecidos pala sentenza do Tribunal Supremo correspondentes a liquidación do IVE de 2017 e mais o resto das partidas económicas adebedadas pala Administración Xeral do Estado xa demandas por esta Cámara (incentivos polo cumprimento das regras de gasto, transferencias para políticas de emprego ...), reciba novas traspasos priorizando a titularidade da autoestrada AP-9, coa dotación de fondos correspondentes ás actuacións pendentes de execución e das bonificacións previstas para os usuarios e a xestión do dominio público marítimo terrestre e ordenación de usos e actividades e outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo terrestre.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi boa tarde.

Imos dar comezo á sesión de tarde, se lles parece. (Risos.) ¿Que pasou? (Murmurios.)

Pois imos dar comezo, e neste debate sobre as transferencias, sobre as competencias, podemos dicir que hai un intercambio de papeis: o BNG é o partido do Goberno, é o partido da



proposición, e o Partido Popular é o partido da oposición. Resulta que nestes tempos vemos como constantemente o BNG trae iniciativas, consegue impulsar iniciativas diversas, e o que fai o Partido Popular, estando gobernando, é poñer paus nas rodas para que esas iniciativas non se leven adiante, para dificultalas, para atrasalas; mesmo chegan ao extremo de apoiar aquí cousas que despois vetan e votan en Madrid.

Podemos poñer moitísimos exemplos disto que estamos a dicir, pero o exemplo por excelencia é o da AP-9: como o BNG digamos que levou a bandeira desta reivindicación e desta transferencia e como o Partido Popular a vetou sistematicamente ata tres veces no Congreso dos Deputados, ben polo veto da Mesa ou por informes contrarios do Goberno. O mesmo podemos dicir da transferencia de tráfico, que estamos agora con ese debate aberto, ou coa mesma Policía galega, co desenvolvemento desta competencia sistematicamente atrancada polo Partido Popular.

E, ademais, como xa dixemos no anterior pleno, a realidade é apabullante e contundente. E o mellor balance desta posición da oposición, de atranco, de paus nas rodas do Partido Popular son os doce anos de goberno na Xunta de Galiza, o balance deses doce anos: de cero transferencias, de parálise absoluta e de deixamento de funcións á hora de reivindicar non só os acordos do propio Goberno, senón tamén os acordos deste Parlamento. E vimos ao longo deste tempo como Galiza quedou atrás a respecto doutras comunidades, non só das nacionalistas históricas —chamadas así na Constitución—, senón tamén das rexións.

Quedounos clara unha cousa despois de todo este tempo, e é que o Partido Popular non cre no autogoberno. Non queren máis autogoberno, e podemos dicir incluso que xa lles parece demasiado o que hai. Deixaron claro isto no programa electoral do 2019, cando puxeron en letra impresa: «*Aprobaremos una moratoria que paralizará la decisión de competencias a las comunidades autónomas*».

Decía o señor Casado aquilo de «*Esto ya no se aguanta más, hay que reforzar la nación*». Pero, claro, esta non é a posición oficial só do Partido Popular central, do Partido Popular de Madrid, senón que o Partido Popular galego tamén fixo unha declaración de obediencia, de submisión a Madrid, porque actúan como os títeres de Pablo Casado e do PP madrileño. Están teledirixidos co mando a distancia desde Madrid, e por iso o señor Feixóo dixo aquilo de que «*España no está para hacer transferencias a las comunidades autónomas*». ¡Aclárense! ¿Estamos ou non estamos para transferencias? Digan dunha vez por todas a verdade, que vostedes non queren máis transferencias porque vostedes ao máis que chegan é a aquilo do «*regionalismo sano y bien entendido*», que se dicía na época do franquismo. Máis de aí non pasan. A vostedes, miren, ata lles queda grande o Estatuto. Vostedes nin sequera reclaman as competencias estatutarias, e nin sequera reclaman o status de nacionalidade histórica, que foi —recordémolo— recoñecido na Constitución grazas á loita de tanta xente que pelexou por que tivésedes un Estatuto no 1936, que non chegou a ser aprobado, por certo, nunca. E sabemos por que non chegou nunca a ser aprobado, pero valeu como base para que Galiza tivese este status.

Se Brañas levantase a cabeza, levaban unhas boas labazadas vostedes con todo isto que están defendendo, e aínda se atreven a invocar o nome de Alfredo Brañas.



Pois ben, agora estamos nun momento diferente, nun momento novo, que é un momento complexo, un momento difícil dunha grave crise, pero ao mesmo tempo é un momento de oportunidade para poñer en marcha grandes reformas e grandes transformacións, tamén grandes transformacións políticas. É unha época, ademais, que está marcada por dúas tendencias, que son dúas tendencias antagónicas: por un lado, unha tendencia que é propia de todas as crises, a recentralización, a tendencia a unha maior centralización, a unha concentración da riqueza e a unha centralización do poder. Ese é o signo de todas as crises, e iso vivímolo, ademais, nunha crise moi recente, na do 2008, que serviu como pretexto para unha gran operación de concentración e de recentralización, invocando, entre outras cuestións, algo que volven invocar agora no plan enviado á Unión Europea: a sacrosanta unidade de mercado, que parece unha «unidade de destino no universal».

E xa sabemos iso a onde nos levou, por certo, e como chegamos a esta crise, no caso dos servizos públicos, por exemplo, ¿non? Pois ben, ao mesmo tempo, está aberto un proceso de transferencias ás comunidades autónomas, e necesariamente asociado a este un debate sobre a reformulación da estrutura do Estado. Están en marcha negociacións para as transferencias —algunhas xa efectivizadas— de competencias ao País Vasco —Euskadi—. Nestes días fálese concretamente de que se está xestionando o traspaso da competencia en materia de prisións, tamén a da seguridade social, tamén conseguiron xa transferencias en materia de autoestradas, que eran de titularidade do Estado... En fin, un paquete amplo de transferencias está sendo negociado con Euskadi por parte do Goberno central. Tamén no caso de Nafarroa, coa competencia en materia de tráfico e outras competencias. Ou o caso de Canarias, que está demandando e xestionando a transferencia das competencias en materia de costas. Por certo, competencias de costas que xa teñen Andalucía ou Cataluña desde hai moitos anos e que non ten Galiza, a pesar de ter 2.000 quilómetros de costa. ¿E saben por que non temos as competencias de costas aínda que agora vostedes as estean reclamando? Porque a Xunta de Galiza non as demandou, non as exixiu, non as reclamou; en doce anos non pediu estas competencias e por iso non temos as competencias de costas.

E agora vostedes piden as competencias, ¿e saben por que é isto? Porque é a mellor maneira de defender os intereses de Ence. Esa é a única motivación desta demanda que lles veu agora a vostedes de última hora, de pedir as competencias en materia de costas e de dominio público marítimo-terrestre.

Nos últimos tempos producíronse avances nesta materia das transferencias, da demanda de transferencias, producíronse acordos. Está o tema do acordo do 23 de xaneiro, está tamén o tema da demanda das competencias de tráfico, que vostedes deixaron que se admitise a trámite sen ningunha convicción e agora xa lle están poñendo paus na rodas, e vimos estes días o espectáculo tamén desas labazadas, desas críticas que recibiron por parte de asociacións da Garda Civil. A vostedes non lles quedou máis remedio que ter que recibilos aquí, pero na clandestinidade, porque foi unha reunión clandestina que vostedes nin sequera fixeron pública, que a fixeron pública os propios colectivos da Garda Civil. (*Murmurios.*) Si, si, si, no Twitter, pero non estaba na axenda do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿De que se avergoñan? ¿Avergoñanse de recibir a representantes da Garda Civil?



Miren, dicímoslle unha cousa: non se preocupen, non se preocupen pola Garda Civil, non se preocupen polas transferencias de tráfico, non se preocupen, que vai ser mellor para Galiza ter as competencias de tráfico e ter unha policía propia, e as portas desa policía propia galega están abertas para todo o mundo que queira acceder ás vías que hai para formar ese corpo policial propio, pero non un sucedáneo. *(Aplausos.)*

Miren, está claro que isto é un punto de partida, pero nós queremos máis, Galiza precisa máis, precisa ter capacidade de decisión. Non é unha entelequia política, é unha necesidade material de ter máis recursos, de ter máis medios para xestionar mellor, de ter máis medios para ter mellores servizos públicos, para ter capacidade de decisión nos asuntos que nos afectan, por exemplo, con respecto á Unión Europea, para ter un sistema de financiamento que estea tamén ao servizo das necesidades do país, para poder xestionar a política industrial ou a política enerxética. Necesitamos esa capacidade de decisión e de intervención real.

E remato, como xa fixemos, ou como fixen outras veces, dicindo algo que é unha verdade incuestionable. Galiza é un gran país. Somos un país rico, que temos un enorme potencial, que temos enormes capacidades que non se poden desenvolver polos atrancos do centralismo e da dependencia política e tamén polas pexas, polos atrancos mentais do conformismo e dos complexos de inferioridade, e o BNG vai seguir traballando día a día para conseguir avances que sexan pequenos, grandes, medianos ou simbólicos pero que nos sitúen á par das nacións que van neste momento por diante de nós, mais tamén porque necesitamos, nesta hora crítica, imaxinar e construír un futuro, un futuro de benestar, de prosperidade e de xustiza social que Galiza merece e que se pode resumir nun vello lema cada día máis actual: «Gobernos nós a nosa terra.» *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Prado

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha iniciativa sobre a transferencia a Galicia das competencias pendentes, e o primeiro que temos que dicir é que nós respectamos a Constitución, o Estatuto e o marco normativo autonómico para conquistar máis e mellor autogoberno conforme o noso status constitucional de nacionalidade histórica. Pero, señor Bará, debemos distinguir entre as reivindicacións que son urxentes e as que son importantes.

Xa o explicou no pasado pleno o vicepresidente primeiro, que queremos avanzar na defensa dun autogoberno real e útil, pero de acordo cun plan ordenado e establecendo prioridades.

Vostedes plantexan unicamente o traspaso de competencias, pero as necesidades de Galicia van moito máis alá que os traspasos de competencias. Nós consideramos máis oportuno reivindicar o que é urxente para Galicia. ¿E sabe o que é urxente para Galicia? Pois para Galicia



é urxente que o Estado lle devolva os 204 millóns das liquidacións do IVE do ano 2017, (*Aplausos.*) que agora acaba o Tribunal Supremo de ratificar que nolas adebedan.

O Tribunal Supremo acaba de dar unha vez máis a razón ao Goberno de Galicia e a desmentir o señor Caballero *junior*, que defendía os posicionamentos de Ferraz —non o mellor para Galicia, ¡eh!, os posicionamentos do Goberno de España— e dicía que o Ministerio de Facenda actuaba conforme os procedementos legais establecidos. Polo que se ve, o Tribunal Supremo non opina o mesmo. E dicía que isto había que solucionalo vía financiamento autonómico ou pola vía orzamentaria. Polo que se ve, o Tribunal Supremo non opina o mesmo.

E mentres aquí o Partido Socialista se absteña nas votacións, en Madrid votaban en contra, non unha, nin dúas; tres veces votaron en contra de devolver estes cartos de IVE, que agora o Tribunal Supremo nos di que nos teñen que pagar. Votaron en contra o 11 de febreiro do 2020 no Congreso dos Deputados, o 30 de xuño dese mesmo ano, pero tamén no Senado, no Pleno do 12 de febreiro de 2020. Tres veces en contra de Galicia, señores socialistas. (*Aplausos.*) ¡Xa non enganan a ninguén! Non se pode enganar todo o tempo a todo o mundo; xa non teñen bonus de credibilidade.

O que lle dixo o Tribunal Supremo ao Goberno de España é que non pode facer o que lle peta cos cartos dos galegos, que non podía sisar os cartos do IVE. Ao igual que os alcaldes lle dixeron que non podía sisar aqueles 15.000 millóns de remanentes, que o señor Caballero sénior pretendía furtar a todos os concellos de España. «Dous Caballeros e un destino. Ferraz.»

Mire, nós consideramos urxente que o Estado aboe a Galicia as partidas que lle adebedan á nosa comunidade autónoma; débedas que xa foron reclamadas desde esta Cámara, señor Bará. Por exemplo: os incentivos polo cumprimento das regras de gasto e déficit, 170 millóns de euros —aínda nolos adebedan, señores socialistas—; as transferencias para as políticas de emprego —eses cartos que se lles pagaban aos parados para os cursos de formación e as súas dietas para asistir a eses cursos; máis de cen millóns de euros que o Goberno de España lles furtou aos parados de Galicia—; e as partidas destinadas ao Plan de vivenda, que, por certo, xa estaban comprometidas e que tamén o Goberno de España lle furtou a Galicia.

Señor Bará, Galicia acadou ao longo destes anos un nivel de traspaso de competencias que nos sitúa como a terceira comunidade autónoma con máis traspasos acadados: un total de 154 traspasos desde o ano 1978; soamente superada por Cataluña, con 190, e Andalucía, con 155. E é certo que ao longo destes anos a actividade de traspasos se ralentizou, pero non só en Galicia. Mire, dos 2.000 traspasos realizados polo Goberno central ás comunidades autónomas desde 1978, a partir do ano 2009 soamente se realizaron 70; é dicir, nos últimos dez anos só se realizaron o 3,5 % dos traspasos totais ás comunidades autónomas. E, na súa maior parte, señor Bará, eses traspasos foron realizados ao País Vasco e a Cataluña. Foron anos de goberno do Partido Socialista, pola súa debilidade parlamentaria para comprar votos para sumar no Congreso dos Deputados. A diferenza do ocorrido nos anos de goberno do presidente Rajoy, nos que sinaladamente nos anos 2012, 2015, 2016 e 2017 non se produciu nin un só traspaso a nin unha soa comunidade autónoma. Porque, ¿sabe que pasa, señor Bará? Que a prioridade era sacar a España da crise económica en que se atopaba; aquela que



deixou o señor Rodríguez Zapatero, ese señor ao que vostedes lle apoiaron durante cinco orzamentos consecutivos os orzamentos que levaron España á peor crise económica que se lembra, ata a que estamos vivindo agora, que ten todos os visos de superala, tanto en máis paro, máis recesión, máis caída da economía nacional e moitísima máis débeda. Iso verémolo ao longo dos próximos tempos, por desgraza, no noso país; vai quedar coma un deserto.

No pasado pleno, o vicepresidente primeiro xa lle dixo que o Goberno da Xunta non vai renunciar a aspirar ao teito competencial máximo, similar ao que se marque para calquera das comunidades históricas. Estamos a favor de demandar novas transferencias a Galicia, pero sempre que sexan útiles, que se mellore a xestión para os cidadáns e que non supoñan ningún custo, señor Bará, pero as prioridades vainas establecer o Partido Popular, tanto este grupo parlamentario como o Goberno da Xunta, que para iso nos elixiron os galegos o pasado 12 de xullo. *(Aplausos.)*

Mire, para nós non son urxentes os seus plantexamentos, para nós non é urxente a anexión do Bierzo, para nós tampouco é urxente solicitar as transferencias de tráfico; por iso nos abstivemos. Non é unha prioridade. Pero é que tampouco estamos de acordo coa forma na que vostedes queren esa competencia. Para o Partido Popular a transferencia de tráfico non leva implícita a expulsión da Garda Civil da nosa comunidade autónoma, ¡que lle quede claro ao Bloque Nacionalista Galego! *(Aplausos.)* Non, señor Bará, non; nós non estamos dispostos a botar das nosas estradas a Garda Civil. Nós non queremos nin o modelo do Bloque Nacionalista Galego, nin o modelo de Navarra, señor Bará, por moito que vostede insista. Se pretenden que a Garda Civil abandone as carreteras de Galicia, non conten co Partido Popular.

Miren, Galicia non se entende sen a Garda Civil. A Garda Civil vertebra o noso territorio, e fundamentalmente no rural —si, boten as mans á cabeza—. Mire, o Partido Popular de Galicia renunciará ás competencias de tráfico se iso leva implícito que a Garda Civil abandone Galicia. *(Aplausos.)* ¡Iso que lles quede claro, señor Bará, que lles quede moi claro!

Danlle á cabeza, pero mire, nós, señora Rodil, que vexo que lle dá bastante á cabeza... *(A señora Rodil pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Ah, bueno! *(Risos.)* Pois, señor Bará, dígalle á súa compañeira que nós sempre imos estar ao lado da Garda Civil. Nosotros vamos a estar sempre al lado de la Guardia Civil, porque *[para estar del lado de los que disparan contra la Guardia Civil ya están ustedes, al lado de Otegui]*, *(Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor presidente ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.)* *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* un señor, un señor... *(O señor Bará Torres nega coa man.)* Non, non, vou explicalo, vou explicalo... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, matice esa expresión, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Non, si... *(Protestas.)* Ben, vale, pois vou reformular a expresión.

O señor PRESIDENTE: Non, esa expresión non vai constar no *Diario de Sesións*. Silencio. ¡Silencio! ¡Silencio, por favor! Non vai constar esa expresión, non vai constar esa expresión no *Diario de Sesións*, por iso lle pido que...

A señora PRADO DEL RÍO: Si, vouno reformular, non se poñan nerviosos. Vouno reformular.



(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Non, non...

A señora PRADO DEL RÍO: La voy a reformular. Ustedes se sacan fotos con el señor Otegui, un señor condenado por el Tribunal Supremo de pertenencia a la organización criminal ETA *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, que mató a muchísimos guardas civiles en este país. *(Aplausos.)* ¿Les parece más adecuado? ¿Se ajusta más a la realidad? Pues eso. Nosotros nos sacamos fotos con la Guardia Civil y ustedes se sacan fotos con Otegui, *(Murmurios.)* *(Protestas.)* que forma parte de una organización criminal, condenado por el Tribunal Supremo.

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

A señora PRADO DEL RÍO: Mire, para nós, señor Bará, non é urxente tampouco negociar o traspaso de competencias que están negociando outras comunidades. Para nós non é urxente negociar o traspaso de prisións. Iso para vostedes, por iso falan e sacan fotos co señor Otegui.

Mire, ¿sabe cales son as nosas prioridades? Pois si, o traspaso da AP-9. Mire, ¿sabe quen é a única deputada desta Cámara que votou en contra do traspaso da AP-9? A súa lideresa, a señora Ana Pontón. É a deputada máis antiga e que máis anos leva neste Parlamento. Vostede sábeo ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero ese é un home. Dixen «a deputada», señora feminista. ¿Para que temos a linguaxe inclusiva?

A deputada máis antiga desta Cámara é a señora Ana Pontón. Ela, que falaba de «navallada». Ese BNG falaba de «navallada» e agora sobe a esta tribuna a converterse no gran defensor da AP-9. Ese travestismo político, señor Bará, non ten límites na súa defensa da AP-9. Esa é a titiritada que vostedes nos queren vender agora.

Fala vostede de títeres; títeres son vostedes, que no «pacto de Ana y Adriana», no punto primeiro, dicía exactamente: «Unha convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta no primeiro trimestre do 2020.» Mire, non só non cumpriron, porque nin foi no primeiro trimestre do 2020, nin no segundo, nin no terceiro, nin no cuarto, nin no primeiro do 2021, nin hai visos de que sexa no segundo do 2021.

¿Quen son os títeres, señor Bará? Vostedes, que fixeron de títeres do señor Pedro Sánchez. Apoiárono para estar no Goberno, e agora, que está todo o día, cada vez que toma unha decisión, agravando a Galicia, a vostedes parece que iso non lles importa. *(Aplausos.)*

Miren, o autogoberno vai máis alá do mero feito de recibir transferencias. O autogoberno consiste en deixar a Galicia gobernar, e en non boicotear a Lei de saúde que aprobamos neste Parlamento para xestionar unha pandemia. Fronte á negativa do Estado de actualizar a Lei de saúde, agora temos que ir aos xuíces. O Tribunal Supremo converteuse nun xulgado de garda, señor Bará. ¡Se a vostede iso lle parece autogoberno...! O autogoberno é que non nos veten o certificado de vacinación posto en marcha pola Xunta de Galicia. ¡Claro, pero como o Estado



non ten ningún, pois a Xunta de Galicia tampouco o pode ter! Iso é autogoberno, iso é deixar a Galicia gobernar. E vostedes están apoiando este Goberno en España, que está impedindo que Galicia tome decisións. Son como «*El perro del hortelano*», nin gobernan nin deixan gobernar.

Mire, en definitiva, nós non renunciámos a ter máis competencias, pero teñen que ser útiles e mellorar a xestión, e por suposto, non supoñer máis custo. Pero entendemos que hai prioridades, e por iso presentamos unha emenda para reclamar de xeito inmediato os 204 millóns de euros do IVE do 2017, recoñecidos por sentenza do Tribunal Supremo; os incentivos polo cumprimento das regras de gasto e déficit; as transferencias para as políticas de emprego; a titularidade da AP-9 cos fondos correspondentes —señor Bará e señores socialistas—; a xestión do dominio público terrestre e de ordenación de usos e actividades; e o outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio marítimo-terrestre. Non é Ence, son centos de empresas afectadas por esa decisión, que leva consigo o traballo, o emprego e o día a día de moitas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado. Rematou o seu tempo.

(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor presidente, por iso eu lle dicía o outro día que non podía retirar esas cousas que me pedía vostede que retirara, porque parece ser que á representante da sección Vox do Partido Popular de Galicia se lle permiten aquí cousas e incluso se lle aplaude por dicir auténticas barbaridades, cando o resto dos grupos parlamentarios temos que medir e ter unha precaución extrema en todo o que dicimos, non vaia ser que se nos chame á orde. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, eu xa retirei o que tiña que retirar, señor Arangüena. *(Murmurios.)* Non, perdón, xa lle respondín ao señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: En todo caso, permítame que comece agradecendo a aportación do señor Pazos —que non está aquí— feita a este Parlamento, en concreto en forma de empanada de chocos; unha aportación que coido que contribúe a rebaixar o nivel de crispación política que impera en determinados momentos na política española. Non vexo a señora Paula Prado facendo o mesmo tipo de rebaixa da crispación, nin sequera traendo empanada de atún. *(Aplausos.)*

Indo ao tema. Esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego trata sobre o autogoberno. E en materia de autogoberno, como en calquera outra, o PSdeG está a favor da busca de solucións e non da creación de problemas. Estamos a favor do avance. *(Murmurios.)* ¿Pode, por favor, señor presidente, dicirlles se poden gardar...? Grazas.



Dicía que estamos a favor do avance no autogoberno e en contra do desvarío; a favor da visión e do enfoque político federal e en contra da inflamación da emoción política; a favor das Pontes e en contra das fronteiras; a favor da razón ilustrada e en contra do romanticismo político. E tamén somos moito máis partidarios das contas que dos contos.

E todo o anterior ubícanos politicamente nunha posición que non participa do inmovilismo da dereita, nin da desorientación do nacionalismo. Cremos no avance, non na parálise nin no extravío. Cremos no axeitado e repousado diagnóstico dos problemas e das solucións, non na negación nin no escapismo, nin moito menos na ensoñación. Por iso, a diferenza do resto dos grupos aquí presentes, os socialistas definímonos como federalistas.

Piden vostedes negociar para Galicia todas aquelas competencias que xa foron transferidas ou que se están negociando con outras comunidades autónomas. Hai dúas semanas estabamos nesta Cámara, precisamente, debatendo unha proposición do Grupo Parlamentario Socialista que implicaba 30 novas competencias para Galicia; un paquete de competencias razoadas e razoables e un paquete de competencias que cremos que sería positivo que fosen asumidas por Galicia. Así que a nosa vontade de avanzar e afondar no autogoberno está clara, pero non cremos que o mimetismo sexa o bo camiño. De feito, o mimetismo non é o camiño en ningún sistema federal avanzado. O que convén á comunidade autónoma A, non ten por que ser o que convén á comunidade autónoma B. O que decida a comunidade A con base na súa situación particular non ten por que ser o que decida a comunidade B. Decidir as nosas competencias en función do que decidan os demais é, en primeiro lugar, ilóxico, pero, ademais, implica, de feito, que outros decidan por nós, coma se nós fósemos menores de idade, que é xustamente o contrario do que predica o nacionalismo. Así que, apostando por ese mimetismo, o BNG, paradoxalmente, está apostando por que o noso autogoberno o decidan outros por nós, o cal amosa o seu nivel de desorientación.

Piden tamén demandar un novo modelo de financiamento, apostando por unha nova relación económica co Estado que corrixa o que vostedes definen como «discriminacións», pero sen dicir cal sería esa nova relación económica.

A cuestión é, en todo caso, como se concretarían esas discriminacións ás que vostedes fan referencia. ¿Estamos sendo discriminados no modelo de financiamento autonómico vixente? En caso de resposta afirmativa, ¿con respecto a quen e en que medida estaríamos sendo discriminados e a través de que mecanismos? Esas son as preguntas pertinentes.

Para responder estas preguntas, poden tomarse dous camiños: o da emoción e o da razón. Non ocultamos a nosa preferencia polo segundo, porque, se o enfoque é emocional, calquera pode sentirse discriminado polos máis diversos e variados motivos particulares e subxectivos. Pero a subxectividade en política non serve nin serviu nunca para construír nada sólido.

A outra vía é enfocar esa posible discriminación racionalmente. Desde ese punto de vista, os datos parecen indicar que Galicia globalmente non está discriminada. E digo «parecen» porque creo que temos que seguir neste tema a Descartes e practicar a dúbida metódica. Iso si, unha dúbida metódica que non leve a afastarnos dos datos, dos números e da realidade empírica, e moito menos do sentido común, que en Galicia chamamos ás veces «sentidiño».



A última vez que se elaboraron balanzas fiscais, no ano 2014, Galicia era a cuarta comunidade autónoma cun saldo fiscal máis positivo: 3.240 millóns de euros; sendo as comunidades menos beneficiadas Madrid, Cataluña, Valencia e Baleares. E facendo a comparativa por habitante, eramos a sexta comunidade máis beneficiada entre 17.

E outro dato é que, se tomamos a análise máis actualizada do Instituto de Economía de Barcelona, Galicia sería tamén unha das comunidades máis beneficiadas polo sistema vixente, en concreto, sería a terceira comunidade máis beneficiada por habitante, entre 17. Por iso, estamos a favor de calquera modificación no sistema de financiamento que, sen perder equidade e solidariedade no conxunto, mellore a posición de Galicia, pero hai que ter moito coitado neste tema para non meternos por un camiño do que poidamos saír prexudicados.

Piden vostedes tamén impulsar as reformas necesarias para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza. Neste punto teño que dicirles que non estamos en absoluto de acordo. Os sentimentos por definición son algo particular, ademais de altamente variables. Eu sei aproximadamente como me sentía esta mañá e sei aproximadamente como me sinto esta tarde; un sentimento que pode ser diferente ao que poida experimentar mañá ou ao que tiña onte mesmo. Se dificilmente sei como me sinto eu ou calquera dos aquí presentes, as posibilidades de coñecer como se sente unha nación — no suposto altamente dubidoso de que fose posible definir axeitadamente que é unha nación— son francamente escasas. E se ao enganoso concepto de sentimento nacional lle engadimos a nebulosa nación de pertenza, o lío e a confusión poden ser monumentais, porque no século XXI a pertenza é algo moito máis variable que en calquera momento do pasado. No século XXI, un pode sentir que pertence a multitude de colectivos e que ten múltiples identidades, o cal vai en contra do fundamento mesmo da súa doutrina, que é o nacionalismo. Igual que para a relixión o prioritario é Deus, para o nacionalismo —que nisto se asemella moito á relixión— o prioritario e fundamental, e o que modula toda a súa doutrina política, é a pertenza a unha identidade nacional única, mentres que, na realidade, as dinámicas sociais e o avance da tecnoloxía nos dotan de capacidade para transcender as conexións máis inmediatas e tradicionais e ser cada vez máis cidadáns do mundo. E a forma de ser cidadáns do mundo paradoxalmente pode consistir en encapsularnos en microidentidades asociadas a conexións fortes e en tempo real con xentes de todo o mundo, auténticas tribos urbanas de ámbito global.

En canto ao territorio, un pode sentirse coruñés, galego, español e cidadán do mundo. E se vostedes lle piden a un que elixa cal é a súa identidade prioritaria ou preferente, ao mellor, un ten que dicirles que iso equivale a unha mutilación, e un normalmente non quere ser mutilado; ou talvez si, pero iso novamente é un sentimento subxectivo que non debería conformar categorías políticas obxectivas distintas das que xa existen. Porque, ademais —como digo—, é un sentimento máis variable que nunca na historia da humanidade; unha historia que, se tivese un sentido e unha dirección —cousa, desde logo, máis que discutible—, sería o de superar a tribo para abrazar o mundo. E, en todo caso, a única solución aos problemas globais que existen, e que son moitos, é superar a tribo e adentrarse no mundo, cousa que non está reñida cun sentimento de fonda identidade galega, porque ser galegos e galegas é unha forma de estar no mundo que defendemos e á que non queremos en ningún caso renunciar, como non renunciamos á empanada de chocos do señor Pazos.



Piden, finalmente, reclamar que calquera modificación da estrutura territorial do Estado asegure a Galicia o mesmo status que a Euskadi e a Cataluña. Se o relatamos desa forma, como unha cuestión de status, por suposto que estamos de acordo. Non queremos ter un status inferior a ninguén, ¡faltaría máis! O que pasa é que non parece que os tiros do mundo nin do Estado vaian por aí neste momento, por falar de presuntos status; máis ben parece que os tiros pasan por atopar un rumbo axeitado no medio da maior tormenta que calquera dos aquí presentes poida lembrar; unha tormenta de cuxo alcance e intensidade aínda non somos conscientes, porque estamos, por así dicilo, colectivamente anestesiados polo gran esforzo de solidariedade colectiva que está a facer un goberno progresista co respaldo dunha Europa moito máis solidaria que na última crise.

Por tanto, non perdamos de vista que estamos en medio dunha tormenta e non nos extraivemos con cuestións identitarias que non levan a ningures.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo autor da moción, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Parece que veu alterada hoxe pola tarde Paula Prado. Debéronlle botar guindilla no café en vez de azucre. Eu creo que... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: ¿Que pasou, Marta Novoa ou Nóvoa?

O señor PRESIDENTE: Por favor, non...

O señor BARÁ TORRES: ¿Ofendíche? Non pasa nada, eu pregunto se lle botaron guindilla no café.

Do que si estou convencido é de que hoxe vostede superou a Rocío Monasterio como heroína da Garda Civil. (*Aplausos.*) Está no *top ten* xa e superou a Rocío Monasterio neste papel.

Miren, nós propoñemos cousas moi concretas que son urxentes e que son importantes, as dúas cousas. Propoñemos basicamente, no punto 1, retomar o acordo do 23 de xaneiro de 2019 para que Galiza teña todas as competencias xa demandadas e que xa conseguiron outras comunidades e que xa votaron PP e PSOE a favor desta proposta. ¿Cal é o problema? Explíqueme cal é o problema. Pero, ademais, dígolle, aceptamos como engádegas deste punto a súa proposta no relativo ás conversas conducentes a que a comunidade autónoma reciba de xeito inmediato os 204 millóns de euros e mais o resto de partidas económicas adebedadas pola Administración. Non hai ningún problema, ¿que problema hai? Se, ademais, moitos destes temas xa foron acordados no Parlamento. Polo tanto, é unha mostra de xenerosidade.



Incluimos esta proposta que se suma ao acordo xa do ano 2019. Non creo que sexa nada rompedor nin que vaíamos romper España con este acordo. En fin, xa o aprobamos aquí en varias ocasións. Entón, ¿cal é o problema?

Segundo punto, demandar do Goberno central a inmediata negociación dun novo modelo de financiamento, incluída a reforma de mecanismos do Fondo de Compensación Interterritorial, apostando por unha nova relación económica co Estado que corrixa as discriminacións. ¡Se falamos aquí mil veces da discriminación que sofre Galicia en materia de financiamento! Pero non dicimos como ten que ser ese modelo. Responda. Dicimos que, en todo caso, hai que crear unha ponencia no Parlamento para discutir como ten que ser ese novo modelo de financiamento. Pero eu, que saiba, aquí todo o mundo di e dixo repetidamente que estaba en contra do modelo actual de financiamento. Nós defendemos un, dixemos claramente cal defendíamos; os demais grupos non sabemos o que defenden. Pois, para iso unha ponencia.

E o terceiro punto fai referencia, efectivamente, aos sentimentos nacionais de pertenza. Pero mire, señor Arangüena, este punto repite literalmente o acordo de investidura do BNG co PSOE. Entón, ¿que problema teñen? ¿Que problema teñen? Que vostedes son máis centralistas que o PSOE de Madrid, (*Aplausos.*) ese é o problema. Ese é o problema, que vostedes superan o PSOE de Madrid. O PSOE de Madrid aceptou isto e vostedes despotrican aquí contra esta proposta. Pero, ¿en que lado están vostedes? A min recórdanme a aquela canción famosa de: «*Lo estás haciendo muy bien, muy bien, muy bien*». (*Risos.*) Creo que lle vai perfectamente á súa política hipercentralista. (*Aplausos.*) E nós encantados, a verdade, de que nos deixen todo o espazo. Sigán así porque nos deixan o espazo libre. Non hai ningún problema, están a facelo moi ben.

Mire, señora Prado, ¿onde está? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, vale! Moi ben. Señora Prado, cordialmente, vostede está preocupada porque creemos unha policía galega que teña competencias en tráfico e seguridade viaria. Está preocupada por iso. Está preocupada porque queremos botar a Garda Civil e non sei que. Pero, ¿a Garda Civil desapareceu dalgún territorio do Estado onde teñan competencias en materia de tráfico e seguridade viaria? Pero é que, ademais, esta é unha medida que vostedes deberían apoiar de maneira entusiasta, porque estamos abrindo a porta para que centos de gardas civís galegos —escóiteme ben— que están espallados por todo o Estado poidan volver a Galiza, ¡poidan volver a Galiza!, (*Aplausos.*) porque haberá unha pasarela, como teñen en Nafarroa. Estamos falando, polo tanto, dunha medida de impulso demográfico e de retorno de galegos e galegas que están espallados por toda a xeografía estatal. (*Aplausos.*) Esa é a nosa medida; esa é a nosa proposta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Deberían abrazala con entusiasmo, se é que queren a este país e queren que volvan os galegos e galegas emigrados para traballar aquí levando a competencia de tráfico —que xa terán moita experiencia de facela noutra partes do Estado—. ¿Cal é o problema?, ¿cal é o problema? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En fin.

Miren, vostedes están preocupadas por Cataluña, por Euskadi, por Nafarroa..., en fin, preocupáalles todo. A nós non nos preocupa iso, a nós preocupáanos que nós temos que ter o noso propio camiño. O BNG defende que Galiza escriba a súa propia historia e faga o seu propio camiño. E o problema non son eses territorios, esas comunidades, esas nacións; o problema



é o centralismo, o problema é a submisión. *(Aplausos.)* O problema é que vostedes tamén son máis centralistas que os de Madrid, e, polo tanto, o BNG vai defender todas esas competencias, 5, 10, 15, 20, 50, 70, as 70 que foron aprobadas neste Parlamento, pero parécenos que iso non é suficiente, que hai que dar un paso máis e que estamos nun momento de dar un gran salto adiante; e ese salto adiante pasa por reclamar o que Galiza precisa, o que Galiza merece como nación que é. Nós —xa llelo dixemos moitas veces— queremos máis, querémolo todo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Votamos, en primeiro lugar, a moción do Grupo Socialista, a iniciativa de dona Marina Ortega. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Marina Ortega Otero, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos centros residenciais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de Dona María Monserrat Prado Cores.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Manifestou o señor Bará que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Popular como engádegas.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das transferencia pendentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 36; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións das mocións.

Continuamos coa orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia, para unha canle Xabarín Club na Televisión de Galicia e mellor difusión de programación infantil e xuvenil en galego

O señor PRESIDENTE: Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario Popular. (Murmurios.)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e o G. P. dos Socialistas de Galicia, a través da súa portavoz e do seu portavoz, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Proponse a modificación do primeiro apartado, que quedaría coa seguinte redacción:

<< - Que a Corporación de Radio Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través dunha canle “Xabarín” distribuída a través dos pacotes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos, co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.>>

Emenda de adición.

No segundo apartado, engadir despois de: <<-Reclamar do Goberno español que>>, e antes de <<...a Corporación de Radio Televisión Española>>, o seguinte texto:

<<...dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que...>>



Emenda de adición.

Engadir un novo apartado, que pasaría a ser o terceiro, co seguinte texto:

<<-Instar o goberno español a que a nova Lei xeral do audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

<<O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1º.- Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos, co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

2º.- Reclamar do Goberno de España que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

3º.- Instar ao Goberno de España a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de Lei Xeral de Comunicación Audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, igualando a emisión de contidos e porcentaxes mínimas entre o castelán e o galego. Así mesmo, a que se igualen contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.

4º.- Chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como ao estudo para o avance da difusión do sinal da TVG en Portugal e da RTP en Galicia, das súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.>>)

O señor PRESIDENTE: A ver se hai un pouco menos de barullo e podemos debater a cuestión; se non, teremos que esperar. (Murmurios.) (Pausa.)



Por favor, temos que continuar co pleno. Se teñen que falar, por favor, hai outras dependencias, pero temos que darlle aire a isto, se non, non saímos dela. (*Murmurios.*)

Como esta é unha proposición non de lei —que, como saben, é unha proposición que se fixo por unha proposta que chegou ao Parlamento—, o tempo repártese entre os grupos que aceptaron esta proposta.

En concreto, ten agora a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Díaz Varela por un tempo de 5 minutos.

Cando queira.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente.

A ver se con esta iniciativa de hoxe contribuímos, precisamente, a que non haxa tanta crispación. De feito, eu quería empezar dicindo que poucas veces, probablemente, se nos presente aquí, nesta Cámara, a oportunidade de traer a este pleno unha proposición tan agradecida como a que traemos hoxe. E digo «agradecida», entre outras cousas, polo consenso co que xa chega aquí.

A promoción da nosa lingua en todos os ámbitos e espazos é unha obriga estatutaria do Goberno galego, como saben, que debe velar por conseguir novos espazos para ela coa intención de darlle máis presenza e, por tanto, normalizala, para que desa maneira poidamos garantir a súa supervivencia nun mundo cada vez máis globalizado e nun mundo cada vez máis tecnolóxico. Pero, ben, é unha obriga —tamén hai que dicilo— que non é só estatutaria; é abundante a literatura normativa que recolle a importancia estratéxica do sector audiovisual para a normalización das linguas e a que garante o dereito da cidadanía a recibir contidos nun contexto de pluralismo cultural e lingüístico.

De aí a proposición de hoxe, esta proposición que traemos aquí, que non pretende máis que dar a oportunidade de que a nosa infancia e a nosa mocidade socialicen en galego; abrílles todo un abano de posibilidades de goce e de diversión na nosa lingua nun momento como o actual, no que, ademais, as pantallas se converteron —e isto é unha constatación dun feito, nada que nos agrade, pero é así— case nos novos xoguetes das máis pequenas e dos máis pequenos.

Como saben, o PSdeG asumimos esta iniciativa, conxuntamente co BNG. Facemos nosa a iniciativa popular presentada pola Mesa pola normalización lingüística que recolle o sentir de moitas persoas, de moitas familias; tantas que acadou 33.000 sinaturas. Vostedes saben que para que puideran presentar esta iniciativa, éranlles suficientes 2.500, pero en época de pandemia recolleron 33.000 sinaturas. E non piden máis —non pedimos máis— que deixar de ser a única comunidade autónoma con lingua propia que non conta cunha canle continuada de programación infantil e xuvenil. (*Aplausos.*)

Recentemente, esa Mesa pola normalización lingüística elaborou un informe no que quedaba constancia da inexistencia do galego nas diversas plataformas audiovisuais que



existen no Estado; xa nalgunha outra ocasión tratamos esta cuestión aquí en comisión. O número de series ou películas que poden verse no noso idioma é tan irrisorio que non dá nin para facer porcentaxes. Certo é tamén que, non con cifras tan pésimas como as do galego, pero, ben, algo parecido acontece co resto de idiomas oficiais do Estado. Disto tamén vai esta proposición, que entendemos contribuirá a normalizar a pluralidade lingüística no contexto estatal, en liña co que xa se acordou, ademais, recentemente no Congreso.

Sobre as canles de programación infantil e xuvenil, aquí si que hai xa notables diferenzas entre o noso país e o resto dos que conforman o Estado. En Cataluña, por exemplo, dispoñen da canle Super3, e en Euskadi teñen Hiru3. Alí, tanto o gobernos vasco como o catalán chegaron a acordos coas operadoras, por exemplo, con Movistar+ e con Vodafone Televisión para que emitan os seus contidos, asegurando así que nesa ampla oferta de contidos desas plataformas audiovisuais tamén estean integrados eses seus idiomas. Pero, claro, en Galicia non existe ningunha canle dirixida a ese público, nin en ningunha das dez que existen as operadoras de televisión ofrecen contido en galego. Certo que existen —despois probablemente a voceira do Partido Popular emendará o que estou dicindo agora—, pero, ben, o que non existe, non está actualizado. E de aí esta proposición, e agora si que xa chega a parte máis emocional.

Nós, dende logo, asumimos esta proposición porque pensamos que Galicia non pode quedar atrás, nin Galicia nin as galegas nin os galegos. As familias queremos ter os mesmos dereitos que noutros lugares porque queremos que os nosos fillos e que as nosas fillas socialicen en galego, gocen en galego, que tamén se pode facer. Este é un dereito; non é un capricho, é un dereito. E sabemos, ademais, que este é o sentir —hoxe soubémolo— dos tres grupos que conforman esta Cámara, en maior ou menor medida.

E é por iso que apoiamos esta proposición non de lei para que a CRTVG cree, ou —se se quere, mellor— recupere esa canle Xabarín con contidos infantís e xuvenís en galego.

Eu cheguei tarde á xeración Xabarín, xa non me tocou, pero na miña casa tiña unha irmá á que lle tocou, aínda que xa un pouco de lonxe, pero si puido formar parte desa «xeración Xabarín». Eu lembro ese distintivo que ela tiña, lémbroo con certa envexa: os debuxos, as bólas do dragón, a programación cultural divertida e diversa, o rock bravú —e a min non me gustaba o rock bravú, pero gustábame ver como a miña irmá cantaba ese rock bravú—, a música galega... Había moitísimo contido cultural. E o carné de afiliación. Recordo ese momento en que, cando estabas de aniversario, cando era o teu aniversario, aparecía alí na pantalliña. Ese era o sentimento de pertenza a algo que era o *Club Xabarín*. Mesmo os xogos despois das clases e de seguir aprendendo.

E remato xa. Recuperemos ese sentir de toda unha xeración que, a comezos dos anos noventa —como dicía—, engancho cun Xabarín e canturreaba en galego, que sentaba, daquela, diante de televisores con cu, a mirar Shin-chan en galego. E fagámolo como hoxe, así, en positivo, entendendo a normalización da nosa lingua como natural, como a obriga que ten a política de asegurar espazos de socialización e de garantir a pervivencia da nosa maior riqueza entre a xente máis nova. A nós non se nos ocorre mellor forma de facelo que hoxe con



esta proposición. Dende logo, non estará todo conseguido, abofé que non o estará, pero estaremos dando un paso importantísimo para manter o galego vivo e para loitar coa cada vez maior desafección da xente nova pola nosa lingua.

Nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a Señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

No Grupo Parlamentario do BNG guíannos dous principios básicos no noso compromiso de actuación política: o primeiro, sermos leais representantes do pobo; e, o segundo, actuarmos desde unha vontade social transformadora. Dúas premisas que sosteñen o propósito de asumirmos como propia, e compartida co Grupo Socialista, esta proposición non de lei de iniciativa popular. Porque temos ben presente que 33.008 sinaturas nos preceden no pulo social que asina de puño e letra esta iniciativa Xabarín. E, canda todas elas, acreditamos que se trata dunha iniciativa transformadora, pois reclama a reparación, en xustiza e dignidade, de acrecentar a oferta audiovisual de contidos de calidade en galego de forma continuada para a infancia e a mocidade.

E preguntámonos que camiño andamos, que bases fomos sentando. Hai corenta anos, o Estatuto de autonomía abría a porta á creación dos medios de comunicación social, entre eles, a Televisión Galega. En 1983, a Lei de normalización lingüística regulaba o galego como a lingua deste medio. Un ano despois, a Lei de creación da CRTVG atribúelle a este ente, no artigo 1, a misión de servizo público consistente na promoción, difusión e impulso da lingua galega, así como a atención á máis ampla audiencia, dirixíndose a todos os segmentos de público, idades e grupos sociais mediante toda clase de emisións en lingua galega. Máis recentemente, a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza define a CRTVG como un instrumento eficaz de vertebración da identidade de Galiza como pobo e da difusión e normalización da súa principal manifestación, que é a lingua.

Finalmente, quero traer aquí tamén o Plan xeral de normalización da lingua galega, que ten identificado como punto débil a escaseza de recursos formativos e tamén de lecer en lingua galega dirixidos aos máis novos, nomeadamente, na esfera audiovisual, que sirvan de apoio tanto para a educación como para as actividades de tempo libre; pola contra, o propio Plan xeral de normalización da lingua galega admite como fortaleza a existencia dunha importante industria audiovisual galega.



E volvemos preguntarnos que acontece agora, entón, no ano 2021, con que presente estamos a debullar as claves do futuro da normalización do galego. O uso dunha lingua —non o esquezamos— é sempre social e fundamentalmente socializador. Para restituírmos o galego, cómpre que este sexa visíbel, audíbel, sen ningún espazo de exclusión ou de subordinación. A televisión ou o conxunto do sector audiovisual son, precisamente, bos exemplos de inviabilidade da demanda de galego, non porque non exista esa demanda, senón por exclusión na oferta, e poñemos tres exemplos moi concretos:

A galega é a única lingua oficial do Estado que non conta cunha canle temática infantil e xuvenil dentro da oferta básica das principais operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL ou tecnoloxía móbil. Dos máis de 25.000 títulos de filmes e series que ofertan as principais plataformas de televisión por *streaming*, só 25 están en galego, e ningún dobrado ou lexendado. Das 120 horas ao día que emite Televisión Española a través das súas cinco canles, só 39 minutos se escoitan en galego. Porén, contra o que podía parecer, esta realidade discriminatoria non é inevitábel, é reversíbel, e pódese intervir nela para gañar espazo e restituír o galego. Con vontade política a lingua gañará uso e Galiza será máis visíbel tamén fóra, mostrando o que é, o que somos, dende o noso idioma, sen complexos.

Temos precedente de éxito. Toda unha xeración Xabarín reivindicase hoxe naqueles referentes de imaxes, música, series animadas que reafirmaron as xeracións mozas na modernidade da lingua da casa; aquela aprendida inicialmente, transmitida por vía familiar, mais tamén naqueloutra descuberta, esa lingua ausente e subsidiaria como nova compañeira de viaxe e de socialización. «*Considero un referente as cancións do Xabarín Club*», afirma nunha entrevista recente a recoñecida e multipremiada escritora galega Leticia Costas. Unha xeración que, por certo, hoxe estraña esa ferramenta de acompañamento comunicativo de adquisición da lingua e de normalización na vida dos seus fillos e fillas.

No BNG entendemos que o principio esencial de servizo público da CRTVG, xunto á centralidade do conxunto do audiovisual como eixo normalizador, xustifica a aprobación unánime desta proposición non de lei de iniciativa popular. Un «debe» que cómpre repararmos canto antes cun novo «haber» en forma de reforzo positivo para o noso idioma que poña fin á inferioridade de condicións de presenza do galego na programación audiovisual de calidade e continuada para a infancia e a mocidade e favoreza unha política real a favor da normalización da nosa lingua propia e oficial. A unanimidade social conseguida arredor da iniciativa Xabarín deberíase reflectir hoxe, e por iso confiamos no apoio unánime do Parlamento.

Obrigada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.



Señorías, boas tardes.

Hoxe é un deses días onde unha, como deputada, se sente realmente gratificada. Estamos aquí a debater sobre unha... *(O señor presidente diríxese á deputada para recordarlle que quite a máscara.)*

¡Un xa está tan acostumado...!

Decía que hoxe é un deses días en que nos sentimos especialmente contentos, e parécenos moi gratificante poder debater aquí sobre unha iniciativa que xa vén dende a rúa, que xa vén con esas 33.000 firmas, impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística, a quen, ademais, queremos agradecer o interese que tivo por falar con todos os grupos para que isto puidera chegar aquí consensuado. Froito desas conversas foi tamén a nosa emenda. E queremos tamén agradecer ao resto dos grupos esa mesma vontade de consenso para que hoxe poidamos chegar a acordos que, aínda que en principio partiron da idea dun programa determinado, en definitiva, do que se trata aquí é do dereito que teñen as nenas e os nenos galegos de que os medios públicos de comunicación audiovisual lles ofrezan contidos de formación e entretemento na súa lingua materna; ao mesmo tempo que estamos tamén desta maneira promovendo o uso e o coñecemento desa lingua.

É unha iniciativa na que, ademais, vemos tamén a necesidade que teñen eses medios públicos de comunicación audiovisual de se renovar continuamente para estar na vangarda do que requiren os novos tempos, tanto en medios como no que solicitan os públicos, neste caso, o público infantil.

En definitiva, e en relación coa CRTVG, estamos aquí a falar dos artigos 10, 32, 33, 34 e 43 do mandato marco. E para garantir estes contidos, a CRTVG ten feito importantes esforzos en materia de renovación tecnolóxica coa súa dixitalización, cun orzamento de quince millóns de euros de fondos propios, para ser quen de garantir a permanencia no futuro. Pero iso non é suficiente, continuamente se segue renovando tanto en contidos como en formatos, e onte mesmo tiñamos unha boa noticia: a CRTVG ten unha canle íntegra en *Youtube*. É a primeira cadea autonómica que a ten. E, ademais, hoxe tiñamos outra boa nova: hai que dicir que mañá se abre unha canle en *Twitch* onde vai estar o *Dígocho eu*. Por tanto, ese interese por renovarse continuamente e por estar a carón dos novos tempos e do que demandan as audiencias.

¿E que pasa no mundo infantil? ¿Que pasa co público infantil? Pois da mesma maneira está tendo a programación naquela franxa horaria onde hai un maior consumo. O compromiso da lingua e o mundo infantil dos nenos e as nenas na TVG é claro e contundente. Prográmase en horario de máxima audiencia infantil, apóstase tamén por crear contidos en galego, por crear contidos propios, como pode ser, por exemplo, *A pita cega*, por poñer en marcha canles dixitais ou por proxectar unha plataforma OTT.

E falar de programación infantil na TVG vén sendo falar de *Xabarín*. *Xabarín* é ese programa que nacía na década dos noventa, nun momento en que había un forte tecido cultural galego emerxente, tanto na parte audiovisual, musical como na do deseño, nun momento en que



se apostou por un formato novo, por un concepto orixinal e tamén, e sobre todo, en que non había un panorama audiovisual moi amplo. Todo iso xunto fixo que o *Xabarín* fora un referente, se convertera nun elemento dinamizador da lingua e da cultura galega e que sexa recordado por todos os que estamos aquí, ben porque algúns son consumidores ou ben porque no caso doutros, como é o meu, o foran os nosos fillos. Por iso esta iniciativa que se debateu nas rúas estou segura de que tamén se debateu en moitos dos fogares. No meu fogar xa lles podo dicir que si houbo tamén debate sobre esta iniciativa.

Pois ben, actualmente, o *Xabarín Club* está na TVG2 en horarios de máximo consumo e ten, ademais, dispoñibles catro canles dixitais, polo tanto, 24 horas: a canle *Xabarín televisión* na web da CRTVG; a canle *Xabarín TV* na APP da CRTVG; a APP do *Xabarín* e *Radio Picariña*; e as APP da CRTVG. Todas están dispoñibles en IOS e en Android. Aínda así todos os que estamos aquí somos conscientes de que, aínda a pesar de haber toda esta oferta, a huella que ten na poboación infantil, nos nenos e nas nenas, non é semellante á que tiña naqueles anos noventa. Por tanto, temos que estudar que está a pasar.

Ben, en primeiro lugar, hai unha oferta moito máis ampla. Despois hai que ver que a TDT, esas canles das que vostedes falaban que hai en todas as televisións autonómicas, son igual de fracasadas —perdóenme a expresión, pero realmente non teñen éxito ningún—, porque non hai máis que ver os datos. Na televisión vasca, a audiencia é nestes momentos do 0,2 %. Na televisión catalá, do 1,7 %, pero é que en Clan é de 1,3 %, e en Disney Channel, do 0,5 %. Por tanto, é unha tendencia á que non escapa tampouco o *Xabarín Club* na TVG2. O que está claro é que a TDT xa non é unha canle que valla para o público infantil. Pode aínda valer para os maiores, pero para o público infantil, non, porque non a consomen. Ademais, é unha canle que no ano 2030 ten que rematar, e neste momento tampouco hai espazo dispoñible para unha canle máis. Por tanto, non ten sentido poñer unha nova canle TDT de programación infantil.

O que si ten sentido é apostar polas canles dixitais. E, como dicíamos, aquí en Galicia xa hai esas catro canles dixitais, pero tamén é certo que, aínda así, non somos quen de chegar maioritariamente ás nenas e aos nenos. Por iso esta iniciativa vai de reforzar esas canles dixitais, de darlles maior presenza. E vai tamén de algo que a min me parece moi importante e que creo que é por onde debe de ir o futuro con máis posibilidades de éxito. O director xeral da CRTVG díxonos que están traballando nunha plataforma OTT de fácil acceso onde haberá unha canle para os nenos e as nenas en galego. Creo que isto é o máis óptimo, é o que está máis próximo e é o máis factible, e creo que neste momento estaremos a falar dun novo pulo para a programación infantil en galego na CRTVG.

Pero non se pode —creo eu— limitar unicamente a CRTVG aos contidos infantís en galego. Hai outra televisión que é tamén pública e que neste momento ten cero programación en galego para os nenos e as nenas. Por iso nesta iniciativa, aproveitando esta oportunidade, queremos tamén pedir que a Televisión Española teña a opción de dobrado ao galego na súa canle infantil e tamén na súa APP. Nun momento no que, ademais, se está a debater a Lei de medios audiovisuais en España, cremos que tamén hai que aproveitar o momento e aproveitar este debate para que esa lei recoñeza claramente esa pluralidade de idiomas e esa necesidade de que sexa unha plataforma que exerza tamén a súa función de promoción e de fomento da lingua propia en cada un dos territorios que temos en España con lingua propia.



E xa para rematar, e incidindo un pouco máis nesta oportunidade que nos deron nesta iniciativa popular, falabamos das dúas canles de televisión pública, pero nin sequera podemos quedar aí. O galego ten que chegar a outras canles, ten que estar dispoñible —xa se dixo aquí— noutros medios. Por iso tamén esta iniciativa pretende e pide á Xunta de Galicia que inicie conversas con outras administracións e con empresas para que nas canles dixitais de televisión exista a opción de dobrado ou subtítulado en galego.

E facémolo ademais nun momento en que eu expresamente quero felicitar a Xunta de Galicia porque hoxe mesmo o presidente presentaba o Proxecto Nós, para que os galegos poidan interactuar en galego no mundo dixital. Paréceme que é unha moi boa nova para toda Galicia, apoiámolo tamén da mesma maneira e alegrámonos de que os orzamentos da Xunta para este ano incrementaran nun 53 % os destinados á Secretaría Xeral de Política Lingüística. Queda claro, pois, o compromiso do Goberno galego coa lingua galega en todos os ámbitos.

O galego é unha lingua que falan máis persoas que hai cinco anos. O último informe PISA di, ademais, que Galicia é a comunidade autónoma onde o alumnado fala dúas linguas con máis facilidade. O 96 % do alumnado afirma poder falar bastante ben ou ben en galego para conversar con outra persoa e o estudo da RAG corrobora que a competencia do alumnado en galego é maioritaria. O 83 % dos enquisados afirman ser bilingües.

Por tanto, creo que é un bo momento para poñer en valor estes bos datos, pero é un bo momento tamén para seguir a traballar para que isto non quede aquí, para que os datos sigan mellorando e para que os nosos nenos e as nosas nenas teñan a oportunidade de elixir o idioma no que queren escoitar e ver a televisión e poidan acceder a contidos en galego e con formatos que a eles lles interesen.

En definitiva, creo que con esta unanimidade respecto desta iniciativa hoxe é un bo día para os galegos e un bo día para o galego.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Os grupos autores da proposición non de lei reparten tamén o tempo. Pódeno facer desde o escano ou desde a tribuna, como queiran, dáme igual. Como vostedes queiran.

Ten a palabra a señora Díaz.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas, presidente. Facémolo dende a tribuna, que a ocasión ben o merece.

O señor PRESIDENTE: Moi ben.

A señora DÍAZ VARELA: Dicía tamén —e concordo coa señora Arias— ao comezo da miña intervención que hoxe era un día para a lembranza, e vai ser así, e así o consideramos desde



o PSdeG. E así será por canto hoxe todos os grupos, polo menos os tres que formamos parte deste Parlamento, deixamos de lado as nosas diferenzas e —quero volver resaltalo— tratamos a lingua como o que é ou como o que debera ser: un elemento de cohesión e de orgullo, a nosa maior riqueza como pobo, que debemos non só protexer, senón tamén promocionar para conseguir normalizar, e máis entre a xente nova —como dicíamos—, porque esa é a única maneira de garantir ou de asegurar esa conservación.

Aquí si que teño que facer un matiz: nós agardamos tamén dende o PSdeG que este mesmo consenso arredor da lingua nos acompañe en toda a acción política que temos agora por diante e que tamén ese consenso exista —mesmo no discurso da señora Arias e entendo que no PP tamén—, comprometido coa lingua, e comprometido coa lingua no que respecta ao audiovisual. Eu, iso si, recomendaríalles, de todas formas, que revisen os datos ou que vexan mellor os informes, porque creo que aí si que non estaban moi acertados.

En definitiva, con esta proposición, o Parlamento galego acaba de confirmar a necesidade e o acto de xustiza de que os galegos e as galegas poidamos consumir produtos audiovisuais atractivos e actualizados na nosa lingua, ao igual que xa se fai noutros países do mundo, contribuíndo así á súa normalización, pero tamén asumindo que o noso idioma pode ser un elemento globalizador, un elemento de cohesión, un elemento de atracción para xentes de todas as partes do mundo. Pero ben, o máis importante, dende logo para o PSdeG, é que, con esta proposición que asumimos, as nenas e nenos —e non tan nenas e tan nenos— terán —e teremos— a oportunidade —eles e elas— de crecer e nós de ver como crecen no seu idioma, se así o quixeren, ou se así llelo propoñemos ás súas familias. Polo menos, teremos esa oportunidade. Iso si, o maior desexo é que esa oportunidade a aproveitemos; que quen temos a responsabilidade de coidar, de educar, de ofrecer, de garantir espazos de lecer, espazos de divertimento, de xogo, de diversión aos nosos nenos e ás nosas nenas, promovamos que, cando toque sentar diante dunha pantalla, o fagamos sempre acompañados do *Xabarín*.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

Respecto da emenda, non sei se teño que pronunciar-me eu ou se se ten que pronunciar... (*A señora Díaz Varela diríxese ao presidente do Parlamento.*) Chegamos a unha transacción. Acor-damos que si, que se acepta.

Bueno, pronunciarase despois.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Escribiu don Ricardo Carballo Calero que «o galego debe estar en todo e para todo». A sociedade galega está a nos requirir exemplarmente que actuemos



desde o consenso en materia de normalización lingüística. Sería imperdoábel, efectivamente, que esta Cámara de representación do pobo non estivese hoxe á súa altura, acompañando un movemento de socialización coma este ao redor do galego.

Benvido, polo tanto, o Partido Popular a este acordo a prol da lingua galega, na confianza —dígoo sinceramente— de ser este o primeiro acordo político que traballe para sermos protagonistas dun cambio de rumbo e de esperanza para a nosa lingua. Contar co apoio unánime deste Parlamento hoxe para a iniciativa Xabarín —unha iniciativa social e popular— implica comprometerse coa mudanza da situación actual do galego; implica eliminar límites a un presente de reparación, de exposición e usos nun espazo que cada vez ocupa unha maior centralidade no lecer da mocidade; implica non aceptar a falta de equidade, o desequilibrio actual en que a porcentaxe de galego na programación infantil e xuvenil apenas é do 4,6 % durante a semana, descendendo na fin de semana até o 2,7 %; implica —este acordo— non nos conformar con que a programación en galego só estea garantida por unha única canle, a TVG; implica verificar que a situación do galego actual, preocupante, non é irreversible se entre todos e todas traballamos con certeza para mudala.

No BNG queremos, sobre todo, agradecer a todas as persoas que fixeron posíbel, co seu activismo e implicación, converter esta semente en froito vivo. Recoñecemos o voso esforzo de todos estes meses, coordinado pola sempre acción exemplar da Mesa pola Normalización Lingüística, e ben entendemos que en condicións ben pouco favorábeis durante todos estes meses de pandemia.

Obrigadas desde o BNG por esta aperta de máis de sesenta quilómetros á nosa lingua, que representa a cadea humana que constrúen 33.008 galegos e galegas que nos trouxeron até aquí.

E remato xa, nas vésperas dunha nova primavera para o Día das Letras Galegas este vindeiro 17 de maio, co verso de Xela Arias, que convida ao futuro: «Non hai; si que non hai idioma abondo; non hai idioma abondo para querérmonos en galego», e tamén desde a comunicación audiovisual, engado eu.

Obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Ángel Tellado Filgueira e oito deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da encomenda da construción dun buque de acción marítima para a Armada Española nos estaleiros de Navantia, na ría de Ferrol

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular, unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavo, e por iniciativa do deputado Miguel Ángel Tellado Filgueira, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Debe engadirse un novo punto, co número 1, co seguinte texto:

«O Parlamento galego acorda:

1.- Instar a Xunta de Galicia a que demande a todas as administracións públicas, especialmente ao Goberno de España, a firma dun Pacto de Estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas da comarca, protexa o emprego e a industria e se garanta un futuro para Ferrol, Eume e Ortegal.»

O texto do acordo orixinal pasará a ser o punto número 2.)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitalle ao Goberno de España:

a) A dotación de carga de traballo inmediata para os estaleiros de Navantia en Ferrol tanto para o cadro de persoal principal como para a industria auxiliar.

b) Desenvolver ao 100 % o Plan industrial pactado e o proxecto de estaleiro 4.0 para as instalacións do estaleiro ferrolán.

2. Utilizar as competencias da autonomía en economía, industria e formación para:

a) Elaborar un plan de reactivación económica das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, con graves problemas de desindustrialización.

b) Participar máis activamente no desenvolvemento do Estaleiro 4.0 de Ferrol, que inclúa proxectos para a captación de fondos europeos no estaleiro ferrolán.

e) Levar a cabo un plan formativo para os traballadores da industria auxiliar do sector co fin de garantir a súa competitividade e unha continuidade na actividade dunha mande obra altamente capacitada.

d) Elaborar un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólico-mariña, que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, de tal xeito que se aproveiten as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial.»)



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonzo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Engadir un novo apartado na parte resolutiva co seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza, en relación coa carga de traballo en Navantia ría de Ferrol, a esixir do Goberno do Estado:

1.- A entrada da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia, tal como se contempla no Estatuto de Autonomía de Galiza e na Lei de fomento do sector naval de Galiza.

2.- A creación dun centro tecnolóxico do sector naval.

3.- Que constitúa unha mesa de traballo conxuntamente co goberno do Estado español, e as federacións sindicais con representación no sector, para a elaboración e posta en marcha dun plan para a diversificación e recuperación de actividades no centro de Navantia ría de Ferrol, no que se inclúan os seguintes aspectos:

3.1. Impulsar un plan específico para recuperar a construción naval civil en Fene.

3.2. Garantir a participación directa de Navantia ría de Ferrol e da Fábrica de Turbinas nos proxectos da eólica mariña.

3.3. Impulsar un plan específico para introducir a Fábrica de Turbinas no sector das tecnoloxías para a descarbonización da mobilidade marítima.

3.4. Construír novas infraestruturas para obra nova e reparacións: talleres, diques, elementos de elevación, etc.

4.- Garantías de que os proxectos de eólica mariña flotante nos que participe Navantia se realizarán no centro de Fene, mantendo a participación maioritaria de Navantia na UTE con Windar, ou calquera outra empresa, e paralizando de xeito inmediato o plan da dirección de Navantia para ceder as instalacións de Fene á empresa privada Windar.

5.- A adxudicación e execución inmediata dos traballos de transformación do buque Galicia, do Ministerio de defensa, a Navantia ría de Ferrol.»»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.



Dende o Grupo Popular volvemos a este pleno a demandar do Goberno do Estado a construción dun barco ponte para os estaleiros de Navantia na ría de Ferrol. Prometemos que traeríamos esta iniciativa mes tras mes ata que o Goberno de España dera o seu brazo a torcer, e aquí estamos, nun novo mes —je xa van bastantes!— demandando o mesmo. Hoxe, sen embargo, queremos dar un paso máis, e por iso presentamos unha autoemenda. Hoxe vimos cunha nova proposta, non só vinculante para o Goberno do Estado, senón para todas as administracións. Hoxe traemos a proposta da Xunta de Galicia de firmar un pacto de Estado por Ferrol, que pretendemos que sexa abalado de forma unánime tamén por esta Cámara; un gran acordo para atopar solucións conxuntas aos problemas económicos, demográficos e industriais de Ferrolterra; un gran acordo que implique a todas as administracións públicas con responsabilidades, con competencias na resolución dos problemas da nosa comarca: os concellos, a deputación provincial, a Xunta de Galicia e tamén, de forma, evidentemente, imprescindible, o Goberno de España.

Señorías, a comarca de Ferrolterra arrastra dende hai décadas unha tripla crise: unha crise industrial provocada polas reconversións dos anos oitenta e as posteriores; unha crise económica, cun tecido empresarial en retroceso e progresiva deslocalización, moi dependente especialmente do sector naval; e unha crise demográfica con maior declive poboacional e un maior envellecemento que o resto de Galicia.

A estas tres crises veu engadirse unha cuarta, e quizais a máis perigosa: a que vivimos na comarca de Ferrolterra dende que goberna Pedro Sánchez na Moncloa e que en apenas tres anos de mandato paralizou os investimentos previstos nos estaleiros da ría de Ferrol, perdeu contratos millonarios para os estaleiros da ría e deixou sen carga de traballo a Navantia, paralizándose o proxecto das fragatas F-110. O mesmo Goberno que pechou a central térmica das Pontes e o mesmo Goberno que ataca a industria electointensiva de todo o país, tamén a industria electointensiva de Ferrolterra.

Falar de Goberno socialista é falar de crise para a comarca de Ferrolterra; demóstrao a hermeroteca das últimas décadas. Sempre que gobernou o Partido Socialista no Goberno de España, á comarca de Ferrolterra foille mal. Nos orzamentos do 2018, aprobados por Mariano Rajoy unha semana antes daquela moción de censura, destinábanse 248 millóns de euros para iniciar os traballos de construción das fragatas F-110. Ían supoñer a ocupación para 7.000 traballadores durante os próximos dez anos. Esa partida orzamentaria non se executou no ano 2018, non se executou no ano 2019, non se executou no ano 2020 e non se executou nos catro meses que levamos de ano 2021. É máis, polas propias declaracións de representantes do Goberno socialista, non veremos iniciar o proceso de construción destas fragatas ata ben entrado o ano 2022.

Estes atrasos prodúcense xusto cando os estaleiros estaban a piques de rematar a construción dun buque para a Armada Australiana. E estes atrasos prodúcense, ademais, no momento no que o Goberno socialista perdeu ese macrocontrato para a construción de 10 fragatas para a Armada dos Estados Unidos; unha oportunidade histórica que suporía máis de cinco mil millóns de euros de facturación para os estaleiros da ría de Ferrol.

No 2018, cando chegaron, tiñan o traballo feito en relación coas fragatas F-110. Sen embargo, ¿que fixeron dende entón? Paralizalo, atrasalo, deixalo nun caixón. O Grupo Parlamentario



Popular levou á Comisión unha iniciativa pedindo un barco ponte, un barco que dera traballo aos estaleiros da ría de Ferrol mentres non comezaba a construción das fragatas F-110.

Cando levamos esa iniciativa ao final da lexislatura anterior á Comisión de Industria, o Partido Socialista aquí, en Galicia, dixo que ese barco non era necesario, e non apoiaron a nosa proposta. Dixeron que a Armada Española non precisaba dese buque. Meses despois, moi poucos meses despois, o que vimos era que o Ministerio de Defensa encargara a construción dese buque aos estaleiros de Cádiz por un importe de 167 millóns de euros. O Partido Socialista, aquí, en Galicia, mentiu para defender o Goberno socialista, que tiña os seus intereses noutras partes do territorio nacional. Unha vez máis, o Partido Socialista, dende o Goberno, traizoou os intereses da comarca de Ferrolterra e traizoou o sector naval.

Hoxe lemos no xornal *El Correo Gallego* que as auxiliares de Navantia non traballarán nas F-110 ata o ano 2023. E estamos vendo como as auxiliares están despedindo xente todos os días, e que eses despedidos se poderían evitar cunha decisión dun consello de ministros calquera martes, se se encarga ese barco aos estaleiros da ría de Ferrol. Pero ese encargo non chega; ese encargo non chega.

Esta iniciativa, que volvemos traer de forma reiterada, é respondida coa incoherencia política e a hipocrísia do Partido Socialista. Na comarca de Ferrol votan a favor de demandar este barco ponte, votan a favor da construción dun BAM. No Parlamento de Galicia, primeiro abstivéronse, e logo, pola presión social de toda unha comarca, non lle quedou máis remedio que votar a favor. E finalmente, cando esta iniciativa vai ás Cortes Xerais, o Partido Socialista alí tómbaa. Esa é a realidade. Nós pedímoslle ao Partido Socialista que utilice as súas influencias, que faga que os seus deputados e senadores galegos defendan os intereses da nosa comarca.

Este ataque do Goberno socialista afecta especialmente a Ferrol, porque Ferrol é unha cidade de Estado. O Ferrol moderno, o Ferrol que hoxe coñecemos, é unha cidade que nace no século XVIII ao servizo do Estado, ao servizo da Coroa. Nace logo dunha decisión da Coroa de construír no interior da ría de Ferrol os máis modernos arsenais de toda Europa e uns estaleiros ao servizo dese arsenal militar. E, polo tanto, como cidade ao servizo do Estado, todas as decisións que toma o Goberno de España afectan de forma moi especial a cidade de Ferrol. A cidade de Ferrol viviu sempre mirando o *Boletín Oficial do Estado*, porque as decisións do Goberno de España afectan moi especialmente, moi directamente, a vida dos ferroláns.

Sempre que o Goberno se implicou e o sector naval público tiña carga de traballo, Ferrol ía ben. Sempre que o Goberno —sempre socialista— se desentendía de Ferrol e do sector naval, a Ferrol lle ía mal.

Ante esta situación, nós seguimos demandando o de sempre: carga de traballo para os estaleiros da ría de Ferrol, seguimos demandando ese barco ponte e volvemos pedir que hoxe o Parlamento de Galicia se pronuncie en favor desa proposta inmediata para dotar de carga de traballo o noso estaleiro, pero queremos tamén pedir un posicionamento unánime do Parlamento de Galicia en defensa dese pacto de Estado proposto pola Xunta de Galicia en defensa de Ferrol.



A Xunta decidiu dar un paso á fronte, en primeiro lugar, abrindo un proceso de diálogo con todos os axentes da comarca de Ferrolterra: os sociais, os económicos, tamén os políticos, cos alcaldes... En segundo lugar, mobilizando recursos dende distintos departamentos do Goberno galego para mobilizar novos investimentos, para lograr entre todos unha discriminación positiva en favor da comarca de Ferrolterra. E, en terceiro lugar, impulsando este pacto de Estado por Ferrol, que implique a todas as administracións, e especialmente o Goberno do Estado.

O Goberno galego e o grupo parlamentario que o sustenta non estamos dispostos a abandonar Ferrol. Nin o PP de Galicia nin o Goberno galego están dispostos a sumarse á indiferenza que caracteriza o Goberno de España en relación coa situación de Ferrol. Por iso presentamos este pacto de estado por Ferrol, un pacto de estado que ten oito eixos: recuperar o tecido empresarial; reforzar as industrias estratéxicas como o naval, a enerxía e as electrointensivas; modernizar a economía da comarca; crear un polo enerxético que aproveite as diferentes modalidades de produción de enerxía: biocombustibles, gas, hidróxeno verde, eólica mariña...; impulsar as cadeas de valor para incorporar os sectores auxiliares; impulsar a innovación e o coñecemento; incrementar a competitividade, e a consolidación, ampliación e modernización dos servizos públicos docentes, sociais e sanitarios.

Un pacto de estado que se basea en involucrar a todos os que teñen competencias para que a Ferrol lle vaia ben, involucrar a todas as administracións para buscar solucións conxuntas, identificar novas oportunidades e diversificar a economía de Ferrolterra, mantendo o sector naval como estratéxico; polo tanto, manter o sector naval como irrenunciado, demandando carga de traballo inmediata para os estaleiros da ría de Ferrol. Ferrol precisa un pacto de estado. A Ferrolterra débese un pacto de estado e non pode haber un pacto de estado se non participa o Goberno central, o Goberno de España.

E nós, polo tanto, queremos lanzar dende esta cámara unha defensa pechada de todas as forzas políticas en defensa dese pacto de estado que involucre a concellos, que xa teñen amosado a súa disposición de participar; que involucre a Deputación Provincial da Coruña; que involucre, evidentemente, a Xunta de Galicia, que é quen o propón, e que involucre necesaria e imprescindiblemente o Goberno de España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a proposta que hoxe traemos a este pleno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.



Unha proposición de lei serve para establecer unha posición política ante un tema determinado. O Partido Popular é polo menos a cuarta vez que trae esta iniciativa ao Pleno e xa veu a posición política de todos os grupos políticos ante os problemas de falla de carga de traballo de Navantia ata o inicio das F-110. Pero incide en seguir traendo esta iniciativa porque a realidade é que non ten ningún tipo de solución ante os problemas industriais que ten a cidadanía ferrolá. Tres deputados de Ferrol do Grupo Parlamentario Popular e son incapaces de conseguir que a Xunta de Galicia, que ten plenas competencias en materia industrial, faga nada por tratar de evitar a situación que viven as comarcas de Ferrol, *(Aplausos.)* Eume e Ortegal. *(Aplausos.)*

Por iso volvemos presentar a mesma emenda. E poñéndolles deberes a Navantia e ao Goberno central —que tamén o facemos—, poñémoslle deberes a quen ten competencias en materia industrial, en infraestruturas, en emprego, en formación, en solo industrial, etc. Isto é coma se unha embarcación de rescate estivese navegando e ve como aparece unha persoa sen auxilio no medio do mar, pero en vez de auxiliala dixera: mira outra embarcación por aí que non fai o suficiente por auxiliar esa pobre persoa. E pasar un tempo e volver repetir: mira esa embarcación aí que non fai o suficiente por salvar esa persoa en perigo, e así unha vez e outra vez, observando como esa persoa afoga sen facer absolutamente nada por evitalo. Señores do Partido Popular, teñen unha embarcación de rescate ao seu servizo e poden usala. Vostedes elixen se queren salvar o náufrago ou narrar simplemente como o pasa mal mentres outros tratan de salvalo. *(Aplausos.)*

No Partido Popular, en vez de estar ocupados por gobernar Galicia en tempo de pandemia e ver que poden aportar, están preocupados por facer oposición ao Goberno do Estado. Dá igual a situación na que deixaron Navantia, nunca falan dela; dá igual as razóns espurias porque meteron nun caixón o proxecto das F-110. O importante é intentar esconder as súas competencias en materia industrial do Goberno galego.

Vou volverlles explicar cal é a situación na que deixaron vostedes Navantia no ano 2018 —o seu goberno, señores do Partido Popular, señor Tellado—. Observemos a carga de traballo de Navantia. É dicir, o importe de contratos asinados durante o Goberno do Partido Popular, cunha intensa caída durante o período do ano 2012 ao 2017 que provocou un gran problema financeiro na empresa, que agora mesmo está financiada con préstamos participativos da SEPI por un valor de 1.500 millóns de euros. É dicir, señores do Partido Popular, a empresa estaba en quebra técnica. Rajoy e vostedes deixaron a empresa en quebra técnica, inmersa en causa de disolución, segundo a Lei de sociedades de capital, e sostida unicamente polos préstamos participativos da SEPI. Polo tanto, nunha insostible situación producida pola incapacidade, incompetencia e falla de aposta do Goberno do Partido Popular por Navantia. E agora, tres ou catro anos despois, esa falla de carga de traballo faise visible, como debe de ser, señores do Partido Popular. Xa que no ano 2019 recuperaron a carteira de defensa, fundamentalmente co programa das F-110 en Ferrol e o S-80 en Cartaxena, pasando de 1.680 millóns en 2017, cando vostedes gobernaban, a 7.747 millóns de euros a finais do ano 2020. *(Aplausos.)*

En decembro do 2018, co Goberno actual á fronte, asinaron o Plan estratéxico 2018-2022, cun acordo cos representantes dos traballadores, cos obxectivos de conseguir a viabilidade



da empresa, mantendo a actividade en todos os centros, modernizando os procesos e instalacións coa panca de transición dixital, rexuvenecendo a plantilla e adaptándoa á necesidade do mercado, a pesar da situación na que deixaron vostedes a empresa. Baixo este goberno mantívose o cen por cento do emprego, non se despediu a ninguén, e estase contratando xente nova á vez que se xubila o persoal de maior idade mediante o ERE acordado cos sindicatos no Plan de emprego. Rexuveneceuse o persoal con ata seiscentas contratacións previstas para Galicia nos próximos anos, o que se ve na actualidade na que se está a incorporar en Ferrol novo persoal.

Dende a chegada do actual Goberno do Estado pasamos da quebra técnica en Navantia e a falla de carteira de traballo a que Ferrol sexa no futuro o estaleiro que ten un maior volume de carteira de traballo, coa execución do maior programa de fragatas dos últimos anos. Lástima deste *período valle* de traballo que estamos a vivir, sobre todo para os traballadores auxiliares, derivado do olvido ao que someteu o Goberno de Rajoy o proxecto das novas fragatas F-110. Pero xa sabemos como funciona o Partido Popular, pois cando non goberna dedícase, como agora, a reivindicar e prometer para logo non facer absolutamente nada do prometido. Non vou volver recordarlles unha vez máis aqueles suculentos contratos de Pemex ou a construción de decenas de barcos para a empresa mexicana, ou o famoso dique flotante que ían construír en Ferrol.

Señores do Partido Popular, como todo o que fan en materia industrial, quedou só en titulares de prensa. O resultado real do seu paso polo Goberno de España para a empresa Navantia foi quebra técnica, falla de carga de traballo e falla de modernización do estaleiro. (*Aplausos.*) Xa que desexan falar da falla de carga de traballo ata o inicio da construción das fragatas, deberán explicarlles —dígollo sempre— aos ferroláns por que tiveron dous anos nun caixón o proxecto das fragatas, ata a chegada do Goberno socialista, que firmou uns contratos que van supoñer un investimento de máis de catro mil millóns de euros para Ferrol, o que garante dez anos de carga de traballo e a creación de sete mil empregos. ¡Xa sei que lles molesta, señor Tellado, pero é así!

Deberán contarlles aos traballadores auxiliares cada vez que traen este tema ao Parlamento cales eran os intereses particulares do señor Morenés para paralizar o proxecto, (*Aplausos.*) por que tiña o Goberno do Partido Popular tanto interese en poñerlles uns mísiles da empresa MBDA ás fragatas contra o criterio da propia Armada —podían darlle tamén, como á señora Mato, o Premio Dioxina— (*Aplausos.*) e cal era a relación desta empresa co ministro Morenés do Partido Popular. Supoño que non poderían sosterlle a mirada a calquera traballador da industria auxiliar. Menos mal que chegou o actual Goberno do Estado co desbloqueo dun investimento esencial para a cidadanía ferrolá e o deixar atrás as políticas daqueles que só miran para os seus propios intereses como —dicía— a señora Mato, señor Tellado.

Os prazos do programa das fragatas F-110 están a cumprirse sen atraso —hai poucas datas cumpriuse un dos fitos de aprobación da enxeñería—, nun programa que marcha en tempo e forma, segundo a súa planificación, e no primeiro trimestre de 2022 está previsto o inicio da construción das fragatas. Este programa aínda non colleu o ritmo de produción porque, evidentemente, ten unha enxeñería moi complexa que conleva moito tempo, dado que, entre outras cousas, están a desenvolverse tecnoloxías de xemelgo dixital e intelixencia artificial,



que supoñen prototipos que hai que deseñar especificamente antes de entrar en construción.

Este desenvolvemento tecnolóxico é único neste país nestes momentos e estase desenvolvendo en Ferrol —por iso debía estar contento, señor Tellado—. O que supón un investimento en innovación que será exportable ao mundo civil e que, ademais, permitirá que a F-110 poida tamén ser exportada internacionalmente, o que reverterá na economía de Ferrol e sosteirá o tecido produtivo da industria e defensa en Galicia.

Señores do Partido Popular, poden sumar e aportar algo positivo. Poden utilizar as súas competencias en materia industrial e emprego. Poden colaborar dende a Xunta de Galicia para darlle un maior impulso ao proxecto do Estaleiro 4.0, como está recollido no plan. Poden poñer recursos da Administración autonómica. Traballen nas políticas públicas da Xunta de Galicia para que o dito estaleiro consiga unha maior carga de traballo e novos investimentos, poden facelo. Ou poden seguir de perfil tombados á bartola deixando tirada a cidadanía ferrolá. Poden seguir coa súa propaganda sen contido, pero Ferrolterra, Eume e Ortegá necesitan urxentemente dun plan para a súa reindustrialización, porque as empresas auxiliares deberan ter alternativas e traballo na comarca, e vostedes son incapaces de xerar e manter a actividade industrial en Galicia. Non só en Navantía. Señor Tellado, vostede non estaba o outro día, pero Gabadi ou Cándido Hermida tamén teñen problemas, sen que vostedes fagan absolutamente nada de nada. *(Aplausos.)*

Poñan enriba da mesa axudas ás empresas auxiliares e un plan de formación para os traballadores deste sector co fin de fortalecer a competitividade destes traballadores e darlle unha continuidade a unha man de obra altamente capacitada. Elaboren un plan de captación de actividades industriais ligadas á industria eólica mariña que poida englobar outros sectores que sexan estratéxicos para a comarca, aproveitando as instalacións portuarias, as comunicacións e o solo industrial existente.

Hoxe pasaron de pedir un barco ponte —como estaban facendo os últimos meses— a renunciar ás competencias que ten a Xunta de Galicia en industria e emprego. Así o poñen vostedes directamente na emenda que presentan, cunha proposición na que piden que o Estado protexa a industria e o emprego da comarca de Ferrol. ¡Vostedes non teñen absolutamente nada que ver! Coma se vostedes estivesen simplemente observando e non tivesen nada que ver co tema da industria e co emprego. Deixen xa de tomarlle o pelo á cidadanía e fagan algo dende as súas competencias. Porque está ben pedir un pacto de estado para Ferrol, pero déanse conta de que teñen moitas cuestións que poden facer dende o seu goberno e non fan absolutamente nada de nada dende hai doce anos.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Moi boa tarde a todos e a todas.

Antes de máis, quería enviar un saúdo fraternal a dous colectivos que están hoxe defendendo os seus dereitos: ao persoal represaliado da empresa Cándido Hermida e ao persoal do convenio da limpeza da provincia da Coruña. (*Aplausos.*)

E indo ao debate de hoxe, o Partido Popular introduciu onte á última hora a seguinte proposta para tratar no pleno: demandar de todas as administracións públicas, especialmente do Goberno de España, a sinatura dun pacto de estado por Ferrol que dea unha resposta conxunta aos problemas da comarca. Nótase ben que no Partido Popular hai quen foi cociñeiro antes que frade. E digo que se nota ben porque desde que se popularizaron os concursos televisivos de cociña a estas alturas quen máis quen menos xa sabemos o que é un *trampantojo*; eses pratos que parecen unha cousa pero son outra, que enganar os ollos e non se distinguen realmente mentres non se proban. E iso é o que pasa coa súa proposta, que parece unha cousa pero é outra. Unha proposta, a de facer un pacto de estado por Ferrol, que ten boa presentación, que nos enche o ollo a todos e a todas —como non podía ser doutro xeito—, sobre todo ao BNG, que vimos demandándolles reiteradamente tanto á Xunta como ao Goberno de España que colaboren nos diferentes ámbitos nos que teñen competencias, como o naval, enerxético, a ría..., para impulsar dunha vez por todas unha auténtica e real reactivación e reindustrialización das comarcas.

Pero cando o camareiro serve o prato e os comensais proban, desfáise a ilusión e imponse a realidade. E isto é o que lles pasou aos alcaldes e aos sindicatos da comarca de Ferrol cando se reuniron co vicepresidente Conde e lles explicou que o pacto por Ferrol é a proposta que a Xunta presentou aos fondos Next Generation, o que veñen en denominar «polo enerxético». Nada sobre o sector naval e nada sobre a ría de Ferrol. Un polo enerxético do que á parte dos socios da Xunta no proxecto, entre os que destaca Reganosa ou Sogama, apenas se sabe que consiste na produción de hidróxeno verde e biogás.

Trátase —repito— dos proxectos da Xunta aos fondos Next Generation: produción de hidróxeno verde e biogás. Nada do sector naval e nada da ría, e pretenden poñernos a toda a comarca detrás destes proxectos. Proxectos dos que, como advirten dende o Comité de crise das Pontes —onde, por certo, está o Partido Popular—, se descoñece a súa viabilidade, os tempos de execución e o emprego que crearían. E isto preocupa moito nas Pontes porque, pola propia natureza dos fondos Next Generation, os proxectos da Xunta compiten en réxime de concorrencia cos proxectos de Endesa.

Así que a pregunta é obrigada: se gañan os proxectos da Xunta, ¿que volume de emprego van crear? ¿Van subrogar o persoal da térmica? ¿Que obrigas están dispostos a asumir respecto do resto do persoal, de auxiliares e transportistas afectados polo peche da térmica?

Igual que preocupa moito a ese comité de crise que a Xunta estea bloqueando a sinatura do protocolo entre administracións, para impulsar o convenio de transición xusta nas Pontes. Unha posición de bloqueo que, por certo, é totalmente contraditoria con pedir un pacto de estado entre administracións. E preocupa, sobre todo, porque o argumento esgrimido polo Partido Popular é unha falsidade notoria para todos os veciños e veciñas da vila das Pontes



e de toda a comarca. Porque dicir que non se impulsa o convenio de transición xusta, porque iso é asumir o peche da térmica, ¡ten delito! ¿Ou pretenden convencernos realmente de que non asinando ese convenio van manter a térmica das Pontes funcionando? Unha central que non funciona desde abril do 2019, que ten anunciado oficialmente o seu peche e que conta xa coa autorización do xestor das redes eléctricas.

¿Ou é que pretenden convencer a alguén de que o proxecto dos biocombustíbeis depende diso? Pero se nin sequera saben vostedes en que consiste. ¿De verdade que están vostedes poñendo en risco a sinatura do convenio de transición e a chegada de financiamento para As Pontes, por manter a ficción de que o proxecto dos biocombustíbeis significa manter a actividade da térmica?

Vostedes saberán por que están bloqueando e atrasando perigosamente a formalización do convenio de transición, pero non enganen a xente. O que está reclamando o Comité de crise das Pontes, onde —insisto— está o Partido Popular, é a sinatura urxente do convenio de transición, a creación de chan industrial, que, por exemplo, no caso de Portorribo depende en parte da Xunta, e garantías para o persoal que queda sen emprego. Iso é o que reclama a vila das Pontes.

O que presenta o Partido Popular como un pacto de estado por Ferrol é un *trampantojo*, que pinta ben, mais que no fondo é o mesmo menú de todos os días desde hai moitos anos, e que coñecemos ben en Ferrol e na Galiza. Antes foron as térmicas e as hidráulicas, hoxe serán os parques eólicos sen control e sen retorno social; algúns vinculados á produción de hidróxeno. É dicir, o territorio ao servizo da produción enerxética.

Calquera proposta destinada a cambiar ese modelo de explotación enerxética, a humanizala ou a poñela ao servizo do pobo é rexeitada polo Partido Popular. Por exemplo, constituír unha empresa pública de enerxía, que concentre os activos enerxéticos do noso país, tanto hidráulicos como eólicos. Isto significaría introducir neste complexo escenario de transición enerxética un actor da máxima relevancia e que responda a criterios de beneficio social nas súas actuacións. Serviría tamén para potenciar o tecido industrial galego, dirixindo cara ás empresas galegas a demanda de produtos e servizos que a transición e o desenvolvemento enerxético xeren, así como para garantir que o rendemento económico que producen os nosos recursos enerxéticos reverta no propio país. Pero o Partido Popular non está de acordo. Cos nosos recursos enerxéticos poden facer negocio empresas públicas italianas ou norueguesas, pero nós non podemos, porque segundo o Partido Popular son modelos desfasados. O que pasa é que en realidade teñen vostedes moitos compromisos adquiridos.

Igual que rexeitan a constitución dun centro tecnolóxico para a I+D+I no almacenamento da enerxía. Un problema precisamente hoxe de actualidade, xa que o propio Regulador do sistema advirte do problema que a enerxía renovábel representa para manter a estabilidade da rede e da subministración.

Polo tanto, un investimento en tecnoloxía importante, precisamente para cambiar ese papel que historicamente xogou Galiza de meros produtores de enerxía, para ser tamén provedores de tecnoloxía. Isto é algo que noutros territorios teñen claro, como, por exemplo, Euskadi,



onde teñen proxectos en marcha xa neste ámbito. Pero no pacto de estado que propoñen non falan nada disto, igual que non falan nada de Navantia.

O Partido Popular ten que asumir dunha vez que para implicarse na recuperación de Ferrol hai que implicarse no futuro de Navantia, en poñer Navantia a traballar. Ao contrario, desentenderse do que pase en Navantia, é desentenderse da comarca de Ferrol, que é o que fai o Partido Popular.

Mentres non exerzan as súas competencias e soliciten formalmente a entrada no consello de administración, tal como contempla o Estatuto de autonomía e a Lei de impulso do sector naval de Galiza, carecen vostedes de lexitimidade política para falar de Navantia. O Goberno galego debe entrar nese consello de administración, implicarse no futuro do estaleiro, nas súas infraestruturas e na recuperación e diversificación de actividades, a comezar pola construción civil, porque diso depende o futuro dunha comarca enteira. Porque nun sector naval diversificado e sen vetos si que poden crearse miles de postos de traballo.

Así que está moi ben, é moi necesario un pacto de estado por Ferrol. Pero o Partido Popular ten que asumir que non pode ser unicamente o valedor dos intereses de certas empresas, chámense Renagosa ou Grinalia, se quere aglutinar a sociedade comarcal. Un pacto de estado ten que significar implicación real no futuro de Navantia e a eliminación dos vetos. Un pacto de estado ten que significar que a explotación dos nosos recursos enerxéticos ten que ter un retorno social e económico no territorio. Un pacto de estado ten que significar que a Xunta exerza un mando único na ría de Ferrol e dispoña dos recursos económicos para impulsar con urxencia a súa rexeneración. Para poder impulsar de verdade ese necesario pacto de estado por Ferrol, a Xunta debe ter posicións propias á marxe da confrontación PP-PSOE, posicións consensuadas na Galiza. Pero non parece que estean vostedes polo labor.

Bloquear a sinatura do protocolo de colaboración para o convenio de transición xusta das Pontes é un claro e inequívoco exemplo desa confrontación tan allea e tan perigosa para todos e todas nós. Igual que a negativa a implicarse no futuro de Navantia, simplemente para poder usala como arma partidaria contra o Goberno de España.

Apoiaremos a iniciativa, xa que formalmente é correcta. Pero mentres a Xunta sexa refén dos ditados de Casado e de Ayuso, e renuncien vostedes a exercer de Goberno galego, non hai pacto nin reactivación posíbel. A maneira de comportarse con esta autoemenda e o seu discurso déixanos quedar a vostedes como uns trileiros, porque outra cousa non se pode dicir desta maneira de actuar.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Ben, vese que o BNG recompuxo as súas relacións co PSdeG-PSOE e hoxe vén facer de comodín para que non reciban moito, ¿non?

Señor Fernández Alfonso, vostede sabe igual ca min que de discursos ideolóxicos como o seu non se come na comarca de Ferrolterra. A vostedes preocúpalles moito a súa ideoloxía. Pero a verdade é que a xente non ten carga de traballo, a xente vai ao paro. E quen ten que arreglar todo o que ten que ver co sector naval é o Goberno de España, porque estamos falando do sector naval público, que depende do Goberno de España; por certo, ao que vostedes nomearon presidente.

Polo tanto, asuman a súa parte de responsabilidade co Partido Socialista sobre a situación de Ferrolterra. Menos leccións e aplíquense o conto, porque a Pedro Sánchez fixérono presidente vostedes co seu voto. (*Aplausos.*) Síntanse orgullosos da situación de Ferrolterra, porque teñen tanta culpa vostedes como os seus compañeiros de bancada, con quen gobernan en todos os sitios onde poden, aínda perdendo as eleccións. Esa é a realidade.

Mire: claro que queremos fondos Next Generation para a comarca de Ferrolterra, ¡por suposto! ¿Que é o pacto de estado por Ferrolterra? É que todas as administracións concreten compromisos concretos, datas, orzamentos e investimentos na comarca de Ferrolterra, nas tres comarcas. E iso téñeno que facer os concellos, a Deputación, a Xunta de Galicia e o Goberno de España. E vostede vén aquí xustificar que isto non é culpa do Goberno de España. Se de alguén é culpa, é do Goberno de España e do Partido Socialista, señor Fernández Alfonso, e tamén, na parte que lles toca, do BNG. Esa é a realidade.

Claro que queremos fondos Next Generation para poñer proxectos en Ferrolterra, ¡por suposto! E queremos que se inclúan dentro dese pacto de estado e que queden blindados a través do pacto de estado, ¡por suposto que si!

Se a central térmica das Pontes da que tanto falou está pechada é por unha decisión do Goberno socialista; unha decisión que vostedes aplaudiron. ¿Que queren que firmemos agora? Pechárona vostedes, e vostedes aplaudiron. Esa é a realidade. Asuman as responsabilidades e vaian ás Pontes contalo. Porque quen pechou a central térmica foi un Goberno socialista, que podía seguir funcionando ata o ano 2035, como sucede noutros países de Europea. E pechárona precipitadamente para cumprir cun discurso pseudoecoloxista, ao que lle importa os postos de traballo un pito. ¡Como se todos puideran ser deputados da esquerda en Galicia!

Señor Martín Seco, non vaia con ese discurso ver os traballadores das industrias auxiliares, non vaia a Ferrol contarlles iso, porque ten que entender que vostedes gobernan dende hai tres anos, ¡tres anos dentro de pouco! Polo tanto, se non hai carga de traballo nestes momentos é porque durante tres anos vostedes non fixeron absolutamente nada. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós deixamos carga de traballo,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, señor Rivas.



O señor TELLADO FILGUEIRA: ...deixamos pedidos e un proxecto para poñer en marcha. E as F-110 paráronas vostedes. Esa é a realidade.

Non se preocupe, pronto perderán o goberno e volverá o Partido Popular (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e reactivará o proxecto das fragatas F-110. (*Aplausos.*)

E non se preocupe de que o Partido Popular teña tres deputados na comarca de Ferrolterra, preocúpese de que o Partido Socialista ten cero, e que ao final cando falamos de barcos ten que falar un señor de Vilalba. Preocúpese diso, porque iso si que é claramente significativo. (*Aplausos.*) Non falan os da Coruña, van falar dende Vilalba. Esa é a realidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Mire: os estaleiros de Navantia dependen da SEPI. A SEPI depende do Goberno de España...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señor Seco!

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...Todo o que ten que ver co sector naval depende de vostedes. ¿Pensan facer algo? ¿Van participar no pacto de estado?, ¿si ou non? ¿Ou están chamando a Madrid para que non se sumen? Esa é a realidade. ¿Iso é todo o que lles preocupa Ferrol?

A situación da comarca de Ferrol é dunha gravidade extraordinaria, e este é o momento de actuar, señor Seco. É o momento de actuar e é o momento de implicarse dende todas as administracións. A Xunta de Galicia fai unha proposta e agardamos que o Goberno de España se sume, porque os concellos vanse sumar. Téñoos claro. E a Deputación estou seguro de que tamén. Polo tanto, este pacto de estado que vostede critica estou seguro que alcaldes socialistas e o presidente socialista da Deputación da Coruña van subscribilo, porque é de sentido común, porque coñecen a comarca moitísimo mellor ca vostede, porque saben o dano que o Goberno socialista lle ten causado a esta comarca.

O Goberno de España está en débeda con Ferrol, e tense que sumar e participar no pacto de estado. E o Goberno de España nun consello de ministros ten que aprobar a contratación dese barco por parte do Ministerio de Defensa nos estaleiros da ría de Ferrol. ¿Por que? Porque é de xustiza, porque Ferrol o precisa.

Non veña a esta cámara falar de auxiliares, como se nada tiveran que ver as decisións que adopta o seu partido en Madrid. É que se non hai carga no sector naval nestes momentos é pola súa culpa. Polo tanto, un pouco de prudencia e un pouco de responsabilidade.

Nós facemos un chamamento para defender entre todos un pacto de estado por Ferrol. Un pacto de estado que contemple investimentos e actuacións de todas as administracións, que supoñan unha aposta en positivo por unha comarca que necesita unha discriminación positiva para saír adiante. Ferrol deu o mellor que ten, que é a súa ría, ao estado, para construír uns arsenais militares e uns estaleiros. E Ferrol agora precisa axuda dese mesmo estado.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: É verdade que é circunstancial que no Goberno de España estea o Partido Socialista, e é verdade que moita xente desexa que sexa por pouco tempo. Pero mentres estea, eu pídolle que faga algo por Ferrol, (*Murmurios.*) porque está en débeda. Polo tanto, o Goberno de España ten que actuar. (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Señor Rivas, vostede non está neste debate. (*Murmurios.*) ¡Home!, non está neste debate.

Moitas grazas, moitas grazas señor Tellado.

(*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Rivas, vostede non está neste debate. ¡Non está neste debate! (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) De verdade, xa tivo o seu debate pola mañá. Tivo o seu debate pola mañá. Xa hai voceiros do seu grupo que saben do que falan. Fágame caso. Saben do que falan, máis que outros.

Seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e oito deputados/as máis, sobre a asunción polo Goberno galego da xestión pública directa das residencias de maiores que se van construír nas sete principais cidades de Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Todo o mundo ten ideoloxía menos o Partido Popular, que é un ser de luz. (*Aplausos.*) ¡É un ser de luz! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Y la Guardia Civil y la monarquía española.

Pois imos falar, precisamente, desa ideoloxía que non ten o Partido Popular, e de que non veñan a este Parlamento facer política, como todo o mundo sabe, que nos din así moi habi-



tualmente. Imos falar, precisamente, desa ideoloxía e, sobre todo, de a que intereses responde esa ideoloxía.

Pero eu quería empezar doutra maneira, que era enmarcando un pouco o debate, se mo permiten. Xa que é a última iniciativa que imos manter esta tarde, gustárame que fixésemos un exercicio colectivo —é fácil, non é difícil, tranquilidade, non teñen que responder a nada—. A min si que me gustaría que pensasen un momento cada unha e cada un de vostedes que o 87 % das escolas deste país fosen privadas ou que o 87 % das prazas dos hospitais deste país fosen privadas. Pensen tamén que, practicamente, case nove de cada dez centros de saúde fosen privados neste país, e que deles o 20 % estivesen ou pertencesen a fondos de investimento, o que se coñece como «fondos voitre».

Isto non é ciencia ficción nin algo distópico, existe noutros países do mundo. É algo que atopamos, por exemplo, no sistema sanitario dos Estados Unidos. Hai países, entre eles este —hai máis—, nos que servizos como a sanidade ou a educación están privatizados. Exclúese, polo tanto, deles a quen non os pode pagar, e as empresas que operan no sector só teñen un obxectivo, que é gañar máis e máis cartos, mesmo á custa da vida —e xa que falamos da saúde tamén— ou da morte da xente.

Quero pensar que aquí dentro ningunha das súas señorías de ningún dos grupos parlamentarios considera o sistema sanitario dos Estados Unidos como un exemplo a seguir, máis ben ao contrario. E agora, neste exercicio colectivo, algunhas preguntas:

Nós, desde o BNG, estamos absolutamente convencidas de que para a maioría da poboación galega sería inadmisíbel que a práctica totalidade da educación ou da sanidade deste país estivesen en mans privadas. Unha das preguntas é: se consideramos inadmisíbel que o 87 % das prazas de hospitais estean en mans privadas, ¿por que consideramos aceptable que o 87 % das prazas de residencias, que deben garantir o coidado das persoas maiores do noso país, si o sexa?

¿Pode a Administración pública estar ausente de servizos sociais que deben garantir dereitos fundamentais como o dereito a unha vellez digna? ¿Garántese o dereito a unha vellez digna cando, pola falta de prazas públicas de residencias, unha persoa do noso país ten que agardar máis de dous anos para acceder a este recurso ao que ten dereito, recoñecido, ademais, así por lei? ¿Garántese o dereito a unha vellez digna cando a unha persoa de Moaña —e este é un caso concreto, hai a feixes— acaba ingresada nunha residencia de Monforte, a 150 quilómetros da súa casa, porque esa é a única opción que lle dá a Administración para acceder a unha praza pública? Nós no BNG temos claro que non. E aí é onde queremos centrar o debate.

Sobre os coidados e a atención en residencias, nós tamén somos conscientes, e así o trasladamos desde o primeiro momento, de que o debate ten que ser máis amplo e máis profundo que o tipo de titularidade e xestión dos centros, si. Pero é o primeiro chanzo do debate cando en Galiza o número de prazas públicas apenas representa o 2 %, dúas de cada dez. Vivimos nun país no que o 25 % da poboación ten máis de 65 anos. E a tendencia non é a reducir, senón a aumentar ese envellecemento da poboación; non só porque aumente a esperanza



de vida, que tamén, senón porque a emigración e o descenso da taxa de fecundidade van facendo que no noso país as persoas maiores teñan —terán e teremos— un peso cada vez maior na pirámide da poboación.

Como envellecer e onde facelo, garantindo as máis altas cotas de benestar social, é un dos principais retos que ten por diante este país; é dicir, garantir iso que se coñece en demografía como «esperanza de vida en boa saúde». E aí radica a nosa proposta: en fortalecer o sistema público para garantir o dereito a unha vellez digna, non para seguir cebando o negocio privado, non para seguir incrementando as desigualdades, non para favorecer a calidade ou a beneficencia, senón para garantir os dereitos, e os dereitos sociais dunha das partes máis fundamental e importante da sociedade deste país e dun dos colectivos, como vimos nesta pandemia, máis vulnerables. *(Aplausos.)*

Isto non é maxia, non o é; tampouco a nosa iniciativa, dixémolo tamén desde o primeiro momento. Sabemos que un modelo como o que actualmente existe na atención ás persoas maiores no noso país non se muda dun día para outro, nin imos solucionar todos os problemas que arrastra este país desde hai anos así, nun «chis». *(A señora Rodil Fernández fai un sinal cos dedos.)* Pero é un primeiro paso para comezar a cambiar as cousas, pero para empezar a cambialas de verdade, non para facer cambios cosméticos ou simple maquillaxe, senón para ir a unha das raíces do problema. Porque a situación actual non é só dunha enorme privatización —que o é, insisto— en que o 87 % das prazas son privadas, senón tamén dunha enorme concentración en mans duns poucos grupos. Nomeadamente, no noso país, somos o principal nicho de negocio dun dos principais grupos empresariais no coidado e na atención das persoas maiores, que é DomusVi. Acapara —insisto— o 20 % das prazas privadas no noso país; é dicir, 4.737 prazas están xestionadas ou son titularidade directamente deste grupo, que todo o mundo coñece e que está, como todo o mundo sabe, xestionado nesa arquitectura financeira e fiscal por fondos abutre ou fondos voitre. Son 4.737 prazas repartidas en trinta centros residenciais.

Aquí hai un dato curioso: deses trinta centros residenciais o 40 % son de titularidade pública. Estes foron construídos co enorme esforzo da Administración pública e, ao final, con fondos e con recursos económicos públicos saídos dos petos de todas as galegas e de todos os galegos. O 40 % dos centros das residencias de maiores que xestiona DomusVi en Galiza son de titularidade pública. Privatización, concentración e, o máis importante para que o negocio sexa redondo, concertación.

A drenaxe de fondos públicos cara ás empresas privadas e entidades relixiosas, que son as que copan o sector das residencias en Galiza, é inxente. Nós levamos moito tempo intentando que se nos responda a unha pregunta por todas as vías na sesión de control ao presidente, pero tamén por todas as vías regulamentariamente establecidas. Seguimos intentando que se nos responda a unha pregunta que é clara, directa e concisa e que eu creo que é de interese xeral, non só do Bloque Nacionalista Galego: ¿canto diñeiro público lle custa a este país, ao erario público, á Administración pública manter este sistema de privatización dos dereitos sociais? Non temos resposta; do que non se fala, non existe.

Non temos resposta de canto diñeiro nos custa a factura enteira, pero o que si sabemos é canto de máis nos custa soste unha praza concertada en vez dunha praza cen por cento pú-



blica. Porque é mentira que iso de privatizar sexa máis barato, non é certo. Ao custo da prestación do servizo, no caso de empresas como DomusVi, hai que acabar engadíndolle tamén unha marxe de beneficio para que sigan cebando o negocio. O último informe do Imsero — que non é unha organización bolxevique nin socialcomunista, que agora todo é socialcomunista, pero o Imsero non o é— sobre as persoas maiores en España —datos estatísticos estatais e por comunidades autónomas— sitúa o sobrecusto no 8 %. É dicir, a Administración pública deste país, a Xunta de Galiza, paga case mil euros máis —936 euros para ser exactas— por unha praza concertada que por unha pública de media.

Esta proposta, señorías, busca un compromiso político, despois e moi especialmente do que levamos vivido neste país nos últimos catorce meses; un compromiso político de toda a Cámara de fortalecer o público, garantindo a xestión directa das sete residencias cuxa construción está prevista nas sete cidades ou nas sete principais cidades deste país.

O noso obxectivo é comezar a cambiar o modelo actual cun primeiro paso, pero comezar de maneira decidida e firme a cambiar o modelo actual; ou sexa, pasar dese modelo privatizador e de drenaxe de fondos públicos á privada a construír unha rede de servizos públicos forte, que poña no centro a vida, as persoas e o coidado, non o lucro nin a beneficencia.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Ortega Otero.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Señorías, atopámonos ante un desafío complexo, moi complexo, pero moi necesario, por diante: abordar o novo modelo de coidados das persoas maiores e con dependencia. Non podemos falar dun novo modelo residencial sen falar dun novo modelo de atención de coidados ás persoas maiores, e, dentro dese, dentro dese conxunto, ten que estar o modelo residencial inmerso. Debe primar ante todo a calidade do servizo. Dende o Grupo Socialista somos conscientes de que hai moitas residencias en Galicia que funcionaron ben antes e durante a covid e de que o farán tamén ben despois da covid, pero que hai outras que non. E, dentro da variabilidade da xestión, algunhas son públicas, outras de iniciativa social e outras privadas. A cuestión é que ao longo da última década a xestión do Goberno do Partido Popular fomentou un desequilibrio evidente no número de prazas de atención residencial públicas e privadas, tal e como xa advertiu o propio Consello de Contas no seu informe emitido no 2018, ou tamén se advertiu no informe emitido pola Asociación Estatal de Xerentes e directores de servizos sociais, no que Galicia é a última comunidade autónoma en canto ao número de prazas financiadas de xeito público.

Aquí temos a representación. *(A señora Ortega Otero amosa un documento.)* Non se ve moito, pero está a media estatal, na que se especifican as prazas de financiamento privado, e logo



está a media que temos en Galicia, (*A señora Ortega Otero amosa outro documento.*) onde se especifica máis do 60 % da porcentaxe de prazas exclusivamente financiadas de xeito privado. Isto ten que mudar canto antes para que exista un equilibrio.

Este feito, sumado ao que tamén xa comentamos durante a mañá, di que somos a segunda comunidade autónoma que menos técnicos de inspección temos de toda España. É unha ecuación perigosa; non podemos aumentar as prazas privadas e diminuír o número de inspeccións, porque, entón, entramos en perigo non só para os residentes, senón tamén para as condicións laborais das persoas que traballan nas residencias. (*Aplausos.*)

A lóxica indicaría o contrario. A comunidade autónoma que menos xestión pública pode ofrecer debera compensar esta carencia cun número superior de técnicos de inspección para poder supervisar os coidados que ofrecemos ás persoas maiores en Galicia, pero o Goberno galego decidiu o contrario: a medida que aumentaba o número de prazas residenciais privadas, o número de inspeccións baixaban, e, ademais, significativamente. E tamén o dixo o Consello de Contas, que estableceu datos moi significativos e que neste cadro (*A señora Ortega Otero amosa outro documento.*) especifican como, por exemplo, no ano 2010, a porcentaxe total de centros previstos era do cen por cento e no ano 2016 a porcentaxe de centros previstos era do 39 %. Imos nese camiño. Non mudou a cuestión. Temos que cambiar isto canto antes, polo ben das persoas maiores residentes nos centros de atención residencial.

É evidente que para que funcione o modelo residencial ten que ir amparado de recursos de acordo co nivel de exixencia que marca a propia normativa e dun número de inspeccións superior que vele polo cumprimento da dita normativa. E ¡ollo!, moi importante, temos que resolver os tempos de agarda para unha residencia, aquilo que tecnicamente chamamos o «programa de asignación de recursos». É importante aquí tamén o informe do Consello de Contas, para que teñamos datos obxectivos realmente e que sexan referentes, como, por exemplo, que no ano 2010 ou 2011 tiñamos un promedio de tempo de espera para as persoas que están agardando unha praza residencial de 45 días ou de 126 días. No ano 2016 xa tiñamos 491 días, e agora atopámonos con que temos tempos de agarda de 550 días para agardar unha praza residencial. E non só iso, senón que, como xa comentaba tamén a señora Rodil, temos unha media de distancia respecto do lugar de orixe das persoas que solicitan unha praza residencial de incluso máis de 150 quilómetros de distancia. Isto é o que eu chamo, unha vez máis, a deslocalización emocional, e repercute non só no detrimento do benestar das persoas maiores que acceden a unha praza residencial, senón tamén no das súas familias, que non poden visitar esa persoa coa asiduidade que merece e que desexarían. Isto temos que cambialo. (*Aplausos.*)

Xa dixen noutras intervencións que, como sociedade, é preciso cambiar o concepto que temos das persoas maiores tamén nas institucións. Debemos deixar atrás a infantilización que se fai delas, en ocasións incluso dende a propia institución, como a competente en Galicia. As persoas maiores, xa teñan 65 anos ou 75 —dá igual a idade—, teñen moito que aportar; e sobre todo neste tipo de cuestións teñen moito que opinar, en primeiro lugar, cando falamos do seu futuro inmediato. Hai semanas a conselleira anunciou un borrador do novo modelo residencial, onde, segundo os medios de comunicación, exploraban modelos piloto como, por exemplo, compartir piso entre mozos e mozas e persoas maiores. (*A señora Ortega Otero*



amosa un documento.) Eu preguntome: ¿este tipo de medidas son de consenso realmente? ¿Consultárono coas persoas maiores, que son as protagonistas e as primeiras implicadas? ¿Consultárono cos familiares? Que, por certo, temos unha noticia estes días de que se vai crear unha asociación estatal de familiares liderada, entre outras, pola asociación galega Rede, que, por certo, non foi convidada a participar no comité asesor. Algo terán que dicir as familias, señorías, nesta cuestión, no novo modelo de atención residencial; algo terán que dicir as familias dos residentes.

Pero tampouco entendemos que non o consultaran con entidades do terceiro sector tan importantes como as especialistas na materia; como, por exemplo, a Sociedade Galega de Xeriatría e Xerontoloxía. Non entendemos como tampouco se invita esta asociación a participar no comité asesor para o novo modelo residencial. ¿Como é posible? Non o entendemos. ¿Este é o consenso que venden? ¿Poderíannos facilitar ese borrador —se é que existe— aos grupos parlamentarios desta Cámara por respecto á cidadanía que representamos? Temos que ser conscientes de que falar dun novo modelo residencial descontextualizado do resto de servizos de coidados que existen para as persoas maiores ou con dependencia non funciona, polo que hai que partir de aquí para poder optimizar os coidados do xeito máis xusto e inmediato.

¿As sete residencias que se van construír en Galicia responden a ese novo modelo de atención residencial, tal e como anunciaron? Gustaríanos que o Goberno galego facilitara información ao respecto, xa que parece que o número de prazas por cada unha será bastante amplo. Iso daría lugar a unha pista sobre como irá o novo modelo de residencias que se está fraguando no comité asesor con «alto segredo de Estado» por parte da Consellería de Política Social. A propia conselleira asegurou que o novo modelo de residencias sería máis participativo e consensuado. ¿Onde está o consenso —repito—? Na provincia de Ourense, por exemplo —de onde veño eu—, a idade media da cidadanía é de máis de 50 anos debido, entre outras cuestións, a unha fuga de talento motivada pola falla de oportunidades para unha xeración, para unha xuventude moi preparada. Adaptar a oferta á demanda laboral é unha tarefa pendente que ten que levar a cabo canto antes este goberno, para asentar poboación e poñer maiores recursos para ese retorno que o sector coidados precisa e demanda. Para iso é preciso formar e mellorar as condicións laborais das traballadoras e traballadores do sector, que levan moitos anos pedindo que os escoiten, (*Aplausos.*) e que merecen non só aplausos demagóxicos. senón que a Consellería se reúna con eles para falar e atender as súas demandas —que, por certo, é o deber que ten a conselleira—.

O novo modelo ten que ser de coidados, non só residencial. As residencias teñen que ser un dos recursos, iso si, con todas as garantías, e con base nun modelo máis familiar, parecido a un fogar: grupos pequenos, estrutura similar á vivenda, etc. De todo iso temos que falar canto antes, con unidade e consenso, pero sobre todo escoitando os maiores e os profesionais do sector para saber como poder humanizar o contexto ao máximo, cumprindo as ratios de persoal de xeito cuantitativo e cualitativo, e que o Consello de Contas non nos teña que volver sacar as cores para advertir das graves irregularidades que se produciron nos últimos anos. É o momento de apostar por políticas como o Plan de choque en dependencia que ofrece o Goberno estatal para paliar os anos de recortes en dependencia a partir dese real decreto de 2012, que foi a arma letal contra a dependencia neste país por parte de Mariano Rajoy, do Partido Popular. (*Aplausos.*)



É fundamental impulsar a figura do asistente persoal, a teleasistencia, os centros de día, os centros sociocomunitarios, redefinir o servizo de axuda no fogar e de coidados na contorna familiar. E, dentro dese conxunto de posibilidades de servizos, as residencias precisan máis humanidade, máis persoal e melloras nas condicións das traballadoras, que foron as que tiveron que dar esas caricias, ese cariño, ese apoio ás persoas maiores, que estiveron confinadas tres veces máis que o resto da cidadanía. ¡Máis inspeccións e máis prazas públicas que sirvan de equilibrio para o noso sistema de atención residencial! ¡Fagámolo posible!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Ortega.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Eu, antes de nada, quero agradecer as mostras de cariño por esta reedición anual da festa do choco que facemos no Parlamento e que valeu incluso para que, por uns instantes —supoño que breves—, o señor Arangüena me retirase o carné de radical para darme o de impulsor da concordia, o cal demostra que non hai milagre que non consiga o choco de Redondela, e eu agradézollo.

Diciános a señora Rodil que tiñamos que contextualizar, e eu quero contextualizar esta iniciativa.

Señorías, durante a presidencia de Alberto Núñez Feijóo a Consellería de Política Social incrementou o seu orzamento un 90 % —repito, un 90 %—, un incremento exponencial que achegou recursos públicos ás galegas e aos galegos máis vulnerables —ás persoas con dependencia, a nenas e nenos e, por suposto, aos nosos maiores—. Durante estes doce anos multiplicamos por sete os fondos dedicados a atender maiores nas súas casas —porque así nolo din os maiores, que prefiren vivir nas súas propias casas—. Durante estes doce anos multiplicamos por oito a contía dos bonos e libranzas para centros de día e residencias, porque hai maiores que precisan deses recursos. Impulsamos as casas do maior —150 prazas, que serán 400 cando remate este ano 2021—. E ademais creamos 2.448 novas prazas de residencias públicas, ás que agora se van sumar esas 900 prazas en sete residencias nas cidades galegas.

E todos estes avances, señorías, foron posibles grazas a unha xestión responsable dos recursos públicos, avaliando en cada momento cal é a mellor fórmula para implementar o mellor servizo posible e atendendo ás circunstancias de cada momento. E así se fará con estas sete novas residencias, porque non se pode anticipar cal vai ser o modelo de xestión, xa que descoñecemos cal vai ser o orzamento do que imos dispoñer no ano 2022 e nos seguintes e, polo tanto, descoñecemos cales van ser os recursos públicos dispoñibles. Tamén descoñecemos que posibilidades legais vai haber de contratación de persoal público e se desaparecerá



ou non a taxa de reposición. Descoñecemos tamén se o financiamento da Unión Europea permitirá investimento en residencias e, en caso de que o permita, para que fins e en que condicións. Descoñecemos tamén cal vai ser a aportación do Estado para a dependencia en Galicia —aínda que xa sabemos que non vai chegar a ese 50 % que comprometeron vostedes no pacto de goberno que encumbrou a Pedro Sánchez na presidencia—. Pero sobre todo non o imos facer porque non queremos xogar a facer demagogia cos nosos maiores. Nós non queremos xogar, señorías, ao mesmo xogo que practican BNG e PSOE, que é defender un modelo de xestión directa cando están na oposición e impulsar un modelo totalmente distinto alá onde teñen responsabilidades de goberno. Porque, señorías, o certo é que en cada ocasión que tiveron non dubidaron en ceder a xestión de servizos públicos a empresas e fundacións. Fixérono no pasado e ségueno facendo hoxe.

Miren, no pasado, no Goberno bipartito, de nove residencias, catro foron residencias de xestión pública directa —Volta do Castro, Ortigueira, Taboadela e Cerdedo—; cinco residencias externalizadas: Laraxe, Castro de Ribeiras de Lea e Bande —estas tres eran do que actualmente é DomusVi—, e as outras dúas —en Quiroga e Viana do Bolo— da Fundación Valdegodos. En total, son 240 prazas de xestión directa e 607 prazas de xestión privatizada. Isto foi o que fixeron vostedes cando tiveron oportunidade de gobernar.

Pero ¿que fan na actualidade, señorías? Falemos, por exemplo, do SAF, do SAF nos concellos. Esta é a porcentaxe de concellos que privatizaron o seu servizo: o BNG, o 46,6 % dos seus concellos; o PSdeG, o 45,5 % dos seus concellos; o Partido Popular, o 29,8 %. Son datos curiosos. (*Murmurios.*)

Pero falemos das residencias da Deputación de Lugo —cinco residencias—. Decía a señora Rodil que apostamos nós polo sistema americano. Nós, non; vostedes, si. ¿Sabe cantas están externalizadas? As cinco, o cen por cento. O sistema USA en Galicia deféndeno vostedes, señoría. É que hai que ser un pouco serios co que se di. Miren, dúas residencias, en Pol e Trabada, son de Mensajeros por la Paz, e outras tres, na Fonsagrada, en Castroverde e en Ribadeo, están en mans de empresas. No caso de Ribadeo, por certo, está en mans de Clece, filial de ACS —¡Florentino Pérez!, ¡coidado que a cousa é grave!—.

Pero chega a tal punto o despropósito que hoxe se atreven a vir aquí pedir a xestión pública das sete novas residencias que se van construír en Galicia tres días despois de que coñezamos que a Deputación licita os servizos do xeriátrico de Meira. ¡Tres días lles durou a vostedes a coherencia! ¡É que fai falta ter un nivel de descaro que...! (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) Son do concello do lado... ¡Bueno!... (*A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*)... (*Murmurios.*) Verá, señora Rodil, este supoño que é o novo modelo, o novo modelo que quere implementar a Deputación de Lugo, e entendemos que o PSdeG e o BNG, que son os que nela gobernan.

Eu fágome unha pregunta, señorías. Vostedes esta semana reuníronse cos familiares de usuarios de residencias e coas traballadoras de residencias. E vostedes, cando se reúnen con eles, ¿explícanlles o que o BNG entende por un modelo de xestión pública? Porque, mire, despois do último pleno, o alcalde de Ribadeo dirixiu unha carta ao presidente da Xunta explicándolle que a residencia de Ribadeo é unha residencia de xestión pública. (*Murmurios.*) E



di a carta: «O Centro de Atención de Persoas Maioras de Ribadeo é un centro de titularidade municipal e de iniciativa e xestión pública directa —xestionado a través dun convenio de colaboración entre as dúas administracións que estiveron presentes desde o inicio na loita veciñal por este centro, o Concello e a Deputación—, empregando o seu propio persoal, funcionario e laboral. O único que se pode atopar é, como en calquera outra administración, algún contrato de servizos». (*Murmurios.*)

Señorías, vanse sorprenden. O número de traballadores públicos desa residencia é de cinco, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e compartidos con outras residencias. É dicir, en dedicación exclusiva hai dúas prazas, ¡dúas prazas! (*Murmurios.*) Vinte e tres traballadores son contratados pola concesionaria, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —o persoal de cociña, o persoal de limpeza e lavandería e os quince xerocultores—... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señora Ortega, os que dan caricias, os que dan cariño, eses resulta que traballan para a privada, e contrátanos vostedes. (*Aplausos.*) (*A señora Ortega Otero nega coa cabeza.*) ¿Pero como que non? Pregunte aos seus compañeiros na deputación, señoría.

Eu creo que hai que explicar estas cousas, porque vostedes din: Temos algún contrato de servizo, pero vixiámolos. Mire, é tan pública a xestión desta residencia que acaban de vender que cederon o contrato a unha nova empresa, CK-Senior-Gestión. ¿E como a venderon? Dígollo eu: dentro dun paquete de residencias que inclúe outras residencias, algunha gardería e incluso piscinas municipais de inverno e de verán. (*Murmurios.*) Pero isto non é mercantilizar o servizo, isto é dar un servizo público de calidade. A verdade é que teñen vostedes un descaro certamente sorprendente.

A min, e creo que aos galegos, gustaríanos que hoxe nos explicaran vostedes unha cousa, e a ver se a entendemos. A min gustaríame que vostedes explicaran por que unha residencia na que o 90 % do persoal sociosanitario depende dunha empresa vostedes a consideran pública e o hospital Álvaro Cunqueiro, no que o cen por cento do persoal sanitario depende do Sergas, resulta que é un hospital privado. ¡Oian!, isto é unha cousa que hai que explicar. ¿Cando o van facer? Porque, certamente, sorprenden algunhas afirmacións.

Miren, eu o que lles digo... (*Murmurios.*) Señoría, creo que estou facendo preguntas bastantes lóxicas, ¿verdade?, bastante lóxicas. Salvo que o que pretendan xustificar vostedes é que a xestión indirecta, cando a fai o PP, é privatización e cando a fai o BNG e o PSOE é «externalización de servizos», que queda moi fino. (*Murmurios.*) Pero vólvolles repetir: as dos abrazos, as das caricias, as traballadoras coas que vostedes se reuniron esta semana, que están representadas nunha asociación e que vostedes garanten que ten que ser persoal público, vostedes subcontrátanas a unha empresa, e non a unha calquera, a ACS construtora —non sei se o sabían—, concretamente á súa división de servizos sociais.

Eu, sinceramente, creo que é o momento de que nos replantexemos facer as cousas cun pouco de coherencia. Por certo, nós asegurámoslles que tamén temos toda a intención do mundo de fiscalizar aquilo que se fai. Vostedes tiveron ocasión de comprobalo hai ben pouco a través dalgúns expedientes; expedientes nos que había sancións importantes para algunha das empresas que vostede nomeou hoxe. Dígoo porque, ao mellor, é un bo momento para desculparse das cousas que se dixeron aquí sobre o funcionamento doutros traballadores



públicos, os dos servizos de inspección. As cousas que se dixeron nesta Cámara eu creo que ben merecerían unha desculpa. *(Aplausos.)*

En todo caso...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...—remato xa—, eu quero tranquilizalos e asegurar que a Xunta valorará cal é o modelo máis eficiente para xestionar esas novas sete residencias públicas, e estou totalmente confiado en que vai coincidir co de vostedes e coa súa opinión; o que non sei é se vai coincidir coa súa opinión no Goberno ou coa súa opinión na oposición.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Iso está por ver. Espero que pronto saiamos de dúbidas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PAZOS COUÑAGO: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Do que vimos nos expedientes e das sancións que vimos nos expedientes falamos outro día. Avánzolle algo: sae barato, sae moi barato, incumprir, por que che sae máis barato pagar a sanción que contratar unha traballadora a tempo completo. *(Aplausos.)* Iso foi o que vimos.

Como cuestión previa, direille que mente como un bellaco... *(Murmurios.)* ¡Pero tremendo! Fíxoo pola mañá dicindo o dos 17 inspectores de residencias, que é mentira, é falso, e son os datos da propia Xunta remitidos ao Grupo Parlamentario do BNG. Son 17 inspectores para todos os servizos de política social; 17 para toda a política social, e só 7 para residencias. Dixo esa mentira pola mañá e agora volve.

A min gústame que poña o exemplo desas tres residencias, que dicía que foran privatizadas polo Bipartito, no que despois acabou sendo DomusVi. Efectivamente, ¿que acabou sendo DomusVi? Unha empresa con participación pública no 45 % e participada tamén polas caixas. *(Aplausos.)* Estaban xestionadas, entre elas o que hoxe é a DomusVi de Larouco, por esa empresa que se chama Geriatros. Poden vostedes buscar —a min non me dá tempo—, pero fagan así un repaso rápido do tremendo pelotazo que conseguiu esa empresa —hoxe DomusVi— e, sobre todo, dos fondos voitre e do capital de investimento, entre eles Magnum Capital, e outros que viñeron despois, que teñen esa fiscalidade nese paraíso fiscal que é a Illa de Jersey. ¡Así, con todo! ¡É así con todo!



Eu boteille en falta un argumento, que era vir facer unha comparativa. Eu non fixen referencia aos datos da covid-19 e á afectación nos centros e nas residencias privadas durante a pandemia, pero vostedes sempre saen con, por exemplo, os casos que se deron en Estremadura, que afectaron enormemente a súa rede de residencias públicas.

Hoxe pola mañá falabamos dos datos desagregados por centros. Volveron vetar o acceso a esa información pública. Unha das razóns, entre todas as que explicamos desde o BNG pola mañá, para acceder —ademais da garantía dese dereito— a eses datos desagregados por centros, é para confirmar —isto xa é case unha cuestión persoal— se son verdade os datos que, publicados en prensa, evidenciarían que só faleceron 5 persoas na rede de residencias públicas de xestión directa da Xunta de Galiza, fronte a 785 persoas que faleceron nas residencias privadas. En porcentaxe, falamos de que o 99,4 % dos falecementos se produciron en residencias privadas ou privatizadas. ¿Non lles suscita nin a máis mínima dúbida esa distorsión? Porque non é sorte, ¡non é sorte, ¿verdade?! ¿Terá algo a ver o modelo de xestión e a titularidade deses centros na afectación enorme da pandemia nos centros residenciais privados ou privatizados no noso país? Porque ¿non lles resulta nin sequera curioso que os centros que concentraron os principais gromos, ademais de privados e privatizados, eran os centros que acumulaban denuncias desde hai anos e que aparecen recollidos nese informe do Consello de Contas do ano 2018? ¿E que esas denuncias viñan sempre centradas —e iso tamén o puidemos comprobar nos expedientes— en incumprimentos e irregularidades fundamentalmente do persoal e da alimentación? Porque ¿como se ganan cartos co coidado das persoas? ¿Onde está a marxe de beneficio cando atendes e xestionas unha residencia de maiores? Recortando naquilo que pode reducir os gastos para incrementar a marxe de beneficios. Fundamentalmente son os recursos humanos, o persoal, a alimentación e os gastos xerais, como pode ser o mantemento da propia infraestrutura ou os recibos da luz e da enerxía. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Nós non estamos cuestionando as traballadoras e os traballadores das residencias privadas. Iso é unha mentira e o parapeto que vostedes usan sempre, dá igual de que esteamos falando. Aquí cuestionar a política sanitaria do PP é atacar os profesionais da sanidade; atacar o modelo privatizador de residencias de maiores é atacar os traballadores e as traballadoras do ámbito residencial privado ou público deste país. Pero non é certo. E, ademais, danse moitos golpes de peito cos dereitos das traballadoras e dos traballadores. ¿Pero saben quen non cumpre e, ademais, vulnera os dereitos deses traballadores? Vostedes e a Xunta de Galiza, que a sosteñen como grupo maioritario nesta Cámara. Vostede teñen suspendido o artigo 19 do V Convenio, que, dito así, queda un pouco raro, pero é o que regula o dereito ao descanso do persoal da Consellería de Política Social. O dereito ao descanso leva suspendido para as traballadoras das residencias públicas desde o ano 2012, e prorrogado a través dunha lei de acompañamento. Ou, por exemplo, levamos anos vendo como a patronal das residencias privadas ás que vostedes lles dirixen cantidades inxentes de diñeiro público para soste ese servizo concertado leva negándose durante anos a renovar, por exemplo, o convenio das traballadoras das residencias privadas. E a Xunta de Galiza afeitándose para arriba e asubindo, coma que non vai con ela. Dixémolo pola mañá. A garantía dos dereitos laborais, de cadros de persoal suficientes e dimensionados está ligada estreitamente coa calidade que se presta no servizo e coa atención que reciben as persoas maiores que están ingresadas en centros residenciais.



Dicíao ao comezo, imos falar de ideoloxía, porque o Partido Popular tamén a ten. Defender a hexemónica tamén é ter ideoloxía. Esta vai ser unha votación que vaia tamén e, precisamente, diso, de cal é o modelo que queremos implantar a partir de agora e despois dos últimos catorce meses vividos neste país...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...en Galiza.

Simplemente quero dicir unha cuestión a respecto do que dicía ao principio da súa intervención e na parte máis gorda da súa intervención. Efectivamente, a culpa da privatización das residencias de maiores neste país, como todo o mundo sabe, é do Bloque Nacionalista Galego, que leva gobernando este país 32 dos 40 anos de autonomía.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Xa o dicía Def Con Dos, *La culpa de todo la tiene no Yoko Ono, sino el BNG.* (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.



Suspéndese a sesión ás sete e once minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez López, Daniel	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Noelia	(P)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Porro Martínez, María Corina	(P)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado del Río, Paula	(P)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Puy Fraga, Pedro	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Rey Varela, José Manuel	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. García Martínez, Fabiola	(P)	64. Santos Costa, Manuel	(P)
27. García Vidal, Ana Belén	(P)	65. Sanz Arias, Cristina	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Seco García, Martín	(S)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
30. González Vázquez, José	(P)	68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Torrado Quintela, Julio	(S)
33. Martínez García, Valeriano	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Ortega Otero, Marina	(S)	75. Vereza Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

